PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Número 207
5 de xuño de 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

### 1.3.6. Proposicións non de lei

### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

**Aprobación sen modificacións**

COMISIÓN 4ª, EDUCACCIÓN E CULTURA

**13607 (12/PNC-001309)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis**
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que estableza, xunto coas comunidades autónomas e as universidades, un sistema coordinado de matrícula nas facultades de medicina 87831

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

**25140 (12/PNC-002314)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis**
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co recoñecemento oficial dos títulos de tradución e interpretación xurada expedidos polas comunidades autó nomas con lingua propia 87831

**Rexeitamento da iniciativa**

**22198 (12/PNC-002081)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis**
Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de incluír nas etapas obrigatorias do ensino a materia de Educación Sexual Integral 87832

**24720 (12/PNC-002278)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e Castro García, Daniel**
Sobre a demanda ao Goberno galego dunha solución para eximir os concellos de Cee, A Rúa e Viveiro dos custos económicos derivados da organización das probas da ABAU que se realizarán nas súas sedes en 2025 87832

**Aprobación sen modificacións**

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, AIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

**22558 (12/PNC-002122)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Fernández Rosende, Jesús María e catorce deputados/as máis**
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que promova un cambio, en consenso co sector, da normativa estatal respecto do uso de medicamentos veterinarios 87832

### Aprobación por unanimidade sen modificacións

**21709 (12/PNC-002021)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de deseñar unha estratexia para a recuperación das razas gandeiras autóctonas ameazadas 87833

### Rexeitamento das iniciativas

**19157 (12/PNC-001756)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Valcárcel Armesto, Montserrat e dous deputados/as máis**
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á realidade específica dos montes en man común galegos e o seu tipo de titularidade 87834

**20078 (12/PNC-001869)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no referido á regulación do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia 87834

**24235 (12/PNC-002226)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**
Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma 87834

**25159 (12/PNC-002317)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis**
Sobre os criterios que o Goberno galego debe modificar na orde de axudas de 2025 da PAC respecto da gandaría de montaña de zonas con limitacións naturais 87835

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

### Informe 2024 da Cooperación galega

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 4 de xuño de 2024, tomou coñecemento do escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto no artigo 88.2 d) da Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o Informe 2024 da Cooperación galega (doc. núm. 26519) 87850

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 1.4.4. Preguntas
## 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

### Admisión a trámite e publicación

**26211 (12/PRE-007059)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna**
Sobre o peche de explotacións e a caída da produción de leite en Galicia nos últimos anos e a eficacia das políticas da Xunta de Galicia dirixidas a este sector 87908

**26218 (12/PRE-007060)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel**
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o proxecto de implantación do grao de enfermaría na Universidade Intercontinental da Empresa 87913

**26253 (12/PRE-007061)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos**
Sobre a progresiva perda de vitalidade do núcleo histórico de Corme e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual inclusión no Programa de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) 87917

**26262 (12/PRE-007062)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen**
Sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia para a rehabilitación e posta en valor do balneario de Berán, en Leiro, e o grao de cumprimento dos seus obxectivos 87920

**26267 (12/PRE-007063)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes**
Sobre as accións que está a planificar a Xunta de Galicia para reforzar a oferta de produtos culturais dirixidos á infancia e á xuventude co obxectivo de afondar no proceso de normalización lingüística 87924

**26285 (12/PRE-007064)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino**
Sobre os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercusións para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións 87928

**26295 (12/PRE-007065)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o procedemento aberto contra a dirección da CRTVG en 2023 por acoso laboral, a idoneidade da opción seguida para determinar o estado psíquico da presunta vítima e os recursos do Imelga para a realización deste tipo de valoracións 87934

**26303 (12/PRE-007066)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma**
Sobre o prazo medio que tarda a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en lles remitir aos concellos da provincia de Pontevedra os informes preceptivos para tramitar as solicitudes de autorizacións urbanísticas 87939

**26311 (12/PRE-007067)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Fernández, Secundino e 2 máis**
Sobre a situación provocada pola sentenza que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios, a función de control e inspección que a Xunta de Galicia levou a cabo e as medidas que prevé pór en marcha para atopar unha solución 87942

**26332 (12/PRE-007068)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat**
Sobre a dotación dos servizos de transporte terrestre urxente extrahospitalario da comarca do Salnés, as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para mellorar os seus recursos e as valoracións que fai ao respecto 87948

**26337 (12/PRE-007069)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre as condicións da cesión das instalacións do Complexo Polideportivo de Monterrei para levar a cabo o espectáculo musical Ouren Sound Fest durante os días 23 e 24 de maio de 2025 87951

**26340 (12/PRE-007070)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel**
Sobre a situación en que está o desenvolvemento do programa Rexurbe en Mondoñedo e o calendario que manexa o Instituto Galego de Vivenda e Solo ao respecto 87956

**26352 (12/PRE-007071)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel**
Sobre as necesidades do Centro de Saúde de Viveiro canto á súa dotación médica e de enfermaría e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto 87959

**26355 (12/PRE-007072)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o estado de conservación da estrada AC-161 no concello de Bergondo e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir estas eivas e mellorar a súa seguranza viaria 87964

**26358 (12/PRE-007073)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes**
Sobre o grao de cumprimento por parte da Xunta de Galicia dos acordos unánimes adoptados na Cámara en defensa da normalización da lingua galega e do seu recoñecemento como lingua oficial do Parlamento Europeo 87969

**26364 (12/PRE-007074)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa reforma e mellora das infraestruturas do Centro de Saúde de Padrón 87973

**26370 (12/PRE-007075)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara**
Sobre a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos e a inclusión de criterios de reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable dos aeroxeradores substituídos 87977

**26399 (12/PRE-007076)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Davila, María Cristina**
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación coas reclamacións de incorporación aos centros de ensino, de forma estrutural e nos departamentos de orientación, de psicólogas ou psicólogos educativos 87982

**26407 (12/PRE-007077)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos**
Sobre as razóns da suspensión da construción dun tramo da senda ciclista proxectada entre O Milladoiro e Santiago de Compostela e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia para a restauración dos danos producidos en espazos naturais 87988

**26413 (12/PRE-007078)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Castro García, Daniel**
Sobre a continuidade da oferta do mestrado en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela e a postura da Xunta de Galicia ao respecto 87991

**26420 (12/PRE-007079)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís**
Sobre a postura do Goberno galego en relación co proxecto eólico da empresa Driza Green Partners que afecta 19 concellos galegos repartidos entre as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo 87995

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**26428 (12/PRE-007080)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana**
Sobre a xestión orzamentaria da Consellería do Mar, a desviación de partidas correspondentes aos seus orzamentos e os programas que recibirán as contías non executadas por esta consellaría en 2024 87999

**26435 (12/PRE-007081)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana**
Sobre a equiparación dos coeficientes redutores das frotas palangreira e arrastreira que traballan en augas internacionais cos dos buques conxeladores e as accións que desenvolveu ou prevé desenvolver o Goberno galego ao respecto 88004

**26444 (12/PRE-007082)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Taibo Corsanego, Iria**
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co obxectivo de conseguir a oficialidade do galego na Unión Europea e as accións que prevé levar a cabo con ese propósito 88009

**26453 (12/PRE-007083)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis**
Sobre a postura e as previsións que ten a dirección da CRTVG respecto da recuperación da xornada laboral de 35 horas semanais 88013

**26459 (12/PRE-007084)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Méndez López, Lara e 2 máis**
Sobre a postura do Goberno galego respecto da recuperación da Área Sanitaria da Mariña dentro do mapa sanitario de Galicia 88018

**26472 (12/PRE-007085)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 4 máis**
Sobre a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto 88021

**26479 (12/PRE-007086)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Iglesias Rey, Patricia e 3 máis**
Sobre a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto 88024

**26489 (12/PRE-007087)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**
Sobre as razóns para non manter o máster en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e o establecemento dun equilibrio nos criterios normativos que atinxen ás universidades privadas e públicas de Galicia 88026

**26494 (12/PRE-007088)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana**
Sobre a situación actual da planta de reciclaxe de Servia, no concello de Lousame, e a valoración que fai o Goberno galego da posibilidade de recuperala e modernizala 88030

### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

### Admisión a trámite e publicación

**26500 (12/PDC-000034)**
Sobre a suposta utilización por parte da Asociación de Letrados da Xunta de Galicia de instalacións públicas para fins privados sen a existencia dunha autorización previa 88036

**26648 (12/PDC-000035)**
Sobre medidas que vai tomar a Dirección Xeral de Xustiza para evitar a inxerencia na Administración de Xustiza 88044

### 1.4.5. Respostas a preguntas

### Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

**26423 - 18043 (12/PRE-005664)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre a evolución das denuncias de violencia sobre a muller no partido xudicial de Ourense e os recursos humanos cos que conta o Xulgado de Instrución núm. 3 para abordalas 88058

**26291 - 18794 (12/PRE-005698)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria**
Sobre os últimos datos relativos á incidencia da adicción ao xogo entre a mocidade, a eficacia das estratexias da Xunta de Galicia nesta materia e as medidas que prevé poñer en marcha ao respecto 88060

**26422 - 23872 (12/PRE-006816)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna**
Sobre a política de prevención da Xunta de Galicia canto á enfermidade de Aujeszky, que ten incidencia na poboación de xabaril, no gando porcino ou nos cánidos 88062

**26290 - 24006 (12/PRE-006832)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as previsións relativas á posta en servizo da residencia de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega en Ferrol, así como á mellora das instalacións das residencias de Laraxe e de Caranza 88066

**26289 - 24094 (12/PRE-006834)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre a situación financeira dos concellos e a execución por parte do Goberno galego das partidas orzamentarias destinadas ao financiamento das entidades locais no exercicio correspondente a 2023 88069

**26288 - 24423 (12/PRE-006865)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**
Sobre as condicións laborais do cadro de profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da súa mellora 88071

**26385 - 24471 (12/PRE-006871)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre os medios dos futuros centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia, así como a súa natureza, regulación e os seus protocolos 88073

**26384 - 25199 (12/PRE-006930)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
Sobre os datos da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2024 e as estratexias ou os plans que prevé desenvolver o Goberno galego nesta materia 88076

**26383 - 25618 (12/PRE-006976)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa Olalla**
Sobre a execución orzamentaria do ano 2024 e as melloras que prevé impulsar o Goberno galego na execución do actual exercicio e na planificación do ano 2026 88080

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.5. Composición das comisións

Comisión non permanente especial de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres
**Constitución da Comisión**
**-** (12/COCE-000003)
Elección de membros da Mesa
**-** (12/CEEM-000031) 87842



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comisión non permanente de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade
**Constitución da Comisión**
**-** (12/COCE-000004)
**-** (12/CEEM-000032) 87843

## 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
### 2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 10 de xuño de 2025, ás 10.00 horas) 87844

## 4. Informacións e correccións de erros
### 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 27 de maio de 2025, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 203 f2 do 28 de maio de 2025 87848

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 205, do 2 de xuño, da pregunta de iniciativa popular que se cita. 87849

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 1. Procedementos parlamentarios
## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión
### 1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACCIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 30 de maio de 2025, adoptou os seguintes acordos:

**Aprobación sen modificacións**

- 13607 (12/PNC-001309)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Comesaña, Julio e oito deputados/as máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que estableza, xunto coas comunidades autónomas e as universidades, un sistema coordinado de matrícula nas facultades de medicina
BOPG nº 109, do 30.10.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 5 votos en contra e 0 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que cree, xunto ás comunidades autónomas e ás universidades españolas, un sistema coordinado de matrícula entre as facultades de Medicina co obxectivo de dar as máximas garantías aos futuros estudantes e simplificar o proceso a nivel nacional.»

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 25140 (12/PNC-002314)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co recoñecemento oficial dos títulos de tradución e interpretación xurada expedidos polas comunidades autónomas con lingua propia
BOPG nº 197f1, do 14.05.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 15 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que, de acordo coas comunidades autónomas con lingua propia, adopte as modificacións normativas necesarias para o recoñecemento oficial dos títulos de tradución e interpretación xurada que autorizan aquelas.»

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Rexeitamento da iniciativa**

- 22198 (12/PNC-002081)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxecto de incluír nas etapas obrigatorias do ensino a materia de Educación Sexual Integral
BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 24720 (12/PNC-002278)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Castro García, Daniel
Sobre a demanda ao Goberno galego dunha solución para eximir os concellos de Cee, A Rúa e Viveiro dos custos económicos derivados da organización das probas da ABAU que se realizarán nas súas sedes en 2025
BOPG nº 195f1, do 07.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 6 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2025
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, AIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 30 de maio de 2025, adoptou os seguintes acordos:

**Aprobación sen modificacións**

- 22558 (12/PNC-002122)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Rosende, Jesús María e catorce deputados/as máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe demandar ao Goberno central co fin de que promova un cambio, en consenso co sector, da normativa estatal respecto do uso de medicamentos veterinarios
BOPG nº 182f1, do 02.04.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 14 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as seguintes medidas:

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1º. Establecer unha mesa de diálogo cos colexios profesionais veterinarios, coas asociacións protectoras animais e coas administracións públicas autonómicas, co obxectivo de garantir que se respecte o criterio profesional veterinario e reduza a burocracia, mediante a revisión e simplificación da lexislación vixente.

2º. Namentres non se chegue a un acordo co previsto no punto anterior, se adopte unha moratoria na aplicación do Real decreto 666/23, do 18 de xullo, de tal xeito que se poidan adaptar e axilizar os procedementos, tanto no relativo a animais de produción como animais de compañía, exóticos e aqueles que non entran na cadea de consumo.

3º. Homoxeneizar, a través das plataformas dispoñibles, o sistema nacional de declaración de antibióticos que chegan ao poder dos titores de mascotas e gandeiros de animais de produción.

4º. Promover a derrogación inmediata do réxime sancionador relacionado coas notificacións de prescrición de antimicrobianos, previsto na Lei estatal de Sanidade Animal, substituíndo por un novo que respecte e garanta a proporcionalidade das sancións.

5º. Apoiar legalmente os veterinarios, a través da modificación do Real decreto lexislativo 1/2015, reforzando a figura da cesión de medicamentos (na terminoloxía do Real decreto 666/2023) con destino aos animais baixo o seu coidado, de todos e cada un dos medicamentos necesarios para a atención urxente dos mesmos, sistema que demostrou a súa eficacia.

6.º Simplificar os trámites de importación de medicamentos veterinarios, garantindo que as restricións normativas non dificulten o acceso a tratamentos esenciais para os animais en España, sempre que estean avalados desde o punto de vista científico.

7º. Revisar a normativa sobre medicamentos veterinarios, toda vez que en veterinaria existen moitas especies diferentes, o cal crea un mercado moi fragmentado, polo que se debe elaborar un marco regulador que aborde as características e especificidades do sector veterinario, nos trámites de autorización de medicamentos.

8º. Revisar e actualizar as fichas técnicas e prospectos dos medicamentos veterinarios que se comercializan co obxecto de que reflictan, con maior concreción, os seus posibles usos e aplicacións, con base en estudos científicos recentes, para dar cumprimento ás esixencias que se establecen no Regulamento 2019/6.

9º. Promover a modificación do tipo impositivo do IVE aplicable á prestación de servizos veterinarios de animais de compañía, reducindo o actual do 21 %, porque penaliza a saúde e benestar animal e, polo tanto, a saúde pública, xa que encarece os tratamentos e dificulta o seu acceso por parte dos titulares responsables dos animais e acaba redundando en problemas de saúde pública pola gran cantidade de enfermidades dos animais que teñen carácter zoonótico.»

**Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 21709 (12/PNC-002021)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Viso Diéguez, Miguel Ángel e oito deputados/as máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de deseñar unha estratexia para a recuperación das razas gandeiras autóctonas ameazadas
BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a valorar a situación da recuperación das razas autóctonas galegas ameazadas, e adoptar decisións que as impulsen definitivamente, a través do deseño dunha estratexia común dirixida ao establecemento dun plan de axudas para a recría de femias e machos en favor dos gandeiros e gandeiras titulares das razas bovinas, ovina e cabrúa ameazadas.»

**Rexeitamento das iniciativas**

- 19157 (12/PNC-001756)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Valcárcel Armesto, Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á realidade específica dos montes en man común galegos e o seu tipo de titularidade
BOPG nº 156f2, do 12.02.2025

Sométese a votación separada por puntos:

Punto 1: rexeitado por 5 votos a favor, 9 votos en contra e 2 abstencións.
Punto 2: rexeitado por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 20078 (12/PNC-001869)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego no referido á regulación do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia
BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 24235 (12/PNC-002226)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara
Sobre a demanda ao Goberno galego da presentación na Cámara dun proxecto coas medidas necesarias para o reforzamento dos medios de loita contra os incendios forestais no territorio da comunidade autónoma
BOPG nº 192f1, do 30.04.2025
Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 25159 (12/PNC-002317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e dous deputados/as máis
Sobre os criterios que o Goberno galego debe modificar na orde de axudas de 2025 da PAC respecto da gandaría de montaña de zonas con limitacións naturais
BOPG nº 197f1, do 14.05.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2025
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.1. Informacións remitidas pola Xunta de Galicia

**Informe 2024 da Cooperación galega**

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 4 de xuño de 2024, tomou coñecemento do escrito da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias polo que, en cumprimento do disposto no artigo 88.2 d) da Lei 10/2021 do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento, achega o Informe 2024 da Cooperación galega (doc. núm. 26519) e acordou:

1º. Trasladar o informe á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios.

2º. Publicar o informe no *Boletín Oficial* e na páxina *web* do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.4. Preguntas
### 1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

**Admisión a trámite e publicación**

- 26211 (12/PRE-007059)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna
Sobre o peche de explotacións e a caída da produción de leite en Galicia nos últimos anos e a eficacia das políticas da Xunta de Galicia dirixidas a este sector

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 26218 (12/PRE-007060)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre a postura da Xunta de Galicia ante o proxecto de implantación do grao de enfermaría na Universidade Intercontinental da Empresa

- 26253 (12/PRE-007061)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos
Sobre a progresiva perda de vitalidade do núcleo histórico de Corme e as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa eventual inclusión no Programa de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)

- 26262 (12/PRE-007062)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia para a rehabilitación e posta en valor do balneario de Berán, en Leiro, e o grao de cumprimento dos seus obxectivos

- 26267 (12/PRE-007063)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre as accións que está a planificar a Xunta de Galicia para reforzar a oferta de produtos culturais dirixidos á infancia e á xuventude co obxectivo de afondar no proceso de normalización lingüística

- 26285 (12/PRE-007064)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino
Sobre os cambios previstos por Renfe nas frecuencias e nos horarios ferroviarios que dan servizo á estación da Gudiña, as súas repercusións para a poboación local e as xestións realizadas pola Xunta de Galicia para conseguir modificar estas decisións

- 26295 (12/PRE-007065)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre o procedemento aberto contra a dirección da CRTVG en 2023 por acoso laboral, a idoneidade da opción seguida para determinar o estado psíquico da presunta vítima e os recursos do Imelga para a realización deste tipo de valoracións

- 26303 (12/PRE-007066)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma
Sobre o prazo medio que tarda a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural en lles remitir aos concellos da provincia de Pontevedra os informes preceptivos para tramitar as solicitudes de autorizacións urbanísticas

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 26311 (12/PRE-007067)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Fernández, Secundino e 2 máis
Sobre a situación provocada pola sentenza que anula case sete mil carnés de manipulador de produtos fitosanitarios, a función de control e inspección que a Xunta de Galicia levou a cabo e as medidas que prevé pór en marcha para atopar unha solución

- 26332 (12/PRE-007068)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat
Sobre a dotación dos servizos de transporte terrestre urxente extrahospitalario da comarca do Salnés, as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia para mellorar os seus recursos e as valoracións que fai ao respecto

- 26337 (12/PRE-007069)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre as condicións da cesión das instalacións do Complexo Polideportivo de Monterrei para levar a cabo o espectáculo musical Ouren Sound Fest durante os días 23 e 24 de maio de 2025

- 26340 (12/PRE-007070)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre a situación en que está o desenvolvemento do programa Rexurbe en Mondoñedo e o calendario que manexa o Instituto Galego de Vivenda e Solo ao respecto

- 26352 (12/PRE-007071)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre as necesidades do Centro de Saúde de Viveiro canto á súa dotación médica e de enfermaría e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto

- 26355 (12/PRE-007072)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre o estado de conservación da estrada AC-161 no concello de Bergondo e as actuacións que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia para corrixir estas eivas e mellorar a súa seguranza viaria

- 26358 (12/PRE-007073)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre o grao de cumprimento por parte da Xunta de Galicia dos acordos unánimes adoptados na Cámara en defensa da normalización da lingua galega e do seu recoñecemento como lingua oficial do Parlamento Europeo

- 26364 (12/PRE-007074)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego en relación coa reforma e mellora das infraestruturas do Centro de Saúde de Padrón

- 26370 (12/PRE-007075)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara
Sobre a regulación dos procesos de repotenciación dos parques eólicos e a inclusión de criterios de reciclaxe, reutilización e xestión ambientalmente responsable dos aeroxeradores substituídos

- 26399 (12/PRE-007076)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación coas reclamacións de incorporación aos centros de ensino, de forma estrutural e nos departamentos de orientación, de psicólogas ou psicólogos educativos

- 26407 (12/PRE-007077)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e López Font, Carlos
Sobre as razóns da suspensión da construción dun tramo da senda ciclista proxectada entre O Milladoiro e Santiago de Compostela e as perspectivas que ten a Xunta de Galicia para a restauración dos danos producidos en espazos naturais

- 26413 (12/PRE-007078)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel
Sobre a continuidade da oferta do mestrado en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela e a postura da Xunta de Galicia ao respecto

- 26420 (12/PRE-007079)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a postura do Goberno galego en relación co proxecto eólico da empresa Driza Green Partners que afecta 19 concellos galegos repartidos entre as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo

- 26428 (12/PRE-007080)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre a xestión orzamentaria da Consellería do Mar, a desviación de partidas correspondentes aos seus orzamentos e os programas que recibirán as contías non executadas por esta consellaría en 2024

- 26435 (12/PRE-007081)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a equiparación dos coeficientes redutores das frotas palangreira e arrastreira que traballan en augas internacionais cos dos buques conxeladores e as accións que desenvolveu ou prevé desenvolver o Goberno galego ao respecto

- 26444 (12/PRE-007082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Taibo Corsanego, Iria
Sobre a postura da Xunta de Galicia en relación co obxectivo de conseguir a oficialidade do galego na Unión Europea e as accións que prevé levar a cabo con ese propósito

- 26453 (12/PRE-007083)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a postura e as previsións que ten a dirección da CRTVG respecto da recuperación da xornada laboral de 35 horas semanais

- 26459 (12/PRE-007084)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre a postura do Goberno galego respecto da recuperación da Área Sanitaria da Mariña dentro do mapa sanitario de Galicia

- 26472 (12/PRE-007085)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 4 máis
Sobre a construción da circunvalación de Carballo e os compromisos orzamentarios que prevé materializar o Goberno galego ao respecto

- 26479 (12/PRE-007086)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre a rehabilitación do pavimento da estrada AC-419 nos concellos de Malpica e Ponteceso e os compromisos orzamentarios do Goberno galego ao respecto

- 26489 (12/PRE-007087)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as razóns para non manter o máster en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e o establecemento dun equilibrio nos criterios normativos que atinxen ás universidades privadas e públicas de Galicia

- 26494 (12/PRE-007088)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana
Sobre a situación actual da planta de reciclaxe de Servia, no concello de Lousame, e a valoración que fai o Goberno galego da posibilidade de recuperala e modernizala

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 3 de xuño de 2025, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 3 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:

### 1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

### Admisión a trámite e publicación

- 26500 (12/PDC-000034)
Sobre a suposta utilización por parte da Asociación de Letrados da Xunta de Galicia de instalacións públicas para fins privados sen a existencia dunha autorización previa

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

- 26648 (12/PDC-000035)
Sobre medidas que vai tomar a Dirección Xeral de Xustiza para evitar a inxerencia na Administración de Xustiza

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como preguntas de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17 apartado terceiro da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

### 1.4.5. Respostas a preguntas

#### Toma de coñecemento da resposta, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 26423 - 18043 (12/PRE-005664)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a evolución das denuncias de violencia sobre a muller no partido xudicial de Ourense e os recursos humanos cos que conta o Xulgado de Instrución núm. 3 para abordalas

- 26291 - 18794 (12/PRE-005698)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Fernández, Iago e Carreira Pazos, Iria
Sobre os últimos datos relativos á incidencia da adicción ao xogo entre a mocidade, a eficacia das estratexias da Xunta de Galicia nesta materia e as medidas que prevé poñer en marcha ao respecto

- 26422 - 23872 (12/PRE-006816)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández González, Ariadna
Sobre a política de prevención da Xunta de Galicia canto á enfermidade de Aujeszky, que ten incidencia na poboación de xabaril, no gando porcino ou nos cánidos

- 26290 - 24006 (12/PRE-006832)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis
Sobre as previsións relativas á posta en servizo da residencia de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega en Ferrol, así como á mellora das instalacións das residencias de Laraxe e de Caranza

- 26289 - 24094 (12/PRE-006834)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago
Sobre a situación financeira dos concellos e a execución por parte do Goberno galego das partidas orzamentarias destinadas ao financiamento das entidades locais no exercicio correspondente a 2023

- 26288 - 24423 (12/PRE-006865)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as condicións laborais do cadro de profesionais do Instituto de Medicina Legal de Galicia e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da súa mellora

- 26385 - 24471 (12/PRE-006871)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre os medios dos futuros centros móbiles de información á muller anunciados polo presidente da Xunta de Galicia, así como a súa natureza, regulación e os seus protocolos

- 26384 - 25199 (12/PRE-006930)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre os datos da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2024 e as estratexias ou os plans que prevé desenvolver o Goberno galego nesta materia

- 26383 - 25618 (12/PRE-006976)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla
Sobre a execución orzamentaria do ano 2024 e as melloras que prevé impulsar o Goberno galego na execución do actual exercicio e na planificación do ano 2026

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

# 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

## 2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

### 2.2.5. Composición das comisións

Comisión non permanente especial de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres

**Constitución da Comisión**

A Comisión non permanente especial de estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres, na súa sesión do 3 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:
Constitución da Comisión
- (12/COCE-000003)

Elección de membros da Mesa
- (12/CEEM-000031)

— Mesa:
Paula Prado del Río (P)
(presidenta)

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Iria Carreira Pazos (BNG)
(vicepresidenta)
Silvia Longueira Castro (S)
(secretaria)

— Vogais:
G. P. Popular de Galicia (P): Raquel Arias Rodríguez
G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG): Noa Olalla Presas Bergantiños
G. P. dos Socialistas de Galicia (S): Paloma Castro Rey

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

Comisión non permanente de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade

**Constitución da Comisión**

A Comisión non permanente de estudo para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade, na súa sesión do 3 de xuño de 2025, adoptou os seguintes acordos:
Constitución da Comisión
- (12/COCE-000004)

Elección de membros da Mesa
- (12/CEEM-000032)

— Mesa:
Carmen María Pomar Tojo (P)
(presidenta)
María Cristina Fernández Davila (BNG)
(vicepresidenta)
Silvia Longueira Castro (S)
(secretaria)

— Vogais:
G. P. Popular de Galicia: Raquel Arias Rodríguez
G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG): Olalla Rodil Fernández
G. P. dos Socialistas de Galicia: María Elena Espinosa Mangana

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2025
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 2.4. Organización e funcionamento do Parlamento
## 2.4.3. Convocatorias

| | | 3.2.3. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID ou instrumentos análogos realizadas pola Xunta de Galicia. | A achega da Xunta de Galicia ao Fondo humanitario común da AECID foi en 2024 de 100.000,00 €. |
| | *L.A.3.3. Mellorar a calidade e impacto da educación para a cidadanía global.* | 3.3.1. Como mínimo o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global. | Do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE (8.450.497,72 €) destinouse ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global 970.000,00 €, o que representa un 11,48 %. |
| | | 3.3.2. Axuda desembolsada a través de programas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada neste ámbito estratéxico. | No ano 2024 destináronse 70.000,00 € no marco da iniciativa plurianual "Activistas polo mundo que queremos". |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| Resultados de Xestión | Liñas de acción | Indicadores[1] | 2024 |
|---|---|---|---|
| **R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.** | *L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.* | 4.1.1. Grao de participación nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española. | A Cooperación Galega ten participado en diferentes espazos e iniciativas de coordinación coa Cooperación Española nos ámbitos de: acción humanitaria, participando nas reunións do convenio coa descentralizada e das sesións de traballo en coordinación co IECAH; en Educación para o desenvolvemento, a través da Rede de Puntos Focais e como membro do grupo de traballo nesta materia no Consello de Cooperación; na elaboración e seguimento dos MAP; ou no proceso de definición de Indicadores de Rendición de Contas (IRC). Ademais no 2024, participou nas dúas reunións da Comisión Interterritorial que tiveron lugar o 4 de marzo e o 9 de setembro. |
| | | 4.1.2. Achegas á planificación e sistema de xestión de coñecemento info@ods da Cooperación Española. | A Cooperación Galega ten realizado dentro do prazo establecido as súas achegas no sistema de xestión do coñecemento e planificación info@ods. |
| | *L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación.* | 4.2.1. Nº de proxectos en agrupación financiados a través das convocatorias da DXRREE e UE e porcentaxe sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas a axentes de cooperación. | No ano 2024 foron financiados 24 proxectos en agrupación a través de convocatoria, por un monto de 1.440.342,23 €, o que representa unha porcentaxe do 20,46 % sobre o total de axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas aos axentes de cooperación (7.040.000 €). |
| | | 4.2.2. Nº de alianzas de traballo multiactor nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios promovidas ou apoiadas pola DXRREE e UE. | No ano 2024 deuse continuidade a 5 alianzas de traballo multiactor promovidas e apoiadas pola DX: AQUAMOZ; PEIXAN, RGCUD, Activistas polo mundo que queremos e o I Programa Galego de Acollida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos- Galicia Abriga. |
| | *L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.* | 4.3.1. Nº de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación da Lusofonía. | Ademais dos proxectos financiados no marco das distintas convocatorias en Mozambique e Guinea Bissau, no marco do convenio asinado co Fondo Galego: A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación V, continuouse co impulso á Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, creada no 2019, co obxecto de seguir fortalecendo as relacións de solidariedade entre o municipalismo galego e os países de lingua oficial portuguesa. |
| | | 4.3.2. % de axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria nos PALOP. | No ano 2024 destinouse un 10,52% (787.068 €) da axuda desembolsada en cooperación e acción humanitaria (7480490,72 €) aos países PALOP (Mozambique e Guinea Bissau). |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CVE-PREPAR: 4a073572-20f0-1d55-4814-e071fbd9b139

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

| Resultados de Xestión | Liñas de acción | Indicadores[1] | 2024 |
|---|---|---|---|
| **R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.** | *L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.* | 5.1.2. Nº de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento. | Durante o ano 2024 executáronse 6 contratos de asistencia técnica no ámbito da avaliación e a xestión do coñecemento, 4 dos servizos foron para a avaliación ex-ante das propostas presentadas ás convocatorias de proxectos no exterior, acción humanitaria, microproxectos e EDCG, 1 para a avaliación intermedia do V Plan Director e outro para a elaboración do Informe de 30 anos da Cooperación Galega. Tamén deuse continuidade ao servizo para a realización dun diagnóstico sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidades na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia a seguir na súa implementación, que dera comezo no ano 2023. |
| | *L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.* | 5.2.1. Nº de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. | Durante o ano 2024 deuse continuidade ao fortalecemento das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego e das tres Universidades Públicas Galegas, a través da sinatura de 3 convenios por un monto, nesta anualidade, de 200.000,00 €. |
| | *L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación.* | 5.3.1. Nº de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. | No marco do convenio coa CGONGD, actualizouse o diagnóstico de necesidades para o 2024 das ONGD socias, con especial atención as ONGD menos fortalecidas, traballando con 11 ONGD socias; puxeron en marcha un grupo motor de 7 ONGD para xerar canles de apoio permanente para ONGD máis pequenas ou débiles; e titorizáronse a 2 entidades na formulación de proxectos. Manteñen un servizo de comunicación interna e asesoramento para as 47 entidades socias e impulsan o traballo en grupos temáticos: Comisión de Incidencia con 8 entidades, Comisión de Educación con 10 entidades. Por último, no ano 2024 formouse a 7 persoas de 4 entidades distintas.<br><br>Pola súa banda, o Fondo Galego puxo en marcha unha actividade de fortalecemento denominada Impulso da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, na que participaron un total de 8 entidades locais ou rexionais dos países de lingua oficial portuguesa; e realizáronse obradoiros de vídeo activismo ambiental. |



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CVE-PREPAR: 4a073572-20f0-1d55-4814-e071fbd9b139

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| | | |
|---|---|---|
| | | Polo que respecta á RGCUD, no marco do convenio asinado en 2024, con anualidade 2025, realizáronse un total de 17 formacións e xornadas no ano 2024, as que asistiron 378 persoas (286 mulleres e 92 homes). |
| | 5.3.2. Nº de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas. | Durante o ano 2024, 12 persoas foron beneficiarias destas bolsas de formación, 8 delas nas Oficinas da Cooperación Española no Exterior e 4 na sede da DX de RREE e coa UE. |
| *L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación* | 5.4.1. Número de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos axentes de cooperación realizados. | No marco do servizo para a realización dun diagnóstico sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidades na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia a seguir, tivo lugar unha xornada de presentación dos resultados do diagnóstico realizado. Tamén na reunión ordinaria do CONGACODE presentáronse os resultados de execución e xestión do plan anual 2023. |
| | 5.4.2. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas. | No marco da convocatoria de investigación dirixida ás universidades, publicada por Orde do 14 de xuño de 2023 (DOG núm. 119, do 23 de xuño), presentáronse 15 solicitudes e aprobouse o financiamento de 7 proxectos que tiveron continuidade durante o ano 2024. |
| | 5.4.3. Número de avaliacións das intervencións financiadas. | Do total de intervencións aprobadas no ano 2024, a través das diferentes convocatorias e convenios, 49 delas inclúen as realización de avaliacións: 31 no marco da convocatoria de proxectos no exterior, onde son obrigatorias para proxectos con subvención superiores aos 90.000 €; 16 no marco da convocatoria de EDCG, onde a obrigatoriedade é para os proxectos con subvencións superiores a 20.000 € e 2 no marco dos convenios asinados. Ademais contratáronse 4 avaliacións ex-ante. |
| | 5.4.4. Grao de implementación das orientacións e recomendacións do Documento marco de avaliación da cooperación galega. | Derivadas do Documento marco de avaliación da cooperación galega, leváronse a cabo 4 avaliacións ex-ante (unha por cada convocatoria publicada); deuse tamén continuidade ao Diagnóstico participativo sobre a integración do Enfoque Feminista, Interseccional e de Diversidades na Cooperación Galega. En cumprimento das súas recomendacións, foi mellorada a redacción dos TDR para a contratación das entidades avaliadoras. |



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| | | | |
|---|---|---|---|
| | *L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación* | 5.5.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos especializados. | Tanto nas convocatorias coma nos convenios permítese imputar ata un 70 % en gastos de persoal. |
| | *L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional* | 5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola cooperación galega aos axentes de cooperación financiados por outras axencias doadoras nacionais ou internacionais. | No marco das convocatorias e convenios aprobados no 2023 e que teñen anualidade 2024 foron cofinanciados por fondos doutras axencias doadoras nacionais ou internacionais 7 proxectos, 5 de Cooperación no exterior, 1 microproxecto e 1 de acción humanitaria, por un monto total de 376.080,05 €. No marco das convocatorias e convenios aprobados no ano 2024, e polo que respecta unicamente a esta anualidade, foron cofinanciados por fondos doutras axencias doadoras nacionais ou internacionais 11 proxectos, 7 de Cooperación no exterior, 1 de EDCG, 1 microproxecto e 2 de acción humanitaria, por un monto total de 347.096,19 €. |
| | *L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega* | 5.7.1. Como mínimo, o 75 % da axuda desembolsable aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE canalízase a través de convocatorias públicas. | Do total da axuda desembolsable aos axentes de cooperación (8.450.490,72 €), 7.040.000 € canalízase a través de convocatorias, o que representa o 83,30 % |



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| Resultados de Xestión | Liñas de acción | Indicadores[1] | 2024 |
|---|---|---|---|
| **R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS** | *L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación* | 6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega. | A páxina web da cooperación galega actualízase para incorporar información das actuacións realizadas. |
| | | 6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega. | No ano 2024, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2023 da cooperación galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.<br>Ademais, co gallo do trinta aniversario da área de cooperación da Xunta de Galicia, publicouse un libro conmemorativo. |
| | *L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación* | 6.2.1. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externa participativa e independente da execución do quinto plan director da cooperación galega realizadas e difundidas. | Realizouse a avaliación intermedia do V Plan director, para o cal se conta co apoio dunha consultora especializada. |
| | | 6.2.2. Número de actividades no Parlamento de Galicia relativas á cooperación galega. | No ano 2024 desenvolvéronse dúas comparecencias parlamentarias relativas a este ámbito, unha o día 5 de xuño para a presentación do Plan anual 2024 da Cooperación Galega e outra o 16 de outubro para informar sobre a EGAEX. |
| | | 6.2.3. Número de actividades de presentación de resultados da cooperación galega e rendición de contas aos axentes de cooperación no Congacode. | O CONGACODE reuniuse na súa sesión ordinaria o 12 de marzo de 2024, e nela aproveitouse para presentar aos axentes de cooperación nel representados, o Informe sobre a execución do Plan anual 2023 da Cooperación Galega e o Informe sobre o proxecto do Plan anual 2024 da Cooperación Galega, ao igual que todos os anos. |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

# 4. Actuacións de cooperación no exterior

## 4.1 Convocatoria 2024 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións, por unha parte, ás organizacións non gobernamentais e, por outra, ás universidades, ás empresas e ás organizacións empresariais, aos sindicatos e ás comunidades galegas no exterior que teñan a condición de axentes de cooperación para a execución de proxectos no exterior.

A orde que regula a convocatoria foi publicada no DOG núm. 98, do 22 de maio do 2024. A dotación orzamentaria, plurianual, foi de 6.000.000 € (2.100.000 € para o ano 2024 e 3.900.000 € para o ano 2025), o que representou unha dotación total idéntica a das convocatorias do ano 2023.

A distribución da dotación foi a seguinte:

- Proxectos no exterior de ONGD: 5.300.000 € (1.855.000 € no 2024 e 3.445.000 € no 2025).
- Proxectos no exterior doutros axentes de cooperación: 700.000 € (245.000 € no 2024 e 455.000 € no 2025).

Presentáronse un total de 60 solicitudes (48 de ONGD e 12 doutros axentes), sendo aprobado o financiamento de 32 proxectos: 28 de ONGD e 4 doutros axentes.





CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 7 de maio do 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (PR803D).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR803D 2024-31 | Fundación Humanitaria de los Rotarios Españoles | Fortalecida a Rede de Saúde pública do Distrito Municipal nº 8 (Plan 3000), Santa Cruz de la Sierra (Bolivia), Fase II | 205.771,00 | 184.993,00 | 64.747,55 | 120.245,45 | 184.993,00 |
| PR803D 2024-20 | Arquitectura Sin Fronteras | Proxecto Te Chwinqlal (para a vida) para o acceso mellorado a auga e á súa gobernanza con enfoque de xénero, das 267 familias indíxenas, maioritariamente mulleres viúvas e solteiras, da comunidade Mam Cajolá, recentemente asentada en Champerico, Guatemala | 239.597,48 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-17 | Asemblea de Cooperación pola Paz | Reducir a exposición climática e fortalecer as organizacións comunitarias mediante a promoción da habitabilidade, sustentabilidade e resiliencia de 10 comunidades da cañada do Marañón, no municipio de Santo Domingo Norte, República Dominicana | 212.653,73 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-43 | Asemblea de Cooperación pola Paz | Contribuír ao apoderamento integral feminista de mulleres e das Redes contra a Violencia de Xénero nos municipios de El Triunfo, Concepción de María e Santa Ana de Yusguare (Departamento de Choluteca, Honduras) | 230.825,28 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-55 | Solidariedade Internacional de Galicia agrupada con Solidaridade Galega e SOLIDA | CORESI 2024- Comunidades resilientes a través do enfoque de saúde integral no Municipio de San Marcos Colon, Departamento de Choluteca, Honduras | 259.559,83 | 234.935,83 | 82.227,54 | 152.708,29 | 234.935,83 |
| PR803D 2024-39 | Arquitectura Sin Fronteras en agrupación con PROYDE | Proxecto Qoklen toj xnaq´tzb´il (valor á educación) por una educación inclusiva, equitativa, de calidade, libre de discriminación, nun contorno seguro e nunhas infraestruturas apropiadas, no Municipio de Champerico, Retalhuleu. Guatemala | 257.994,14 | 235.000,00 | 82.250,00 | 152.750,00 | 235.000,00 |
| PR803D 2024-10 | Asociación Ayuda, Intercambio y Desarrollo, AIDA | Promoción da soberanía alimentaria, a igualdade de xénero e os dereitos humanos na rexión este de Guinea Bissau | 195.171,27 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 7 de maio do 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (PR803D).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR803D 2024-42 | Fundación FABRE | Promoción de dereitos a través do acceso á auga potable, de maneira universal, equitativa e sustentable, no municipio de Urubichá (departamento de Santa Cruz, Bolivia) | 208.862,89 | 181.416,00 | 63.495,60 | 117.920,40 | 181.416,00 |
| PR803D 2024-35 | Fundación Intered | Comunidades rurais e centros educativos promoven a prevención do matrimonio infantil e unións temperás, desde o enfoque de interseccionalidade, na provincia San Cristóbal, República Dominicana | 194.786,80 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-18 | Médicos del Mundo | Reforzo dos sistemas e mecanismos gobernamentais e comunitarios de prevención e actuación ante a VbG nos distritos de Koinadugu y Falaba, Sierra Leona | 148.133,81 | 139.413,45 | 48.794,71 | 90.618,74 | 139.413,45 |
| PR803D 2024-36 | Fundación Ayuda en Acción | Innovalac: Fortalecemento de competencias e promoción de tecnoloxías limpas na cadea láctea no departamento de Madriz, Nicaragua | 279.432,00 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-52 | Farmacéuticos Mundi | Desenvolvemento de capacidades para a seguridade alimentaria de comunidades indíxenas do municipio de Nahualá (dep. de Sololá, Guatemala), con enfoque de xénero, sustentabilidade agroecolóxica e gobernanza. | 197.746,86 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-1 | Fundación Religiosos para la Salud agrupada con Misioneros seglares Vicencianos | Mellorado o acceso e información aos recursos de atención e asistencia técnica legal de mulleres, nenas e adolescentes vítimas de violencia de xénero no departamento de Cochabamba, Bolivia- Fase II. | 251.058,12 | 235.000,00 | 82.250,00 | 152.750,00 | 235.000,00 |
| PR803D 2024-37 | Fundación Ayuda en Acción | Mellora da sustentabilidade e a xestión integrada da Cadea de Valor da Pesca e Acuicultura, promovendo o desenvolvemento socioeconómico, a igualdade de xénero, e a conservación ambiental dos ecosistemas de augas interiores, na provincia de Maputo (Mozambique) | 215.592,31 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 7 de maio do 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (PR803D).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR803D 2024-56 | Fundación Educación y Cooperación, EDUCO | Promovendo o exercicio do dereito a unha vida libre de violencia e ao dereito á alimentación, das mulleres maya mam de Santa Bárbara, Huehuetenango, Guatemala | 200.000,00 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-8 | Asociación Galega de Comunicación para el cambio social, AGARESO | Fortalecidas as capacidades e ferramentas das mulleres dominicanas organizadas para incidir social e politicamente para previr a violencia sexual. Fase II. República Dominicana | 205.654,97 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-45 | Fundación BALMS para la Infancia | Mellora das capacidades de titulares de dereitos, responsabilidades e obrigas do distrito municipal de Santiago Oeste, con especial incidencia na xuventude e as mulleres, para exercer os seus dereitos fundamentais a través dunha estratexia de participación social e incidencia política cun enfoque integral de xénero. - Asociado a IDI Rep. Dominicana- Fase V | 217.920,55 | 184.998,31 | 64.749,41 | 120.248,90 | 184.998,31 |
| PR803D 2024-6 | Fundación CUME para el Desarrollo de Culturas y Pueblos | Mellorada a saúde e hixiene das 4 comunidades aimaras da subcentral Choritotora do municipio de Calamarca, a través do acceso a auga potable polo fortalecemento das organización de mulleres Bartolinas e dos Comités de Auga, Bolivia | 243.938,30 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-41 | Solidariedade Internacional de Galicia | Fortalecemento das capacidades das mulleres, nenas e adolescentes para o acceso efectivo a unha xustiza feminista e o pleno exercicio dos seus dereitos a unha vida libre de violencias machistas no eixe La Paz/El Alto/Santa Cruz, Bolivia. Fase III | 197.349,10 | 184.988,41 | 64.745,94 | 120.242,47 | 184.988,41 |
| PR803D 2024-59 | Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia agrupada coa UDC | Mellora da sustentabilidade da actividade marisqueira no sur de Honduras-Fase 2 | 262.962,14 | 235.000,00 | 82.250,00 | 152.750,00 | 235.000,00 |
| PR803D 2024-32 | Fundación BALMS para la Infancia | Melloradas as capacidades produtivas e coñecementos técnicos da poboación nova e mulleres Awajún de Urakusa para o acceso a alimentos nutritivos e culturalmente apropiados, promovendo a soberanía alimentaria. Perú | 233.843,42 | 184.999,43 | 64.749,80 | 120.249,63 | 184.999,43 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD- PROXECTOS NO EXTERIOR

Orde do 7 de maio do 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (PR803D).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR803D 2024-47 | Fundación FABRE | Exercendo o dereito humano á alimentación con maior dispoñibilidade, acceso e uso sustentable de alimentos sans agroecolóxicos de 155 mulleres e homes indíxenas/rurais do municipio de Ayabaca (Perú) | 216.743,07 | 184.911,10 | 64.718,89 | 120.192,21 | 184.911,10 |
| PR803D 2024-57 | Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia agrupada coa USC | Mellora da xestión pública da auga nos municipios da Mancomunidade Nasmar, Honduras, Fase 1 | 301.967,05 | 235.000,00 | 82.250,00 | 152.750,00 | 235.000,00 |
| PR803D 2024-34 | Médicos del Mundo | Contribuír a facer efectivo o dereito á saúde das persoas en risco de desnutrición fortalecendo os servizos de saúde e as boas prácticas nutricionais e de coidado con enfoque de xénero e pertinencia cultural en Alta Verapaz, Guatemala | 194.814,00 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR803D 2024-2 | Manos Unidas | Fortalecemento da participación política e pública das mulleres no exercicio dos seus dereitos para unha vida libre de violencia de xénero na rexión de Junín, Perú | 283.713,48 | 183.585,12 | 64.254,79 | 119.330,33 | 183.585,12 |
| PR803D 2024-26 | Asociación Solidaridad para el Desarrollo y la Paz- SODEPAZ | Loita contra a pobreza e pola soberanía alimentaria en 5 comunidades indíxenas Ch'orti' de Jocotán, Chiquimula. Guatemala FASE II | 67.026,46 | 60.000,00 | 60.000,00 | 0,00 | 60.000,00 |
| PR803D 2024-7 | Fundación Entreculturas Fe y Alegría agrupada con Fundación Taller de Solidaridad | Mulleres guaraní transformadoras de cambio social, económico e político na Autonomía Indíxena Charagua Iyambae - Bolivia | 285.825,61 | 235.000,00 | 82.250,00 | 152.750,00 | 235.000,00 |
| PR803D 2024-40 | Asociación Amigas da Terra | Apoderamento de mulleres rurais vulnerables para o exercicio dos seus dereitos coa participación social e política, a prevención da violencia de xénero, a soberanía alimentaria, a restauración ambiental e o acceso a recursos económicos en Santa Ana de Yusguare (Honduras). | 231.980,00 | 185.000,00 | 24.265,77 | 120.250,00 | 144.515,77 |
| | | TOTAL | | | 1.855.000,00 | 3.408.756,42 | 5.263.756,42 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

| AXUDAS CONCEDIDAS A OUTROS AXENTES- PROXECTOS NO EXTERIOR<br>Orde do 7 de maio do 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (PR803D). | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR 803D 2024/60 | Innovacion, Cooperación, Cartografía y Territorio- ICARTO | Mellora da sustentabilidade na xestión do recurso hídrico fronte ao cambio climático e ás secas en Mozambique. Fase II. GERHARA II. | 232.400,00 | 178.800,00 | 62.580,00 | 116.220,00 | 178.800,00 |
| PR 803 D 2024/4 | Fundación Galicia Innova | Proxecto de educación técnica agropecuaria sustentable articulado ao mercado para o Desenvolvemento social, económico e ambiental do val San Lorenzo, Piura -Perú, con especial atención á situación de vulnerabilidade das mulleres e mozas. Proxecto EDUCA-T San Lorenzo. | 205.700,00 | 184.960,00 | 64.736,00 | 120.224,00 | 184.960,00 |
| PR 803 D 2024/14 | Fundación Mujeres | Produción sustentable para a igualdade de xénero e o apoderamento socioeconómico das familias rurais en Centinela del Cóndor, Ecuador. | 203.453,13 | 185.000,00 | 64.750,00 | 120.250,00 | 185.000,00 |
| PR 803 D 2024/23 | Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos (ANFACO-CECOPESCA) | Fomentar a rastrexabilidade e a comercialización da cadea de valor dos produtos hidrobiolóxicos da Bahía de Sechura para promover medios de vida sustentables, apoiando o enfoque de xénero e a gobernanza, Perú. | 164.126,02 | 185.000,00 | 52.934,00 | 98.306,00 | 151.240,00 |
| | | TOTAL | | | 245.000,00 | 455.000,00 | 700.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779





CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

## 4.2 Convocatoria 2023 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

Como non podería ser doutro xeito, no ano 2024 deuse continuidade a 32 proxectos: 28 de ONGD e 4 doutros axentes, aprobados no 2023 no marco da Orde do 19 de abril do 2023, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. DOG núm. 83, do 2 de maio), que tiñan anualidade 2024, por un total de 3.600.000 €.

## 4.3 Convocatoria 2024 de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior

Enténdese por microproxectos aquelas intervencións puntuais, de limitada intensidade, de duración non superior aos 12 meses que teñan por obxecto fortalecer e/ou complementar outras actuacións levadas a cabo por axentes de cooperación no mesmo territorio.

Esta convocatoria dotouse con 90.000 € e dirixiuse ás ONGD e a aqueles axentes de cooperación que figuran inscritos na sección D do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.

A convocatoria foi publicada no DOG do 24 de maio e presentáronse 9 proxectos, aprobándose o financiamento de 3 deles.






CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| Orde do 8 de maio do 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR804B) | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención Concedida |
| PR804B 2024-6 | Cooperación Internacional | Formación técnica ocupacional para impulsar a inserción laboral e previr a migración de mozas e mulleres en situación de vulnerabilidade, Guatemala | 45.837,37 | 30.000,00 | 30.000,00 |
| PR804B 2024-9 | Asociación CIDEL Galicia | Liderado comunitario xuvenil para xerar espazos de incidencia social e política para a mellora da igualdade de xénero no Municipio de Baitoa e no Municipio de Santiago de los Caballeros, República Dominicana | 33.070,74 | 30.000,00 | 30.000,00 |
| PR804B 2024-7 | Asociación Integral de Rescate Emergencias, AIRE | Protección Civil saharauí- Fase II | 67.285,00 | 30.000,00 | 30.000,00 |
| TOTAL | | | | 90.000,00 | 90.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

## 4.4 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

### 4.4.1 Convenios de colaboración do ano 2024

Ao longo do ano 2024 asináronse un total de 2 convenios no ámbito da cooperación para o desenvolvemento no exterior.

Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 5ª FASE)."

Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) para a execución do proxecto "Adaptación ao cambio climático mediante o fortalecemento dos mecanismos de comercialización e propostas de turismo sustentable como estratexia de diversificación da pesca artesanal na provincia de Piura no Perú."

### 4.4.2 Convenios de colaboración do ano 2023 e anteriores

Nos orzamentos do ano 2024 mantivéronse os compromisos adquiridos con anterioridade. Así, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, deuse continuidade a dous dos convenios asinados:

Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ SECARA 4ª FASE)."

Convenio de colaboración coa Fundación CETMAR (Centro Tecnolóxico do Mar) e a Fundación Ayuda en Acción para a execución do proxecto "Mellora dos medios de vida e a seguridade alimentaria da poboación mediante o fortalecemento das cadeas de valor da pesca e a acuicultura no Distrito de Naamacha, Mozambique."



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

# 5. Acción humanitaria e de emerxencia

No ano 2024, como nos anos anteriores e para dar cumprimento aos obxectivos e indicadores que o V Plan director da Cooperación Galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

A axuda da Xunta de Galicia no ámbito da acción humanitaria que foi xestionada a través da DXRREE e coa UE no 2024 ascendeu a 1.340.490,72 €, o que representa máis do 15 % do orzamento operativo do programa orzamentario 331A. Neste importe están incluídos os 271.245,36 € postos á disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para o financiamento de actuacións no marco da medida 36, que afectan o ámbito da cooperación internacional, e que están destinadas á atención ás persoas refuxiadas en materia de violencia machista, dunha banda, e do I Programa galego de Acollida Temporal a Defensoras de Dereitos Humanos, doutra.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

## 5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas bases é a regulación da concesión de subvencións ás organizacións non gobernamentais para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo por proxectos de acción humanitaria, conforme a iniciativa da boa doazón humanitaria (GHD, nas súas siglas en inglés), aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises —provocadas por seres humanos ou por desastres naturais—, así como os destinados á prevención e o reforzo da capacidade de resposta e a resiliencia para cando se produzan estas situacións. A acción humanitaria debe guiarse polos principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade e independencia.

A orde que regula esta convocatoria foi publicada no DOG do 10 de maio de 2024. Trátase dunha convocatoria anual cunha dotación total de 550.000 €, a mesma dotación que a do ano anterior. Presentáronse 14 solicitudes de proxectos dos que foron subvencionados 8, co detalle seguinte:



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

| Orde do 26 de abril do 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR811A). | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención Concedida |
| PR811A 2024-12 | Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) | Asistencia e protección a persoas migrantes na fronteira suroriental de Honduras | 83.210,47 | 74.999,91 | 74.999,91 |
| PR811A 2024-1 | Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) | Promoción de dereitos e garantías de protección a persoas en situación de mobilidade humana con énfase en nenos, nenas, mozos, mozas e mulleres en Dajabón, República Dominicana | 89.349,37 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| PR811A 2024-5 | Asociación Comité Español de la UNRWA | Fortalecemento do dereito á saúde da poboación refuxiada de Palestina máis vulnerable (especialmente mulleres e nenos/as) mediante o apoio a tres Puntos de Saúde en Cisxordania | 80.000,00 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| PR811A 2024-9 | Fundación Entreculturas Fe y Alegría | Asistencia e protección ás comunidades refuxiadas e de acollida no distrito fronteirizo de Adjumani, Uganda | 80.711,65 | 71.711,65 | 71.711,65 |
| PR811A 2024-14 | ONG Rescate Internacional | Acceso a servicios integrais de saúde para poboación palestina vulnerable de zona C, como consecuencia do conflito. Cisxordania | 106.609,81 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| PR811A 2024-8 | Fundación Ayuda en Acción | Refuxios fronte ao conflito: Construción Segura e Capacitación Comunitaria en Meluco, Mozambique | 126.044,54 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| PR811A 2024-6 | Médicos del Mundo | Mellorar a asistencia multisectorial da poboación para cubrir as necesidades de saúde e protección das persoas en situación de vulnerabilidade en Nangade, Cabo Delgado, Mozambique. | 203.968,58 | 75.000,00 | 75.000,00 |
| PR811A 2024-10 | Tierra de hombres España | Fortalecemento da resiliencia e o acceso á educación dos nenos e mozos afectados pola guerra en Ucraína. | 79.000,00 | 75.000,00 | 28.288,44 |
| TOTAL | | | | 596.711,56 | 550.000,00 |



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

### 5.2.1 Convenios de colaboración do ano 2024

Ao longo do ano 2024 asináronse, no ámbito da acción humanitaria e de emerxencia, 8 convenios e dúas addendas, unha, no marco do convenio para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia asinado con Farmamundi, outra, en apoio á poboación saharauí. O conxunto destes convenios financiou 35 intervencións, así como operativos de resposta.

Volve destacar a posta á disposición da DXRREE e coa UE, por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de 252.000 € da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para seren destinados ao financiamento de actuacións no marco da medida 36 do devandito pacto, que afecta o ámbito da cooperación internacional, e que foron destinados ao financiamento de 3 proxectos de atención ás persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero coas entidades: España con ACNUR, UNRWA España e Fundación UNICEF Comité Español.

Estes fondos foron destinados a 3 proxectos de atención a persoas refuxiadas en materia de violencia de xénero, cun financiamento de 84.000 € cada un deles, e ao programa de acollida citado, a través dos seguintes convenios:

Convenio de colaboración coa Asociación España con ACNUR para o proxecto "loita contra a violencia sexual e de xénero (VSG) e a vulneración de dereitos das mulleres e as nenas, con especial atención na trata con motivos de explotación sexual, na República Democrática do Congo-RDC".

Convenio de colaboración coa entidade UNRWA España, para o proxecto "Prevención da violencia de xénero e mellora da protección infantil da poboación refuxiada de Palestina na zona sur de Cisxordania".

Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité español para o proxecto "Prevención e resposta á emigración, ao tráfico e á violencia de xénero no distrito de Napak da rexión de Karamoja, Uganda".

Ademais asináronse os seguintes convenios:

Convenio de colaboración con Farmacéuticos Mundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

Este convenio vén asinándose de forma ininterrompida desde o ano 2009 para garantir unha resposta rápida e áxil da Xunta de Galicia, a través da posta en marcha de accións de asistencia e atención inmediata de emerxencias tras declararse un desastre ou crise humanitaria ou ante a agudización dunha crise crónica (situacións de fame, desprazamentos da poboación por causas bélicas, económico-sociais ou logo dunha catástrofe) tratando de evitar unha gran mortaldade entre os/as damnificados/as. Neste ano 2024 o convenio contou cunha dotación inicial de 50.000 €, aos que se lle sumaron 50.000 € máis, a través da sinatura dunha addenda.

O obxecto deste convenio é realizar as actuacións que ambas as dúas partes acorden tendentes a atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, con especial énfase nos colectivos máis vulnerables, mediante a provisión inmediata de bens e servizos esenciais para a supervivencia (auga, abrigo, medicamentos, atención sanitaria e/ou outro material de primeira necesidade) e paliar o sufrimento das poboacións afectadas por crises de longa duración e desequilibrios crónicos e estruturais, con énfases en países e poboacións de menor Índice de Desenvolvemento Humano (IDH).

O convenio de colaboración actívase cada vez que acontece unha emerxencia, logo da negociación e solicitude por parte de Farmamundi. Nos anos anteriores á activación destes convenios permitiu dar resposta inmediata e coordinada coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

Desenvolvemento (AECID) e o sistema das Nacións Unidas a diferentes emerxencias acaecidas.

Axuda Xunta de Galicia: 100.000 € (2024).

Ao abeiro deste convenio foron financiadas as seguintes intervencións:

1. Intervención de emerxencia para a atención de necesidades da poboación desprazada internamente na provincia de Kivu Norte, República Democrática do Congo (RDC), por importe de 9.948 €.
2. Intervención sociosanitaria de emerxencia para mellorar o acceso a servizos sanitarios e de protección dos/as refuxiados do asentamento de Adjumani, Uganda, por importe de 8.988 €.
3. Intervención sociosanitaria de emerxencia para a provisión de axuda alimentaria e kits de hixiénicos no campo de persoas refuxiadas de Nur Shams en Tulakrem, Cisxordania, Palestina, por importe de 8.988 €.
4. Intervención de emerxencia para dar asistencia alimentaria á poboación desprazada na provincia de Niassa, afectada pola crisis humanitaria en Cabo Delgado, Mozambique, por importe de 8.988 €.
5. Intervención de emerxencia para proporcionar aloxamento seguro e satisfacer as necesidades básicas da poboación desprazada internamente afectada pola nova ofensiva rusa en Kharkiv, na rexión de Poltava, Ucraína, por importe de 6.988 €.
6. Intervención de emerxencia para atender as necesidades básicas e garantir a dignidade humana da poboación desprazada e afectada polos ataques ao territorio libanés, por importe de 10.988 €.
7. Intervención de emerxencia para dotar de saúde integral, protección e restitución de dereitos das mulleres afectadas pola VS e VBX e o conflito armado en Tigrai, Etiopía, por importe de 8.988 €.
8. Intervención de emerxencia para garantir a estabilidade socioeconómica de unidades de convivencia encabezadas por mulleres afectadas pola escalada de hostilidades en Líbano, por importe de 9.738,00 €.
9. Intervención de resposta humanitaria multisectorial integrada e orientada á resiliencia da poboación desprazada interna en Jindires, noroeste de Siria, por importe de 8.782,00 €.
10. Intervención sociosanitaria para a redución de enfermidades prevalentes e infectocontaxiosas na Gobernación de Al Hodeidah, Yemen, nun contexto de guerra civil, por importe de 8.616€.
11. Intervención sociosanitaria de emerxencia para atender as necesidades da poboación desprazada internamente zonas de saúde de Butembo y Katwa, provincia Kivu norte na República Democrática do Congo (RDC), importe de 8.988€.

Convenio de colaboración coa Fundación UNICEF Comité Español para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

O convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade Fundación UNICEF Comité Español para a execución de actuacións e proxectos en materia de acción humanitaria e de emerxencia, en países con poboacións afectadas por catástrofes de orixe natural ou humana, co fin de paliar o sufrimento das poboacións afectadas e cantas outras actuacións se poidan promover en beneficio destas poboacións. Neste ano 2024 o convenio contou cunha dotación inicial de 50.000 €, aos que se lle sumaron 50.000 € máis, a través da sinatura dunha addenda.

Axuda Xunta de Galicia: 100.000 € (2024)

Ao abeiro deste convenio e addenda foron financiadas as seguintes intervencións:

1. Resposta ás necesidades humanitarias da infancia en Gaza - Adquisición e distribución de subministracións esenciais de saúde, por importe de 50.000 €.

2. Resposta ás necesidades humanitarias da infancia no Líbano: Adquisición e distribución de subministracións de emerxencia ás familias desprazadas, por importe de 50.000 €.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Convenio de colaboración coa entidade UNRWA España para a execución do proxecto "mellora do benestar psicosocial da poboación infantil e moza desprazada nos refuxios de UNRWA tras a escalada de violencia iniciada en outubro 2023 na Franxa de Gaza", cun importe 50.000 €.

Convenio de colaboración coa Fundación España con ACNUR para a execución do proxecto "protección e asistencia de emerxencia para a poboación desprazada na Provincia de Cabo Delgado, Mozambique", cun importe de 50.000 €.

Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), para reforzo da atención sanitaria a través da dotación de equipos, medicamento e alimentación no Hospital Nacional Central, cun importe: 100.000 €.





CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

## 5.2.2 Convenios de colaboración do ano 2023

Convenio entre a Cooperación descentralizada, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a actuación conxunta e coordinada en materia de Acción Humanitaria 2023/2026.

Con cargo á dotación correspondente á anualidade 2024 do Convenio asinado no 2023 entre a Cooperación descentralizada (14 CCAA), a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a actuación conxunta e coordinada en materia de Acción Humanitaria 2023/2026, ao que a Xunta de Galicia aportou 100.000 € no 2024, foron financiadas as seguintes intervencións:

1. Intervención de UNICEF–Palestina para proporcionar servizos integrados esenciais de protección infantil e de saúde mental e apoio psicosocial a menores en situación de vulnerabilidade e as súas familias na Franxa de Gaza e Cisxordania.
2. Contribución á canastra básica alimentaria de 2024 da poboación dos Campamentos de Refuxiados Saharauís de Tinduf, proporcionada polo Programa Mundial da Alimentación (PMA).
3. Programa de atención a persoas migrantes e comunidades de acollida na rexión do Darién, en Panamá, a través da Cruz Vermella – Panamá.
4. Plan de Resposta Rexional de ACNUR para a Crise de Refuxiados/as de Sudán.
5. Resposta do Fondo das Nacións Unidas (FNUAP) ás necesidades urxentes relacionadas coa violencia de xénero que afecta á mulleres e nenas a través do acceso a servizos de saúde sexual e reprodutiva de calidade na rexión de Tillabery, Níxer.
6. Programa de transición para a poboación refuxiada en Mauritania do Programa Mundial de Alimentos (PMA).
7. Chamamento do Comité Internacional da Cruz Vermella (CICR) para garantir a protección da poboación civil, brindar atención médica crítica ás persoas feridas de guerra e abordar as necesidades esenciais de todas as persoas afectadas polo conflito no Líbano.

Convenio con Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e a Asociación Ecos do Sur, para o apoio conxunto ao "I Programa Galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos."

Este convenio tivo unha dotación para o 2024 de 38.490,72 €, 19.245,36 € do programa 331A e a mesma cantidade por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da cota correspondente a Galicia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, para seren destinados ao financiamento de actuacións no I Programa galego de Acollida Temporal a Defensoras de Dereitos Humanos.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779





CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

# 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

## 6.1 Convocatoria 2024 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltos polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e as causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento.
- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A orde que regula estas convocatorias foi publicada no DOG do 27 de xuño de 2024. Trátase dunha convocatoria plurianual cunha dotación total de 600.000 € (240.000 € para o ano 2024 e 360.000 € para o ano 2025).

Presentáronse 25 solicitudes e foron subvencionados 17 proxectos.

Os proxectos aprobados foron os seguintes:



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

Orde do 14 de xuño de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR804A 2024-14 | Asemblea de Cooperación pola Paz | Escolas sen racismo, Escolas para a paz e o desenvolvemento (ESR-EpD). COÑECE!: Fortalecendo as actitudes e capacidades xeradoras de conciencia crítica asociadas a procesos de cambio persoal que aumenten o compromiso social de comunidades escolares, universitarias, da base social de ACPP Galicia e sociedade civil galega. | 39.001,06 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-5 | Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) | Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educomunicativos do alumnado de secundaria de Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab\| Laboratorio de EpD) | 38.500,00 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-19 | Farmacéuticos Mundi agrupada coa Universidade de Santiago de Compostela | A Aprendizaxe-Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria. Fase V | 50.100,00 | 45.000,00 | 18.000,00 | 27.000,00 | 45.000,00 |
| PR804A 2024-6 | Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) | Promover a co-responsabilidade e dotar de novas capacidades e ferramentas ao alumnado de educación secundaria e superior de Galicia para contrarrestar os discursos do odio desde o enfoque de dereitos humanos (Xeración Contrainfo Fase III) | 38.325,66 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-10 | Fundación Ayuda en Acción | Education4ThePlanet: xuventude galega activados pola axenda 2030 e a acción polo clima | 36.738,45 | 34.901,53 | 13.960,61 | 20.940,92 | 34.901,53 |
| PR804A 2024-13 | Arquitectura sen Fronteiras agrupado coa Universidade de A Coruña | Agra: un barrio de coidados. Fortalecidas capacidades para a defensa do Dereito ao Hábitat, no marco da axenda 2030-ODS, desde a participación social comunitaria e a perspectiva interseccional. Fase 2 | 52.500,00 | 45.000,00 | 18.000,00 | 27.000,00 | 45.000,00 |
| PR804A 2024-17 | Asemblea de Cooperación pola Paz | Abeirar: promovendo actitudes e capacidades de comunidades escolares, mocidade, TdR e TdO asociadas a procesos de cambio persoal que aumenten o compromiso social e institucional a favor da empatía intercultural cun enfoque reflexivo e crítico. | 38.888,89 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

Orde do 14 de xuño de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR804A 2024-9 | Fundación Ayuda en Acción agrupada coa Fundación Educación y Cooperaciób- EDUCO, Fundación Entreculturas Fe y Alegría, Fundación taller de Solidaridad e a Universidade de Santiago de Compostela | Campaña Mundial pola Educación 2025 | 47.500,08 | 45.000,00 | 18.000,00 | 27.000,00 | 45.000,00 |
| PR804A 2024-7 | Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia | Hackers Sen Fronteiras. Tecnoloxías para o ben común e os dereitos humanos no ensino secundario de Galicia, fase 2. | 44.840,00 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-3 | Manos Unidas | Fame cero: sensibilización, formación e concienciación sobre o dereito humano á alimentación e o ODS 2 en centros rurais de ensino infantil e primario. Fase III | 52.527,21 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-4 | Fundación Intered | Sementando Coeducación dende o rural. Fase II. | 37.600,00 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-16 | Asociación Ecos do Sur agrupada coa Universidade de Santiago de Compostela | ODiSeIA: educación, participación e mobilización para reducir o impacto das narrativas discriminatorias e anti Axenda 2030 | 61.042,33 | 44.701,73 | 17.880,69 | 26.821,04 | 44.701,73 |
| PR804A 2024-12 | Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia | Tecnoloxía para o ben común e os dereitos humanos nos ámbitos profesionais tecnolóxicos de Galicia, fase 1 | 59.790,00 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-2 | Asociación Amigas da Terra | Rede eco Hortas Escolares | 29.505,04 | 27.925,00 | 11.170,00 | 16.755,00 | 27.925,00 |
| PR804A 2024-24 | Solidariedade Internacional de Galicia | O Globo. Observatorio, escola e espazo de participación | 38.600,51 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

Orde do 14 de xuño de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

| Nº expediente | Entidade solicitante | Denominación do proxecto | Orzamento total | Subvención solicitada | Subvención concedida | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Total 2024 | Total 2025 | Total |
| PR804A 2024-20 | Fundación Educación y Cooperación- EDUCO | A protección na infancia dende a mirada da Axenda 2030. Unha ollada ao Sur e o ApS como camiño á transformación social | 37.146,87 | 35.000,00 | 14.000,00 | 21.000,00 | 35.000,00 |
| PR804A 2024-21 | Solidariedade Internacional de Galicia | O Movemento Social do Comercio Xusto como exercicio de Cidadanía Global: unha contribución á consecución da Axenda 2030 dende Galicia (III) | 12.034,49 | 35.000,00 | 2.988,70 | 4.483,04 | 7.471,74 |
| | | TOTAL | | | 240.000,00 | 360.000,00 | 600.000,00 |

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## 6.2 Convocatoria 2023 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Tamén, no ano 2024, se deu continuidade aos 16 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobados no 2023 no marco da Orde do 26 de maio de 2023, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 107, do 7 de xuño de 2023), que tiñan anualidade 2024, por un total de 360.000 €

## 6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes

### 6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2024

No ano 2024 asináronse catro convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e o fortalecemento de axentes.

Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD para a "Mellora das capacidades da coordinadora galega de ONGD para representar e fortalecer ás ONGD galegas", por un importe de 100.000 €.

Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a execución do proxecto "A Axenda 2030, un reto local nun mundo en transformación V", para actuacións de sensibilización, formación e fortalecemento, por un importe de 60.000 €

Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución da XII edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2024-2025", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2024 e 40.000€ no ano 2025).

Convenio bianual de colaboración coas tres universidades galegas para a execución do proxecto de "Consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) 2020-2023 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable" por importe de 80.000 € (40.000 € para o ano 2024 e 40.000 € para o 2025).

### 6.3.2 Convenios de colaboración do ano 2023

Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (AGARESO) e Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) para a execución da XI edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2023-2024", por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2023 e 40.000€ no ano 2024).

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779






CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

## 6.4 Convocatoria 2023 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento

No ano 2023 publicouse a Orde do 14 de xuño de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 119, do 23 de xuño de 2023), sendo aprobados un total de 7 proxectos, que teñen continuidade no 2024, por un importe total de 100.000 €.

## 6.5 Formación

No ano 2024 publicouse a convocatoria para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o Desenvolvemento.

### 6.5.1 Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento

A Orde do 29 de abril de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, foi publicada no DOG do 10 de maio. Recibíronse un total de 18 solicitudes, entre as que se seleccionaron a dúas persoas con destino na DXRREE e coa UE e catro con destino nas OCE de Bolivia, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento teñen unha duración de 12 meses e a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadías na sede da DXRREE e coa UE ou nas Oficinas da Cooperación Española dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento destinado a estas bolsas foi de 104.600 € (32.200 € para o ano 2024 e 72.400 € para o ano 2025), ao que hai que engadirlle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras (4.391,28 €).

Ademais deuse continuidade ás bolsas de formación concedidas con cargo á convocatoria do ano 2023.

### 6.5.2 Xornada de formación: Indicadores de Rendición de Contas (IRC) da Cooperación Española.

A Cooperación Española, xunto cos principais axentes da axuda ao desenvolvemento en España, realizou un importante esforzo para a orientación a resultados das políticas e estratexias da cooperación, e neste sentido impulsou avances para construír un modelo de rendición de contas baseado en indicadores adaptado ás especificidades da Cooperación Española. Co obxectivo dar a máxima difusión destes novos indicadores de rendición de contas, así como da súa metodoloxía de cálculo, entre o sector da cooperación ao desenvolvemento galego realizouse un taller de formación, a Xornada de presentación dos Indicadores de Rendición de Contas (IRC) da Cooperación Española, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# 7. Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE citadas anteriormente, ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia levaron a cabo actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, que non estaban previstas no citado Plan.

Pódense destacar as seguintes:

- A Consellería de Política Social asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS) para o desenvolvemento do programa "Vacacións en Paz 2024", por un total de 100.000 €.

- A Consellería do Mar destinou 127.716,61 € aos seguintes proxectos executados polo CETMAR:

  "Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesquerías", ao que se destinaron 38.724,61 €.

  "Accións de apoio á Rede Iberoamericana de Investigación Pesqueira na implementación do Decenio das Ciencias Oceánicas para o Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030", ao que se destinaron 53.150,90 €.

  "Desenvolvemento de documentos oficiais e material de capacitación necesarios para a profesionalización do sector pesqueiro, con asesoría en deseño para mellorar embarcacións pesqueiras artesanais e capacitación sobre como construír embarcacións pesqueiras de mellor calidade, e provisión de dous prototipos de embarcacións fabricadas en base a elo, en Santo Tomé e Príncipe", ao que se destinaron 35.841,40 €.

- A Consellería de Sanidade destinou 458.359,25 €, para dar cobertura sanitaria pública a nenos e nenas beneficiarios dos programas "Vacacións en Paz" e "Madrassa" da SOGAPS, e dos acordos asinados coa Fundación Emalaikat e con Itinera Faciendo, entre outras coberturas sanitarias prestadas.

- A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes destinou 35.000 € ao proxecto presentado pola SOGAPS "Remodelación da Casa sanitaria de Galicia nos Campamentos Saharauís", tralas inundacións que afectaron os campamentos no mes de setembro de 2024.

Cabe destacar ademais que o CETMAR recibiu o financiamento da AECID por un importe de 8.950€ para unha asistencia técnica para a formulación dunha intervención orientada ao abordaxe integral da problemática do sargazo na rexión do Caribe. (Identificación SARGAZO) e de 14.800€ para un servizo especializado de acuicultura para a oficina etíope da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento (2024_Identificación Etiopía). Así mesmo, e do FONDO DE COOPERACIÓN TRIANGULAR UE-ALC (PROGRAMA ADELANTE 2), recibiu 14.840€ para fortalecemento sostible na implementación de programas en artes e métodos de pesca selectivas e amigables co ecosistema dirixidos a profesionais, técnicos, pescadores e outros actores claves do sector pesca en Costa Rica.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

# 8. Transparencia e rendición de contas

## 8.1 Publicacións

### Publicación do Informe 2023 da Cooperación Galega

No ano 2024, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2023 da Cooperación Galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.

### Publicación do Informe sobre os 30 anos da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

Transcorridos trinta anos dende os inicios da política pública autonómica en materia de cooperación ao desenvolvemento, e co obxectivo de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, publícase este informe co fin de difundir e dar a coñecer á cidadanía e aos axentes de cooperación a política de cooperación que dende Galicia se levou a cabo neste período 1992-2023.









CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envío: 30/05/2025 09:49:28.779

## 8.2 Avaliacións

Co obxecto de seguir mantendo o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza a Cooperación Galega, así como de potenciar a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, no ano 2024 contratáronse os servizos para realizar as seguintes avaliacións:

- As avaliacións ex-ante dos proxectos que se presenten ao abeiro das convocatorias.
- A avaliación intermedia do V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.
- A realización dun diagnóstico sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidades na Cooperación Galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia que se vai seguir na súa implementación.

## 8.3 Páxina web da Cooperación Galega

A información relativa ás actividades da Cooperación Galega está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega, https://cooperacion.xunta.gal, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:49:28
Nº Rexistro: 26519
Data envio: 30/05/2025 09:49:28.779

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 30/05/2025 9:49:25**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26211
Data envio: 23/05/2025 09:23:57.809

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ariadna Fernández González,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a baixada de entregas do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise demográfica que sofre Galiza é unha evidencia e a fixación da poboación é actualmente imprescindible se non queremos que o número de aldeas baleiras aumente, ao igual que o fan aquelas que teñen un só habitante. A loita contra a desaparición do que coñecemos coma o noso rural ten como pata principal a xeración de emprego neste, acompañada por suposto da prestación de servizos, para que todas e todos os galegos residan onde residan gocen das mesmas vantaxes no seu día a día.

Neste emprego do que se falaba anteriormente, un dos sectores xeradores de postos de traballo máis potentes nestas áreas é o agrogandeiro, que en Galiza move millóns de euros en producións de carne, leite, mel, hortalizas ou froitas, por exemplo. Máis as flutuacións en canto a prezos en orixe e a cantidade de variables que inflúen na rendibilidade final dos agricultores e das gandeiras, entre outros factores, fan que o sector non sexa atractivo en exceso para as persoas novas do noso país, pechando empresas adicadas a este tipo de producións contantemente.

Un dos máis afectados pola problemática da falla de relevo xeracional, pola variación nas producións, as inclemencias climáticas e as crises sanitarias das últimas tempadas e así coma polas oscilacións nos prezos do produto é o sector lácteo galego. Este, de vital importancia na economía do noso país, supón case un 2% do noso PIB e



Asinado o día 23/05/2025 ás 09:18
Por Ariadna Fernández González

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

cumpre, asemade, unha función non menos importante no noso rural e a súa pervivencia, en risco cada vez maior de desaparecer.

O peche constante de explotacións, motivado polas crises reiteradas de prezos que amosan que o noso produto é o menos pagado do estado español, os contratos de curta duración que restan estabilidade e a falla de industria transformadora lastran, dende hai anos, o avance dos nosos gandeiros e gandeiras, cuxos fillos e fillas non optan na maioría dos casos por asumir a titularidade da explotación á hora da xubilación dos seus proxenitores, que en moitos casos se fan xa de xeito temperá, sen agardar a idade estipulada, contando con algo máis de 5000 na actualidade.

Este abandono de explotacións de produción de leite, na maior parte dos casos de tamaño pequeno e mediano, non é capaz de compensarse por vez primeira coa produción das grandes granxas, coma acaba de quedar patente nas últimas informacións que chegan dende o Ministerio de Agricultura, onde se expón unha baixada das nosas entregas de leite. Aínda que non pareza excesivo, o descenso do 0,78% nesta produción en comparanza co ano anterior, contrasta co habitual e recorrente nos últimos períodos analizados, onde sempre se foron mantendo as toneladas entregadas en Galiza, resistindo o peche, feito que agora non acontece.

Se a cantidade producida é menor á habitual e o prezo continúa a ser o menor do estado é previsible que o sector, na súa totalidade, ao non ser capaz de recoller o valor engadido, xere menos beneficios no noso país, algo que se traduce a nivel económico nas granxas e en moitos dos actores indirectos implicados, que tamén verán minguada a súa actividade.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Como valora o goberno da Xunta de Galiza a baixada da produción de leite no noso país segundo os últimos datos, contradicindo a tónica habitual dos derradeiros anos?

. Cal é a solución da Xunta de Galiza para deter o peche progresivo de explotacións de pequeno e mediano tamaño?

. Considera a Xunta de Galiza que as medidas que aporta para o sector lácteo están a ter os resultados esperados?

. Que datos e conclusións se poden extraer do Observatorio do Sector Lácteo ao respecto desta baixada de produción?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26211
Data envio: 23/05/2025 09:23:57.809

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 23/05/2025 9:18:32**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26211
Data envio: 23/05/2025 09:23:57.809

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 9:23:58**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:02:35
Nº Rexistro: 26218
Data envio: 23/05/2025 11:02:35.936

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a vontade da Xunta de Galiza para dar o visto e prace ao Grao de Enfermaría na Universidade privada UIE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa ocorrera hai uns meses cos casos do Grao de Psicoloxía e de Dereito da UIE e coa Universidade privada Emilia Pardo Bazán a Xunta de Galiza segue sen aclarar cal vai ser a súa postura sobre que a Universidade Intercontinental de la Empresa, a Universidade Abanca, imparta o Grao de Enfermaría, xa existente no Sistema Universitario Galego, é dicir, nas universidade públicas.

Deste xeito, no caso de permitir a implantación volveríase a contradicir a normativa que exixe evitar duplicidades entre a universidade pública e a privada. Neste caso estamos a falar dun grao que se imparte nos sete campus universitarios galegos, polo que a duplicidade é máis que obvia.

Alén disto, mentres os sindicatos están a denunciar o evidente incumprimento da Lei Galega de 2013, a Xunta segue a facilitar a privatización do noso ensino universitario, ao mesmo tempo que continúa a infrafinanciar ás universidades públicas que a duras penas son capaces de facer fronte ao gasto estrutural das mesmas.

Por último, son as propias universidades públicas galegas as que criticaron publicamente esta decisión, cualificándoa como inxusta e como un ataque contra a lexislación galega, o que evidencia de novo como o goberno do PP segue sen escoitar ás universidades públicas do noso país.

Asinado o día 23/05/2025 ás 10:58
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:02:35
Nº Rexistro: 26218
Data envio: 23/05/2025 11:02:35.936

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza dar o seu visto e prace á implantación do Grao de Enfermaría na Universidade Intercontinental de la Empresa (UIE)?

- Considera a Xunta de Galiza que este grao incumpre a Lei Galega de 2013?

- Son suficientes para a Xunta de Galiza os 7 campus universitarios públicos nos que se oferta este grao no noso país?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 11:02:35
Nº Rexistro: 26218
Data envío: 23/05/2025 11:02:35.936

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/05/2025 10:58:38

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 11:02:36**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 12:20:26
Nº Rexistro: 26253
Data envio: 23/05/2025 12:20:26.532

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

O casco vello de Corme Porto, situado no concello de Ponteceso, representa un exemplo claro da situación crítica que atravesan moitos núcleos históricos galegos. Trátase dunha vila mariñeira con grande identidade cultural e patrimonial, marcada pola súa relación co mar e coa tradición percebeira, mais que nos últimos anos está a sufrir un proceso acelerado de despoboamento, abandono e degradación urbana.

Numerosas vivendas do centro histórico atópanse actualmente baleiras, deterioradas ou directamente en ruínas, sen que existan instrumentos efectivos que permitan a súa recuperación. A situación vese agravada pola complexidade legal que impide a súa venda ou rehabilitación: moitas propiedades pertencen a múltiples herdeiros, están fóra do mercado inmobiliario ou carecen dunha titularidade clara. Esta realidade supón un freo evidente para a iniciativa privada e contribúe á parálise do tecido urbano e social da vila.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asemade, Corme sofre unha desertización demográfica evidente, cunha poboación envellecida e a emigración continua da xente nova pola falta de oportunidades laborais e residenciais. A perda de habitantes vai acompañada da desaparición de servizos, do peche de negocios locais e da progresiva perda de vitalidade comunitaria.

Neste contexto, cómpre sinalar que Corme Porto non está incluído no Plan Rexurbe da Xunta de Galicia, un instrumento especificamente deseñado para actuar sobre este tipo de situacións. O Plan Rexurbe, impulsado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), ten como obxectivo revitalizar os cascos históricos mediante a adquisición, rehabilitación e posterior venda ou alugueiro de vivendas con criterios sociais e patrimoniais. A súa aplicación en concellos como Ferrol, Ribadavia, Betanzos ou Viveiro está a dar resultados positivos, freando o abandono e favorecendo o asentamento de nova poboación.

A exclusión de Corme Porto deste plan resulta especialmente incomprensible, tendo en conta que reúne todos os requisitos: un casco histórico con vivendas abandonadas, dificultades para a rehabilitación privada, perda de poboación, valor patrimonial e risco de desaparición do seu tecido social. Así pois, urxe incorporar o casco vello de Corme Porto ao Plan Rexurbe, dotando ao núcleo histórico dos medios necesarios para recuperar vivendas, atraer nova poboación, revitalizar a actividade económica e preservar o seu valor patrimonial e cultural. A intervención pública é, neste caso, non só necesaria, senón tamén unha obriga ética e política para evitar que Corme siga camiño da desaparición funcional como vila habitada e viva.

A revitalización do casco vello de Corme Porto é posible, pero precisa vontade política, recursos e unha planificación integral, así pois, o Plan Rexurbe representa a ferramenta idónea para iniciar ese camiño.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Cando ten previsto a Xunta de Galicia incluír o casco vello de Corme Porto no Plan Rexurbe para abordar o seu despoboamento, rehabilitar vivendas e revitalizar a economía local?

2. Prevé a Xunta facilitar axudas directas ás persoas que queiran rehabilitar vivendas no casco vello de Corme Porto?

Santiago de Compostela, a 23 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 23/05/2025 12:14:49**

**Carlos López Font na data 23/05/2025 12:14:58**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:10:20
Nº Rexistro: 26262
Data envio: 23/05/2025 13:10:20.307



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

O balneario de Berán, situado no concello de Leiro (Ourense), permanece pechado a pesar dos importantes investimentos públicos que ten recibido nos últimos anos. Diversas administracións públicas teñen participado no financiamento de actuacións para a rehabilitación, modernización e posta en valor deste recurso termal, con fondos procedentes de subvencións, convenios e outras liñas de axuda.

A cidadanía da comarca do Ribeiro e o conxunto da sociedade galega teñen dereito a coñecer o destino dos recursos públicos investidos, así como a planificación prevista para a reapertura e funcionamento deste equipamento, clave para o desenvolvemento económico e turístico da zona.

Por todo isto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

O balneario de Berán, situado no concello de Leiro (Ourense), permanece pechado a pesar dos importantes investimentos públicos que ten recibido nos últimos anos. Diversas administracións públicas teñen participado no financiamento de actuacións para a rehabilitación, modernización e posta en valor deste recurso termal, con fondos procedentes de subvencións, convenios e outras liñas de axuda.

Asinado o día 23/05/2025 ás 13:09
Por Carmen Rodríguez Dacosta

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A cidadanía da comarca do Ribeiro e o conxunto da sociedade galega teñen dereito a coñecer o destino dos recursos públicos investidos, así como a planificación prevista para a reapertura e funcionamento deste equipamento, clave para o desenvolvemento económico e turístico da zona.

Por todo isto, a deputada que asina formula as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Podería o Goberno galego detallar as subvencións, axudas e investimentos realizados a través de fondos europeos dende o ano 2000, especificando importes, datas e conceptos?
2. Pode confirmar a Xunta de Galicia si se cumpriron os obxectivos e requisitos de continuidade e uso público esixidos pola normativa europea?

Santiago de Compostela, a 23 de maio do 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:10:20
Nº Rexistro: 26262
Data envio: 23/05/2025 13:10:20.307

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/05/2025 13:09:49**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:10:20
Nº Rexistro: 26262
Data envio: 23/05/2025 13:10:20.307

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 13:10:23

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:26:18
Nº Rexistro: 26267
Data envio: 23/05/2025 13:26:18.482

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 23/05/2 13:18
Por Daniel Castro Ga
Asinado o día 23/05/2025 ás 13:18
Por Iria Taibo Corsanego
Asinado o día 23/05/2025 ás 13:18
Por Mercedes Queixas Zas

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta reforzar a oferta de produtos culturais en galego para a infancia e a mocidade como axente transformador de normalización lingüística.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A infancia e a mocidade representa un dos segmentos máis relevantes á hora de analizar as dinámicas de consumo cultural e o futuro da lingua galega.

Coñecer que espazo ocupa este público na programación e produción cultural en lingua galega é determinante para analizar a oferta e a súa adecuación á demanda.

Este obxectivo é importante en calquera contexto lingüístico e cultural, mais é imprescindíbel cando se tratar dun feito cultural que nace desde unha lingua minorizada e que, nesta altura, presenta unha situación de emerxencia polo devalo progresivo no número de falantes e, por primeira vez, pola falta de competencia nas xeracións máis novas.

Os produtos culturais constitúen un axente potencialmente transformador no proceso de normalización lingüística, polo que planificar unha oferta diversa e plural de oferta positiva na lingua minorizada é fundamental para asegurar un futuro vivo e pleno en todos os usos lingüísticos e espazos de socialización.

A percepción social entre a oferta e a demanda de produtos culturais en galego foi analizada polo Consello da Cultura Galega en diferentes traballos. A diagnose revela



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:26:18
Nº Rexistro: 26267
Data envío: 23/05/2025 13:26:18.482

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha clara carencia de oferta en galego para o público infantil e adolescente, nomeadamente en sectores como os xogos de mesa e xoguetes, na ciencia e divulgación, no audiovisual, nos contidos de redes sociais, videoxogos e Internet.

Existe un consenso moi amplo sobre a necesidade de incrementar os contidos en galego dirixidos á infancia e á mocidade, o que explica a forte demanda de reforzo nestes mesmos ámbitos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que accións está a planificar a Xunta para reforzar o apoio por parte da Administración, en colaboración cos sectores culturais galegos, para ensanchar e diversificar a oferta de produtos culturais en galego para a infancia e a mocidade como parte do proceso transformador de normalización lingüística?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:26:18
Nº Rexistro: 26267
Data envio: 23/05/2025 13:26:18.482

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 23/05/2025 13:18:31**

**Iria Taibo Corsanego na data 23/05/2025 13:18:38**

**Daniel Castro García na data 23/05/2025 13:18:46**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/05/2025 13:26:18
Nº Rexistro: 26267
Data envio: 23/05/2025 13:26:18.482

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/05/2025 13:26:19

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 10:35:16
Nº Rexistro: 26285
Data envio: 26/05/2025 10:35:16.280

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández,** deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a defensa dun servizo ferroviario útil na estación da Gudiña-Porta de Galiza e a solicitude de revisión dos horarios dos trens.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente saíron á venda os billetes para viaxar no corredor de alta velocidade Madrid-Galiza para este verán, e atopámonos cunha modificación nas frecuencias e horarios dos trens de alta velocidade que dan servizo á estación da Gudiña – Porta de Galiza, reducindo as frecuencias diarias, ata á metade nalgúns casos, e concentrando as saídas e chegadas nas horas centrais do día, ademais de aumentar os tempos de viaxe cara Vigo, Santiago e A Coruña. Estes novos horarios fanse incompatibles cos usos laborais, sanitarios, educativos e doutros servizos básicos, prexudicando gravemente á veciñanza da comarca e das áreas de influencia da estación.

A estación da Gudiña – Porta de Galiza é unha infraestrutura clave para a mobilidade da poboación do oriente ourensán e zonas limítrofes, especialmente nun contexto de despoboamento e afastamento dos grandes centros sanitarios, administrativos e de comunicación. A perda de frecuencias e a mala adaptación dos horarios supón un retroceso na vertebración do territorio, dificultando o acceso a servizos esenciais, a conciliación familiar, o desenvolvemento económico e incrementando o illamento da zona.

Algúns exemplos de usos afectados son os seguintes:



Asinado o día 26/05/2025 ás 10:33
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 10:35:16
Nº Rexistro: 26285
Data envio: 26/05/2025 10:35:16.280

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- **Sanidade:**
  - *Ata agora*: Chegada a Ourense arredor das 9:00 e a Santiago/Vigo sobre as 11:00, con volta ata as 18:50 (Ourense) ou 17:15 (Vigo/Santiago).
  - *A partir de agora*: Chegada a Ourense non antes das 11:00 e volta adiantada ás 17:00. Para Vigo e Santiago, chegada ás 15:30, obrigando a viaxar o día anterior e asumir gastos extra.
- **Estudantado**

Moita xente nova estuda en Ourense, Santiago, Vigo ou Madrid, implicando cos novos horarios dificulten asistir a clases, exames ou regresar á casa as fins de semana.

- **Traballadores**
  - *Ata agora*: Era posible usar o tren para vir traballar á área de influencia da Gudiña-Porta de Galicia e tamén para desprazarse desde aquí a Ourense ou Madrid e volver no día.
  - *A partir de agora*: Os primeiros trens saen moito máis tarde (de 8:30 a 10:30 ou mesmo despois das 12:00), e o último tren adiántase, facendo inviable a viaxe laboral diaria tanto para quen vén coma para quen marcha.
- **Acceso a servizos administrativos e xudiciais:**

Xestións en organismos públicos ou xulgados (trámites, xuízos, oposicións, etc.) requiren chegar cedo ás capitais, o que xa non se pode facer no día.

- **Turismo rural e desenvolvemento local:**

O turismo na zona depende da accesibilidade. Menos trens e peores horarios desaniman as visitas, afectando a casas rurais, restaurantes e tendas.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- **Emerxencias e mobilidade ante imprevistos:**

A redución de opcións limita a capacidade de resposta ante emerxencias médicas, familiares ou laborais, aumentando a sensación de illamento.

Ante esta situación e na defensa deste servizo público prioritarios para a veciñanza das comarcas afectadas dende o BNG apoiamos todas as reivindicacións que se están a levar a cabo para que Renfe de marcha atrás nesta redución e cambio de horarios dende a estación Porta de Galiza na Gudiña.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto a decisión de Renfe de recortar e modificar os servizos ferroviarios de alta velocidade dende a estación de Porta de Galiza na Gudiña?

2. Coñece a Xunta de Galiza os motivos para eliminar os servizos máis útiles para as comarcas afectadas que son os trens das primeiras horas da mañá e a últimas da tarde dende a estación "Porta de Galiza" da Gudiña cara Madrid, e cara a Ourense?

3. Coñece a Xunta de Galiza os motivos para concentrar os servizos de trens dende Porta de Galiza nas horas centrais do día, que é cando menos utilidade presta as veciñas e veciños das comarcas de Monterrei, Viana e Valdeorras'?

4. Que xestións e medidas fixo e adoptou a Xunta de Galiza ante Renfe e o ministerio de transportes para que dera marcha atrás nestas modificacións dos servizos de tren dende a estación de "Porta de Galiza" na Gudiña?

5. Coñece a Xunta de Galiza o manifesto apoiado por 22 alcaldesas e alcaldes galegos, das comarcas afectadas, 4 de Zamora e os presidentes de 2 cámaras municipais de Portugal?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 10:35:16
Nº Rexistro: 26285
Data envio: 26/05/2025 10:35:16.280

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Vai apoiar a Xunta de Galiza a estas xustas reivindicación expresada polos alcaldes e alcaldesas, corporacións municipais e as veciñas e veciños?

7. Vai a Xunta de Galiza apoiar as medidas de presión que se fagan para reverter esta situación?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 10:35:16
Nº Rexistro: 26285
Data envio: 26/05/2025 10:35:16.280

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 26/05/2025 10:33:42**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 10:35:16
Nº Rexistro: 26285
Data envio: 26/05/2025 10:35:16.280

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 10:35:16**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 12:27:40
Nº Rexistro: 26295
Data envío: 26/05/2025 12:27:40.646

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputads do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os recursos do IMELGA para a realización de valoracións de danos psíquicos e a idoneidade de determinadas encomendas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2023 no Xulgado de Instrución núm. 1 de Santiago de Compostela en incoouse procedemento contra do Presidente da CRTVG e oito directivos máis pola presunta comisión de un delito contra os dereitas das traballadoras. Na querela que motivou o inicio das actuacións a vítima denunciou ter sufrido unha campaña, emprendida pola dirección da CRTVG, de descrédito persoal e profesional como consecuencia do que puido padecer un importante menoscabo da súa saúde psíquica e mental.

Así as cousas no mes de maio de 2023 a xuíza instrutora acordou oficiar ao Instituto de Medicina Legal de Galiza para que por este organismo se emitira informe psicosocial de valoración do estado psíquico da vítima.

O IMELGA conta en todas as Subdireccións Territoriais con persoal cualificado e especializado en valoración do dano corporal, o que abrangue a capacidade de analizar e informar sobre os menoscabos sufridos polas persoas na súa capacidade física, sensorial e tamén psíquica; así mesmo as Subdirección Territoriais deste Instituto público conta con equipas psicosociais, da que forman parte especialistas en psicoloxía, e Unidades de Valoración Forense Integral. Segundo recolle a última memoria publicada sobre a



Asinado o día 26/05/2025 ás 12:24 Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 26/05/2025 ás 12:24 Por Iria Carreira Pazos
Asinado o día 26/05/2025 ás 12:24 Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 12:27:40
Nº Rexistro: 26295
Data envío: 26/05/2025 12:27:40.646

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

actividade do IMELGA máis dun 58% dos informes emitidos polo Servizo de Clínica forense se refiren a valoración psiquiátrica, dos que un parte importante están constituídas por informes sobre a valoración dos danos psíquicos sufridos polas vítimas de delitos.

O día 23 de maio de 2023 o diario Público informaba que, a pesares de todo o anterior, o informe solicitado ao IMELGA polo Xulgado de Instrución de Santiago de Compostela en relación coa querela presentada contra a Dirección da CRTVG foi emitido por unha profesional externa ao IMELGA carente de especialización en psiquiatría, psicoloxía ou valoración do dano corporal sendo a súa titulación de licencia en medicina e cirurxía, con master en medicina estética. A autora do informe pericial solicitada polo Xulgado de Instrución, no ámbito da investigación penal, non só carece da especialización requirida senón que, segundo o referido diario, é a responsable da Unidade de Medicina Estética dunha clínica directamente relacionada con un ex-presidente do Consello de Administración da CRTVG e cunha ex-deputada do Partido Popular, organización política responsable do nomeamento e continuidade das persoas investigadas no procedemento penal.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Coñece a Xunta de Galiza a existencia dun oficio dos Xulgados de Instrución de Santiago de Compostela no que se interesa a emisión dun informe pericial sobre o estado psíquico dunha presunta vítima de acoso laboral por parte da Dirección da CRTVG?

A quen se encargou a evacuación do informe pericial?

Como foi a designación da profesional encargada de realizar a pericia, e a relación contractual coa mesma?

Emitiu máis informes pericial sobre valoración de danos psíquicos para o Instituto público?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No seu caso, cantos e para que Subdireccións Territoriais?

Conta o IMELGA en todas as súas Subdireccións Territoriais con persoal cualificado para a realización de informes periciais de valoración do estado psíquico das persoas?

Era necesaria a externalización da emisión do informe pericial ou o IMELGA conta recursos propios para atender a solicitude xudicial?

Considera a Xunta de Galiza que un master en medicina estética capacita singularmente para a realización de pericias psiquiátricas?

Coñecía a Xunta de Galiza que a profesional a quen se encargou a elaboración do informe pericial traballaba nunha empresa fundada por un ex-Presidente do Consello de Administración da CRTVG, e con persoas vencelladas ao Partido Popular?

Entende que esa relación de dependencia laboral pode limitar ou condicionar, sequera minimamente, a necesaria imparcialidade?

En calquera caso, entende a Xunta de Galiza irrelevante que o informe pericial proceda dunha traballadora pública, ou que, cando menos, non tivera relacións, directas ou indirectas, con interesadas no procedemento?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 12:27:40
Nº Rexistro: 26295
Data envio: 26/05/2025 12:27:40.646

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/05/2025 12:24:36**

**Iria Carreira Pazos na data 26/05/2025 12:24:43**

**Olalla Rodil Fernández na data 26/05/2025 12:24:55**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 26/05/2025 12:25:02**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 12:27:40
Nº Rexistro: 26295
Data envio: 26/05/2025 12:27:40.646

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 12:27:41**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26303
Data envío: 26/05/2025 14:21:51.262

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 26/05/2
14:20
Por Julio Abalde Alon

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey**, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ten a obriga de emitir informes preceptivos sobre determinadas actuacións urbanísticas que afectan ao patrimonio cultural. Moitos concellos da provincia de Pontevedra veñen manifestando demoras significativas na recepción destes informes, o que repercute negativamente na xestión urbanística e na seguridade xurídica de veciñas/veciños e promotores.

Asinado o día 26/05/2025 ás
14:20
Por Silvia Longueira Castro

Por todo isto, a deputada que asina formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o prazo medio que tarda a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en remitir aos concellos da provincia de Pontevedra os informes preceptivos no marco das solicitudes de autorización urbanística?

Santiago de Compostela, a 23 de maio do 2025

Asinado o día 26/05/2025 ás
14:20
Por Paloma Castro Rey

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26303
Data envío: 26/05/2025 14:21:51.262

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 26/05/2025 14:20:06

Silvia Longueira Castro na data 26/05/2025 14:20:14

Julio Abalde Alonso na data 26/05/2025 14:20:21

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26303
Data envío: 26/05/2025 14:21:51.262

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 14:21:52**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:56:25
Nº Rexistro: 26311
Data envio: 26/05/2025 16:56:25.143

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/05/2 16:53
Por Ariadna Fernánde

**Á Mesa do Parlamento**

**Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas** e **Ariadna Fernández González**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a sentenza que anula preto de 7000 carnés de manipulador de produtos fitosanitarios.

Asinado o día 26/05/2025 ás 16:52
Por Sonia Vidal Lamas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente miles agricultores titulares de explotacións agrarias tiveron coñecemento a través dos medios de comunicación a nova de que o seu carné de manipulador de produtos fitosanitarios quedaba anulado en virtude dunha sentenza xudicial. Esta está xerando unha grande alarma e desacougo entre os usuarios destes produtos.

Concretamente anúlase o carné de preto de 7000 usuarios afectados por esta sentenza xudicial. Esta anulación implica que deixan de estar rexistrados no ROPO (Rexistro de Operadores de Produtos Fitosanitarios), polo que non van poder adquirir os produtos fitosanitarios nin tampouco poden esparexelos nas súas fincas

Asinado o día 26/05/2025 ás 16:52
Por Secundino Fernández Fernández

A Consellería do Medio Rural ante esta situación parece ser que enviou unha circular a todas as tendas de fitosanitarios pedíndolles que revisen un a un os carnés dos seus clientes, para comprobar que seguen dados de alta no rexistro oficial do Ministerio (ROPO), advertíndolles das sancións que carrexaría seguir dispensando produtos a persoas non autorizadas.

Esta situación tan grave e caótica estase a dar precisamente cando xa se están a dar os primeiros tratamentos de produtos fitosanitarios; cando xa se comeza a súa



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

utilización nos principais cultivos de Galiza. Un problema que chega, polo tanto, en plena campaña de tratamentos contra enfermidades fúnxicas como o mildeu en viñedo ou horta e coa sementeira do millo en vacún de leite.

Esta actuación xudicial ven dada como consecuencia da chamada Operación Fito, que acabou por xulgar e condenar unha rede de concesión de carnés fraudulentos para a aplicación de produtos fitosanitarios.

A demanda masiva desta formación foi a raíz da entrada en vigor do Real Decreto 1311/2012 de uso sustentable de produtos fitosanitarios, desde o 26 de novembro de 2015. Este RD limita a venda dos produtos de uso profesional soamente a aqueles agricultores e gandeiros que conten coa titulación necesaria. A raíz da lexislación que obrigaba a facer o curso e dispor dun carné para comprar os produtos fitosanitarios, eran necesarios máis cursos, porén non se actuou no se fixeron as previsións adecuadas nin se potenciaron as oficinas agrarias encargadas de impartir esta formación.

Polo tanto este problema vén derivado do desmantelamento progresivo das oficinas agrarias comarcais e da privatización da formación por parte dos gobernos do PP na Xunta de Galiza.

Agora, as persoas afectadas pola sentenza estanse a atopar que cando acoden a unha tenda de fitosanitarios a mercar algún produto dinlles que o seu carné xa non está dado de alta, polo que non poden venderllo. A maioría son pequenos produtores, tanto en activo como xubilados, con hortas para autoconsumo ou pequenas producións para venda. Nesta situación as opcións que teñen os produtores que perderon o seu título de aplicador son, ou ben adquirir envases pequenos, dos que se autoriza mercar e utilizar a persoas sen carné para uso doméstico en xardíns ou hortas particulares, ou ben contratar a un profesional con capacitación cualificada, que o facultaría a poder aplicar

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:56:25
Nº Rexistro: 26311
Data envio: 26/05/2025 16:56:25.143

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tratamentos en fincas de terceiros. Porén outro produtor con carné básico non podería, nin mercar para un veciño nin utilizar produtos fitosanitarios nas súas parcelas.

Mentres isto pasa, a Xunta de Galiza parece que non actúa nin da ningunha solución aos miles de galegas e galegos afectados por esta fraude masiva. Unha fraude que se deu pola falla de inspección e control da administración autonómica que validou esta formación e polo tanto concedeu os carnés de manipulador de produtos fitosanitarios. A Xunta de Galiza seguiu avalando que seguiran impartindo estes cursos, polo que agora non se pode desentender desta xente afectada.

É necesario que a Xunta de Galiza busque solucións para estas persoas afectadas e por suposto facilitar cursos de formación impartidos pola consellería que resolvan esta problemática dunha maneira efectiva. A Xunta non pode culpar as persoas obxecto dunha fraude no que fallaron estrepitosamente os controis da administración gobernada polo PP. Unha administración que actuou de forma totalmente irresponsábel, non parando este mecanismo fraudulento. Unha vez coñecido en vez de paralo, avalouno, dicindo que era unha formación que cumpría coa lexislación e que era válida para obter a titulación requirida. Nese momento, fai 10 anos aproximadamente todo o mundo sabía o que estaba pasando e a Xunta do PP non actuou nin parou esta fraude, mirou para outro lado. A Consellaría do Medio Rural abandona as súas funcións e abandona aos centos de persoas que foron estafadas coa súa complicidade.

Diante desta gravísima situación pola que están a pasar preto de 7000 agricultoras e agricultores que foron enganados o BNG pide explicacións urxentes a Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

• Coñece a Xunta de Galiza esta sentenza, as súas consecuencias, e se é firme?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Por que a Xunta de Galiza non actuou no seu momento ao ter evidencias deste problema tan grave?

• Por que validou a Xunta de Galiza esta formación na que todo o mundo vía signos evidentes de fraude?

• Que pasou cos mecanismos de inspección e control da Xunta de Galiza para non detectar esta fraude que se estaba cometendo?

• Que solución vai dar a Xunta de Galiza as preto de 7000 persoas afectadas en Galiza?

• Por que a Xunta de Galiza non imparte a formación esixible necesaria para as persoas titulares de explotacións agrarias galegas?

• Por que a Xunta de Galiza desmantela as oficinas agrarias e impide impartir formación continua aos organismos dependentes da consellería, oficinas rurais e centros de formación dependentes da consellería do Medio Rural?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

**Sonia Vidal Lamas**

**Ariadna Fernández González**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:56:25
Nº Rexistro: 26311
Data envio: 26/05/2025 16:56:25.143

**Asinado dixitalmente por:**

**Secundino Fernández Fernández na data 26/05/2025 16:52:43**

**Sonia Vidal Lamas na data 26/05/2025 16:52:52**

**Ariadna Fernández González na data 26/05/2025 16:53:07**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 16:56:25
Nº Rexistro: 26311
Data envio: 26/05/2025 16:56:25.143

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 16:56:25

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 17:50:21
Nº Rexistro: 26332
Data envio: 26/05/2025 17:50:21.824

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para que a comarca do Salnés estea dotado dun servizo de urxencias terrestre extrahospitalario digno todo o ano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos ás portas do verán e existe moita preocupación na comarca do Salnés de que a Xunta volva un ano máis a trasladar a ambulancia medicalizada con base no hospital do Salnés para Sanxenxo durante a época estival, na vez de reforzar este concello e Ogrobe con unha ambulancia distinta.

Deixar na práctica sen ambulancia unha parte moi importante da comarca, a empezar por un concello de case 40 mil persoas como é Vilagarcía é unha temeridade e ten consecuencias dramáticas.

Son xa moitas as ocasión en que se puxo en evidencia as consecuencias de que a ambulancia medicalizada non estea no hospital do Salnés e polo tanto non estea en disposición de prestar asistencia en 5 minutos na vez dos 25 ou 30 se ven desde Sanxenxo, ou que xa non se active.

A isto hai que engadir que á ambulancia medicalizada que ten a súa base no hospital do Salnés, o 061 estalle asignando maioritariamente os traslados de doentes ingresados no hospital do Salnés a outros hospitais, aínda que o traslado non sexa urxente e as persoas a trasladar non estean en situación crítica ou de risco.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É sorprendente esta decisión cando no hospital do Salnés hai unha UVI móbil destinada unicamente a este fin que permanece aparcada. Esta conta con material, persoal técnico, así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas,

Unha auténtica irresponsabilidade, xa que mentres realizan eses traslados de doentes non críticos, a ambulancia medicalizada non está dispoñíbel para atender as urxencias que xurdan na comarca.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferencia entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o prognóstico e a supervivencia.

Esixímoslle rectificación ao PP, que priorice a saúde e a vida da veciñanza da comarca do Salnés e destine os recursos para que dispoñan dunha asistencia sanitaria digna.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Considera que está garantindo unha atención axeitada ás persoas que precisan transporte sanitario terrestre na comarca do Salnés?

Vai rectificar a decisión de utilizar a ambulancia medicalizada do 061 con base no Hospital do Salnés para realizar traslados entre hospitais, salvo casos excepcionais, xa que deixa descuberta á poboación da comarca sen atención durante horas?

Cal é a razón para non estar realizando os traslados intercentros coa UVI móbil destinada a este fin con base no propio hospital do Salnés, que conta con material,



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoal técnico así como facultativo e de enfermería do servizo de urxencias do propio hospital con gardas localizadas e remuneradas para tal fin?

Vai atender a demanda de que a ambulancia medicalizada, SVA, se manteña con base no hospital do Salnés os 12 meses do ano?

O vindeiro verán vai reforzar con outra ambulancia medicalizada, SVA,os concellos de Sanxenxo e O Grove pola súa alta afluencia de visitantes?

A que agarda para dotar as ambulancias de Soporte Vital Avanzado (SVA), que só teñen un técnico na actualidade, con dous?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 26/05/2025 17:47:43**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:14:58
Nº Rexistro: 26337
Data envio: 26/05/2025 18:14:58.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, a necesidade de cesión parcial de instalacións do Complexo deportivo de Monterrei para a celebración de festival musical.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días informábase que, por mor da celebración do espectáculo musical Ouren Sound Fest os días 23 e 24 de maio as pistas de atletismo do Complexo deportivo Monterrei non poderían ser utilizadas para a práctica deportiva, polo que non se admitían reservas.

Asemade, en dita comunicación participábase a atletas e clubs que dende o día 17, data de comezo da montaxe das infraestruturas necesarias para a celebración do evento musical, ate o 28 de maio, data prevista para a finalización da desmontaxe, restrínxese o uso en parte da instalacións de atletismo, ficando prohibida a práctica de determinadas actividades deportivas.

A carencia de espazos adecuados para a celebración deste tipo de espectáculos, por outra banda infelizmente infrecuentes na comarca de Ourense, provoca que a realización deste evento impida a utilización dun dos poucos espazos existente para a práctica deportiva. Máis unha vez fica patente o limitado das infraestruturas coas que conta Ourense e cuxas consecuencias padece a súa cidadanía.

Asemade a celebración o ano pasado deste mesmo evento supuxo o deterioro de distintas de elementos e instalacións do Complexo, como consecuencia da falta de adopción medidas de prevención ante a previsible concentración de milleiros de



Asinado o día 26/05/2025 ás 18:13
Por Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:14:58
Nº Rexistro: 26337
Data envío: 26/05/2025 18:14:58.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

persoas, o acceso de vehículos pesados ou de equipos para prestación de servizos de hostalaría. A neglixencia da Xunta de Galiza, titular do espazo cedido, non foi seguida por unha maior dilixencia da empresa promotora do evento.

Os danos producidos pola celebración da anterior edición do Ouren Sound Fest aínda non foron integramente reparados polo que á neglixencia da Xunta de Galiza na adopción de medidas de protección do Complexo, sumase o desleixo no coidado das instalacións.

A demandada celebración de eventos ou espectáculos musicais, tan escasos nesta circunscrición de Ourense, non é, nin pode ser, incompatible coa preservación dos espazos nos que se realizan, o que se evitaría coa dotación de lugares especificamente acondicionados para a súa celebración e, en todo caso, coa exixencia de elementais medidas e protocolos de protección e coidado.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cales foron concretas instalacións cedidas para a celebración do festival Ouren Sound Fest?

-Cales foron as condicións pola cesión do uso de instalacións públicas a promotora privada puxo a Xunta de Galiza?

-Que medidas de prevención acordou a Xunta de Galiza coa promotora do festival OurenFest para evitar o deterioro das instalacións do Complexo deportivo Monterrei?

-Contratouse ou exixiuse á cesionaria a contratación dun seguro que garanta a responsabilidade ante os eventuais danos que podan sufrir as instalacións cedidas como consecuencia da celebración do festival?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:14:58
Nº Rexistro: 26337
Data envio: 26/05/2025 18:14:58.153

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é o alcance dos danos producidos no complexo de Monterrei, nomeadamente nas instalacións deportivas como consecuencia da celebración da edición do festival no ano 2024?

-Cal é o importe da reparación e reposición dos danos causados?

Quen os asumiu?

-Considera a Xunta de Galiza que Ourense e a súa comarca dispón dun espazo acondicionado ou acondicionable para a celebración de eventos ou festivais de elevada concorrencia?

-No seu caso, ten previsto adoptar algunha medida para paliar tal carencia?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputado do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:14:58
Nº Rexistro: 26337
Data envio: 26/05/2025 18:14:58.153

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 26/05/2025 18:13:09

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:14:58
Nº Rexistro: 26337
Data envio: 26/05/2025 18:14:58.153

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 18:14:58

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:26:42
Nº Rexistro: 26340
Data envio: 26/05/2025 18:26:42.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do Plan Rexurbe no concello de Mondoñedo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) é unha figura creada pola Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

De acordo co establecido na citada lei, unha área de intervención no medio urbano é un conxunto edificatorio urbano ou rural, continuo ou descontinuo, que precisa dun apoio público para atender á rehabilitación ou á substitución dos edificios e mais á calidade ambiental e urbanística do ámbito.

A intervención nestas áreas poderá comprender entón actuacións de renovación e mellora da urbanización, dos espazos públicos e das demais dotacións urbanísticas ou das infraestruturas e dos servizos urbanos, así como articular medidas sociais, ambientais e económicas que estean enmarcadas nunha estratexia administrativa global, integrada e unitaria.

En cumprimento do disposto no artigo 55.2 da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, publicouse no Diario Oficial de Galicia o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 13 de febreiro de 2020, co seguinte texto literal:



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:26:42
Nº Rexistro: 26340
Data envio: 26/05/2025 18:26:42.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"Declarar área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua de características similares (rúa Álvaro Cunqueiro, San Roque e a parte alta da estrada dos Remedios). Isto supoñería unha superficie de 0,45 km2 na que se localizan 704 edificios e 915 vivendas."

Mondoñedo converteuse así na primeira área de rexeneración urbana de interese autonómico en dotarse deste instrumento, concibido como unha folla de ruta na que se recollen os obxectivos e as liñas estratéxicas de acción para os próximos catro anos nos eidos arquitectónico, urbanístico, ambiental, demográfico, económico e social.

Así e co fin de levar á práctica o Plan de dinamización -elaborado polo Concello a partir dun modelo facilitado a modo de guía polo Instituto Galego de Vivenda e Solo- e poder executar as actuacións incluídas nel, estimouse que se necesitarían un total de 16,9 millóns de euros procedentes de fontes tanto públicas como privadas.

Dito isto, e despois de agardar pola execución do plan descrito anteriormente queda claro que a avaliación do mesmo é absolutamente negativa, xa que o único que podemos corroborar se paseamos polas rúas de Mondoñedo é que o aspecto exterior que presentan moitos dos 13 edificios adquiridos polo IGVS no ano 2021 é cento por cento inexplicable dado que a maioría das actuacións programadas no que foi o primeiro concello declarado área REXURBE de toda Galiza seguen pendentes.

Podemos dicir claramente que o único resultado visible a día de hoxe son as lonas en mal estado polo paso do tempo cubrindo as fachadas dos edificios sen rehabilitar e as cero vivendas entregadas en réxime de alugueiro.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 18:26:42
Nº Rexistro: 26340
Data envío: 26/05/2025 18:26:42.550

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai dar conta a Xunta de Galiza de todo o que hai feito ata o momento e de todo o que queda por facer no que ten a ver co plan Rexurbe no concello de Mondoñedo?

- Cales son as razóns do retraso das actuacións contempladas no Plan de Dinamización da Área Rexurbe de Mondoñedo?

-Que calendario manexa o IGVS para que a totalidade dos 13 inmobles estean rematados e dispoñibles para que podan ser ofertados como vivenda de promoción pública en réxime de aluguer?

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 26/05/2025 18:26:08**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 10:44:15
Nº Rexistro: 26352
Data envio: 27/05/2025 10:44:15.146

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do Centro de Saúde de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso sistema público de saúde leva anos sufrindo un deterioro progresivo, resultado directo das políticas da Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular. A eliminación da Área Sanitaria da Mariña no ano 2018 marcou un punto de inflexión: a perda dunha xerencia e orzamentos propios abriu a porta á centralización de servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e ao desmantelamento dos hospitais comarcais.

A estratexia foi clara: primeiro, elimináronse as áreas sanitarias; despois, recortáronse servizos con argumentos de falta de persoal; finalmente, trasladáronse prestacións a hospitais de referencia, colapsándoos e xustificando así a externalización de servizos sanitarios públicos.

Esta política provocou unha grave perda de calidade asistencial, con consecuencias especialmente graves para os colectivos máis vulnerables como as persoas con enfermidades crónicas, maiores, mulleres e pacientes con problemas de saúde mental.

Mais concretamente a Mariña Occidental é hoxe a zona de Galiza con máis carencias sanitarias. En particular, a veciñanza de Viveiro leva case unha década sufrindo unha situación crítica que semella ser máis doutras épocas ca do 2025. Antes da pandemia xa se practicaba a non cobertura de baixas e vacacións, mais a situación acadou un punto



Asinado o día 27/05/2025 ás 10:42
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 10:44:15
Nº Rexistro: 26352
Data envio: 27/05/2025 10:44:15.146

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de colapso a finais de 2023, cando o Centro de Saúde de Viveiro funcionaba unicamente con dous facultativos (dos once que conformaban a plantilla), sen pediatra, con cinco consultas menos de enfermaría e suspendendo as consultas ordinarias. Ademais, a isto temos que engadirlle que, durante ese período, o centro asumía tamén a atención da veciñanza dos concellos de Ourol e O Vicedo.

Pese a iso e grazas á presión social e á mobilización cidadá conseguiuse a reposición parcial dalgúns servizos, mais dous anos despois, a situación segue a ser inaceptable como ben ilustran os seguintes datos:

- A cobertura da plantilla médica está sempre por debaixo do 50%.

- Os tempos de espera para unha consulta poden acadar as tres semanas.

- Hai veciñas e veciños que levan anos sen un médico/a de referencia.

- As citas asignan cinco minutos por paciente.

- Non se cobren nin baixas, nin permisos, nin vacacións do persoal.

- A atención nos centros de Ourol e O Vicedo rediríxese cada vez máis ao de Viveiro, sobrecargando os seus xa escasos recursos.

- A medicalización da ambulancia resta equipos médicos completos durante horas no centro. A isto súmase o colapso da atención especializada no Hospital da Mariña, onde as listas de espera para consultas ou seguimentos chegan aos cinco anos nalgúns casos.

Mentres tanto, a xerencia sanitaria continúa derivando pacientes ao HULA con argumentos pouco convincentes, alegando criterios clínicos cando a verdadeira causa é a falta de profesionais. Isto é, un problema de xestión e vontade política, non de imposibilidade técnica.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O conselleiro de Sanidade alude á boa utilización da aplicación móbil do SERGAS, mais as persoas usuarias saben que non hai citas dispoñibles a curto prazo. Iso si: días antes das mobilizacións en defensa da sanidade, a Xunta foi quen de cubrir ausencias demostrando que, cando hai vontade política, hai solucións.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza cubrir de inmediato todas as prazas vacantes no Centro de Saúde de Viveiro, tanto en atención médica como en enfermaría, garantindo unha atención continuada, estable e de calidade?

- Ten en mente a Xunta de Galiza recuperar o servizo de pediatría, en condicións estables e suficientes, para atender á poboación infantil de Viveiro e dos concellos limítrofes con garantías asistenciais?

- Está disposta a Xunta de Galiza a dotar dunha ambulancia medicalizada que non dependa dos recursos humanos do Centro de Saúde de Viveiro, evitando así a perda de persoal asistencial durante os desprazamentos?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 10:44:15
Nº Rexistro: 26352
Data envio: 27/05/2025 10:44:15.146

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 27/05/2025 10:42:38

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 10:44:15
Nº Rexistro: 26352
Data envio: 27/05/2025 10:44:15.146

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 10:44:15

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 11:41:12
Nº Rexistro: 26355
Data envio: 27/05/2025 11:41:12.430

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta atender as demandas de mellora estado do firme e a seguridade viaria da estrada AC-161 ao seu paso polo termo municipal de Bergondo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica AC-161 soporta a diario unha elevada cantidade de tráfico, sendo un dos principais viais de comunicación de localidades importantes como Sada e Bergondo con Betanzos.

Esta vía atravesa núcleos de grande entidade poboacional do concello de Bergondo, como son as zonas de Gandarío ou Carrio, lugares que ademais de contar cun amplo número de veciños e veciñas, contan tamén con varios negocios de hostalería, perruquería, entidade bancaria, veterinaria, farmacia, ou unha escola unitaria no caso de Carrio.

Dende esta estrada tamén se deriva o tráfico para zonas importantes como a Senra, onde se sitúa o CPI Cruz do Sar ou o complexo deportivo e sociocultural da Senra, e Mariñán, onde nos atopamos co "Pazo de Mariñán" cunha ampla actividade institucional.

O estado desta estrada leva tempo que non é o óptimo para circular con seguridade, presentando problemas no estado do firme en diversos puntos, sobre todo o tramo comprendido entre a rotonda onde esta conflúe coa AC-162 e a AC-164 até o

Asinado o día 27/05/2025 ás 11:39
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

límite co termo municipal de Betanzos, aproximadamente á altura da ponte sobre a AP-9 no lugar de Miodelo.

Asemade, os pasos de peóns para cruzar son insuficientes, dadas as características deste tramo de vía, e os existentes non teñen un adecuado mantemento, xa que están medio borrados.

Por outra parte, a veciñanza tamén se queixa da excesiva velocidade coa que circulan algunhas persoas condutoras, o que fai que os pasos de peóns actuais non sexan de todo seguros, polo que cómpre revisar outras alternativas de maior seguridade para a veciñanza, sendo unha posibilidade a instalación de bandas redutoras ou facer estes pasos sobreelevados para obrigar a reducir a marcha.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da problemática que presenta o estado do firme e a seguridade viaria da estrada AC-161 ao seu paso polo termo municipal de Bergondo?

- Que previsión ten a Xunta para tomar as medidas precisas para mellorar o estado do firme e a seguridade viaria na estrada AC-161 ao seu paso polo concello de Bergondo, e corrixir as deficiencias descritas?

- Como vai garantir a Xunta a seguridade da veciñanza ao seu paso pola estrada autonómica AC-161 no concello de Bergondo?

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 11:41:12
Nº Rexistro: 26355
Data envio: 27/05/2025 11:41:12.430

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 11:41:12
Nº Rexistro: 26355
Data envio: 27/05/2025 11:41:12.430

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 27/05/2025 11:39:54**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 11:41:12
Nº Rexistro: 26355
Data envio: 27/05/2025 11:41:12.430

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 11:41:13

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:00:28
Nº Rexistro: 26358
Data envio: 27/05/2025 12:00:28.646

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de a Xunta velar polo cumprimento dos acordos unánimes adoptados na Cámara galega en defensa da normalización da lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno celebrado nesta Cámara o 7 de maio de 2025 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de lei coa seguinte proposta de resolución:

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

*1) Apoiar o uso do galego no Parlamento Europeo, e instar aos órganos con capacidade de decisión na materia á toma en consideración da habilitación do uso do galego no Parlamento Europeo.*

*2) Dar traslado aos grupos políticos representados no Parlamento Europeo deste posicionamento político en prol do uso do galego na Eurocámara.*

Este pronunciamento unánime da Cámara galega a favor de ampliar novos usos para o galego nun espazo oficial de prestixio como é o Parlamento Europeo e garantir os dereitos lingüísticos dos seus falantes acaba de verse incumprido polo Partido Popular, poucos días despois da celebración do Día das Letras Galegas.

A través dos medios de comunicación, acaba de se facer público que o Partido Popular mantivo contactos cos gobernos de varios estados europeos para votaren en

Asinado o día 27/05/2025 ás 11:59
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:00:28
Nº Rexistro: 26358
Data envio: 27/05/2025 12:00:28.646

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

contra da oficialidade do galego, do catalán e do éuscaro na UE nunha votación que se celebrará o 27 de maio, o que implica anular o acordo unánime do Parlamento galego.

Máis unha vez, o PP volve a pisar o acelerador da política lingüística lesiva e regresiva para a normalización da lingua galega, aplicada en Galiza desde hai 16 anos polo presidente Feixóo e reforzada agora por Rueda, tal e como evidenciou o último informe do IGE, así como todas as institucións científicas e académicas e como seguen denunciando, en múltiples ocasións, mobilizacións sociais históricas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Como está a velar a Xunta polo cumprimento dos acordos unánimes adoptados na Cámara galega en defensa da normalización da lingua galega e do recoñecemento como lingua oficial no Parlamento europeo?

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2025



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:00:28
Nº Rexistro: 26358
Data envio: 27/05/2025 12:00:28.646

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/05/2025 11:59:22

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:00:28
Nº Rexistro: 26358
Data envío: 27/05/2025 12:00:28.646

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 12:00:29**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:22:57
Nº Rexistro: 26364
Data envio: 27/05/2025 12:22:57.745

Grupo
Parlamentario
Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O dereito á protección da saúde é un dereito fundamental recoñecido pola Constitución Española e polo Estatuto de Autonomía de Galicia. Para garantir este dereito, é imprescindible que a cidadanía poida acceder a uns servizos sanitarios públicos, gratuítos, universais e en condicións dignas.

O centro de saúde de Padrón dá cobertura non só aos veciños e veciñas do noso municipio, senón tamén a usuarios doutros concellos da comarca. A súa carga asistencial é elevada e continúa medrando, tanto pola evolución demográfica como polo envellecemento da poboación. Porén, as actuais instalacións non están á altura das necesidades actuais nin futuras.

As deficiencias estruturais, a insuficiencia de espazos, a falta de accesibilidade e a carencia de actualización tecnolóxica fan urxente unha reforma integral do centro. Ademais, a situación actual compromete a seguridade e o benestar tanto dos profesionais como das persoas usuarias.

Cómpre lembrar que esta reforma foi demandada en múltiples ocasións pola veciñanza, polos profesionais sanitarios e polas distintas forzas políticas. Así mesmo, houbo manifestacións públicas e compromisos institucionais previos por parte da Xunta que, ata o momento, non se materializaron.
Neste contexto, o Concello de Padrón, como institución máis próxima á cidadanía, ten a obriga de esixir a atención inmediata desta demanda e de facer valer os dereitos da súa veciñanza.

Asinado o día 27/05/2025 ás 11:44
Por Silvia Longueira C
Asinado o día 27/05/2025 ás 11:44
Por Elena Espinosa Mangana
Asinado o día 27/05/2025 ás 11:43
Por Patricia Iglesias Rey
CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Polo exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai o Goberno galego a acometer de forma urxente a reforma integral do centro de saúde de Padrón, dotándoo das infraestruturas e medios necesarios para garantir unha atención sanitaria de calidade?
2. O Goberno galego comprometese a realizar que un cronograma público de execución das obras, garantindo transparencia, seguimento e participación do Concello de Padrón no proceso?

Santiago de Compostela, a 26 de maio do 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:22:57
Nº Rexistro: 26364
Data envio: 27/05/2025 12:22:57.745

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/05/2025 11:43:59**

**Elena Espinosa Mangana na data 27/05/2025 11:44:09**

**Silvia Longueira Castro na data 27/05/2025 11:44:17**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:22:57
Nº Rexistro: 26364
Data envio: 27/05/2025 12:22:57.745

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 12:22:58**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A recente aprobación da Lei de medidas fiscais e administrativas de Galicia para o ano 2025 (comunmente coñecida como "lei de acompañamento") introduce, entre outras disposicións, a obrigatoriedade de repotenciacións das instalacións eólicas cunha antigüidade superior aos 25 anos, sen establecer criterios claros de planificación, avaliación ambiental, participación pública ou impacto sobre os territorios afectados.

Este cambio lexislativo afecta directamente a moitas comarcas galegas onde xa existe unha elevada concentración de parques eólicos, xerando unha preocupación crecente entre a cidadanía, os concellos e as entidades ecoloxistas pola falta de ordenación, control e transparencia no proceso de substitución dos aeroxeradores existentes.

Un dos aspectos máis preocupantes destas repotenciacións é a xestión dos residuos xerados, en particular das palas dos aeroxeradores, que son difíciles de reciclar polo seu material (compostos de fibra de vidro e resinas) e que, en moitos casos, rematan almacenadas en vertedoiros ou abandonadas sen control.

A transición enerxética debe ser xusta, sustentable e respectuosa co medio e co territorio. Por iso, é imprescindible que a Xunta de Galicia aprobe un plan normativo específico que:

Asinado o día 27/05/2025 ás 11:46
Por Lara Méndez López

Asinado o día 27/05/2025 ás 11:46
Por Patricia Iglesias Rey

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Regule as repotenciacións eólicas de forma ordenada, con criterios ambientais, técnicos e sociais.
- Obrigue á reciclaxe ou reutilización controlada das palas dos aeroxeradores, evitando a súa acumulación como residuos contaminantes.
- Inclúa obrigas para as empresas promotoras de presentar plans detallados de desmantelamento, xestión de residuos e reciclaxe, coa correspondente fiscalización por parte da administración.

É responsabilidade das institucións garantir que o desenvolvemento das enerxías renovables se faga con criterios de sustentabilidade real, e non como unha nova forma de impacto ambiental e territorial encuberto.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai aprobar a Xunta de Galicia, con carácter urxente, un plan ou norma específica que regule de forma ordenada os procesos de repotenciación obrigatoria dos parques eólicos establecidos pola Lei de medidas fiscais e administrativas de 2025?

2. Contempla a Xunta incluír neste plan a obrigatoriedade da reciclaxe, reutilización ou xestión ambientalmente responsable das palas dos aeroxeradores substituídos nas repotenciacións?

3. Prevé o Goberno galego establecer mecanismos efectivos de control, fiscalización e sanción para garantir que as empresas promotoras cumpran cos plans de desmantelamento e reciclaxe nas repotenciacións eólicas?

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:40:42
Nº Rexistro: 26370
Data envío: 27/05/2025 12:40:42.810

4. Ten previsto a Xunta fomentar, en colaboración con centros de investigación e co sector industrial, liñas de I+D orientadas ao desenvolvemento de solucións tecnolóxicas para o reciclado dos materiais empregados nas palas dos aeroxeradores?

Santiago de Compostela, a 26 de maio do 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:40:42
Nº Rexistro: 26370
Data envio: 27/05/2025 12:40:42.810

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/05/2025 11:46:46**

**Lara Méndez López na data 27/05/2025 11:46:55**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 12:40:42
Nº Rexistro: 26370
Data envio: 27/05/2025 12:40:42.810

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 12:40:43**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:02:57
Nº Rexistro: 26399
Data envio: 27/05/2025 17:02:57.640

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Cristina Fernández Davila**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de incorporar nos centros educativos a categoría de Psicoloxía Educativa, para atender a saúde mental e o benestar psicolóxico do alumnado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No informe da auditoría do Consello de Contas sobre as actuacións do SERGAS no ámbito da saúde mental resaltaba o crecemento no consumo de ansiolíticos e antidepresivos por parte dos menores de 19 anos, que incrementaran a súa prescrición nun 52% entre 2019 e 2023**.** Son máis de 11.000 nenos, nenas e adolescentes ata os 15 anos que consomen este tipo de tratamentos cada día en Galicia.

Unha das maiores contribucións da psicoloxía educativa é a prevención, a capacidade de abordar problemáticas en estadios temperáns e evitar que se convertan en trastornos con consecuencias máis graves. Esta intervención permite detectar precozmente alteracións emocionais, condutuais, sociais ou de aprendizaxe e actuar antes de que se cronifiquen. Isto protexe o benestar do alumnado e reduce o gasto futuro por intervencións sanitarias, absentismo ou fracaso académico.

A psicoloxía educativa promove a saúde psicolóxica dende a base, dentro da aula e no día a día do alumnado. Ademais, contribúe activamente á prevención do acoso escolar, das violencias machistas, dos trastornos da conduta alimentaria, das autolesións ou da conduta suicida. Tamén mellora a convivencia, a resolución de conflitos, a mediación, a inclusión do alumnado con necesidades específicas; ao tempo que asesora ás

Asinado o día 27/05/2025 ás 16:59
Por Cristina Fernández Davila

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:02:57
Nº Rexistro: 26399
Data envio: 27/05/2025 17:02:57.640

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

familias e docentes. Participa na planificación de programas de educación emocional ou de adaptación curricular, ofrecendo asesoramento aos equipos docentes e ás familias, axudando a manexar situacións complexas e a adaptar estratexias para alumnado con trastornos de conduta ou dificultades por trastornos de aprendizaxe ou neurodiverxentes, como o TDAH, o TEA, a dislexia ou a discalculia, entre outros.

É un reforzo en situacións de especial vulnerabilidade, como son as situacións de dó. De feito, na actualidade, cando ocorre un episodio crítico relacionado cun centro educativo (por exemplo, un falecemento ou un accidente grave que impacta seriamente na comunidade educativa), é o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o GIPCE, que intervén nesta circunstancia ao abeiro dun convenio co 112. Unha intervención breve e limitada ao contexto da emerxencia, que debería ser atendida e obxecto de seguimento por un perfil da psicoloxía educativa que tivese un vínculo coa comunidade educativa e coñecese as súas necesidades.

Numerosos estudos internacionais e tamén nacionais, como o Estudo PSIcE, sobre a psicoloxía baseada na evidencia en contextos educativos, promovido polo Consejo General de la Psicología de España e no que participou o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG), teñen demostrado a importancia e a utilidade de promover o benestar psicolóxico e a prevención dos problemas de saúde mental en nenos, nenas e adolescentes, como un compoñente esencial na saúde das persoas, presente e futura.

Noutros países europeos hai anos que este perfil ten o seu espazo propio no sistema educativo, onde se atende o benestar psicolóxico como un elemento básico para unha aprendizaxe eficaz e integral da persoa. No caso galego, non está recollido este perfil e outros, como o da orientación educativa ou o da coordinación de benestar, non teñen as mesmas competencias e presentan limitacións, como é a formación específica e a capacitación para intervir en problemas de tipo psicolóxico ou, malia ter a titulación e formación acaída, a carga laboral excesiva que sufren polas altas ratios e o número



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:02:57
Nº Rexistro: 26399
Data envio: 27/05/2025 17:02:57.640

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

elevado de alumnado con diversidade, fai imposible que poidan asumir plenamente estas funcións concretas. A psicoloxía educativa sería un recurso fundamental que reforzaría os departamentos de orientación, xa que na actualidade están atendendo casos de risco suicida tamén nos primeiros cursos da educación Primaria.

O mesmo COPG, despois de levar reclamando a implantación desta figura dende o 2009 e ante os datos tan alarmantes do informe do Consello de Contas, ven de facer declaracións aos medios de comunicación neste sentido o pasado 9 de maio, lanzando un chamamento urxente a administración educativa para a integración de políticas de saúde mental nos centros de ensino que estean executadas e lideradas por profesionais da psicoloxía, como disciplina científica experta no ámbito da conduta humana, das emocións, do desenvolvemento evolutivo, dos factores de risco psicosocial e con capacidade para detectar precozmente trastornos, así como para aplicar técnicas de intervención de xeito individual e grupal, con seguridade e de acordo cun código ético e deontolóxico.

A psicoloxía educativa traballa desde un enfoque integral e preventivo, que ademais de contemplar as dificultades académicas, incorpora aspectos emocionais, sociais e familiares que afectan ao rendemento e á saúde mental do alumnado. Polo tanto, non interfire con outros perfís educativos xa presentes no centro, senón que os complementa a través da intervención psicolóxica que só pode ser realizada por profesionais da psicoloxía.

Por outra banda, investir en saúde mental nas escolas, colexios e institutos non é un gasto, senón unha aposta pola saúde e futuro do alumnado e un aforro importante en medicación e recursos sanitarios. Polo tanto, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade de atender esta demanda amplamente compartida pola comunidade educativa e recoñecer de xeito normativo este perfil como estrutural no ensino.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Un alumnado emocionalmente estable rende mellor, presenta menos conflitos e desenvolve competencias clave para a súa vida adulta. O benestar psicolóxico dos nenos, nenas e adolescentes debe ser unha prioridade no sistema educativo galego.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai o Goberno da Xunta de Galiza incorporar de xeito estrutural e integrada nos departamentos de orientación, a figura do psicólogo ou psicóloga educativa nos centros de ensino, tendo en conta os informes dos Departamentos de Orientación sobre as necesidades de cada centro, como parte esencial do sistema educativo responsable de atender a saúde mental e o benestar psicolóxico do alumnado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:02:57
Nº Rexistro: 26399
Data envio: 27/05/2025 17:02:57.640

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 27/05/2025 16:59:33**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:02:57
Nº Rexistro: 26399
Data envio: 27/05/2025 17:02:57.640

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 17:02:58**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:45:59
Nº Rexistro: 26407
Data envio: 27/05/2025 17:45:59.638



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, a Xunta de Galicia anunciou a suspensión do tramo do carril bici que se desenvolvería entre Milladoiro e a estación intermodal de Santiago, concretamente ao seu paso polo Banquete de Conxo, unha das zonas máis singulares e valoradas do municipio. A decisión, prodúcese despois de que os veciños de Conxo se teñan mobilizado para evitar a destrución do patrimonio natural e cultural cun proxecto inadecuado en concepción e execución.

A Xunta de Galicia realizou o proxecto con total desprezo tanto polo proxecto europeo que viña desenvolvendo o Concello de restauración do entorno natural, como de crear un auténtico itinerario que conectase Ames e Santiago, ao desviarse dos cascos urbanos de ámbolos dous núcleos, co agravante de facelo por zonas de alto valor patrimonial, histórico e natural.

Agora sabemos das resistencias dos funcionarios da Xunta de Galicia a executar o proxecto, os informes negativos e a *pataleta* da Xunta de Galicia que anuncia que non executará fondos en Santiago de Compostela como represalia contra os veciños de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia protagoniza agora esta *pataleta* na que quere botarlle a culpa ao Concello de Santiago da non realización deste proxecto, pero o certo

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e que foron os veciños de Conxo, a Fiscalía europea, Icomos e resposta da Comisión Europea á pregunta escrita do eurodeputado socialista galego, e finalmente os informes dos propios funcionarios de patrimonio da Xunta de Galicia, os que puxeron de manifesto que este proxecto non cumplía requisitos ambientais e patrimoniais, entraba en conflicto con outra subvención europea e, incapaz de cumplir os seus obxectivos, encaraba a posibilidade de perder os fondos europeos que financian o proxecto.

Finalmente, é a propia incapacidade da Xunta de seguir sostendo o insostible a que da carpetazo a este proxecto, pola incapacidade de sacar adiante os informes favorables para continuar executándoo contra vento, marea e contra os veciños do barrio de Conxo en particular e de Santiago en xeral.

Sen embargo, antes de que a Xunta de Galicia iniciase unilateralmente este conflito, o certo é que os Concellos de Santiago de Compostela e Ames presentaron un itinerario viable -nunca mellor dito- que uniría directamente o Campus Sur co núcleo do Milladoiro e que aínda é posible realizar.

Este proxecto inicial tiña como obxectivo crear un itinerario ciclista segregado do tráfico rodado, mellorando así a mobilidade sostible entre Santiago e Milladoiro e garantindo a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida. De lonxitude reducida, aproximadamente 1,8 km, utiliza a aproximación máis lóxica do Milladoiro a Santiago, unindo eficazmente o primeiro co Campus Sur. A única razón pola que este tramo non se viu realizado foi a decisión da Xunta de actuar de maneira unilateral.

Desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, entendemos que é fundamental garantir a continuidade dos proxectos de mobilidade sostible que favorezan tanto a seguridade viaria así como a salvagarda de zonas de alto

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

valor patrimonial como o Banquete de Conxo. Aseguramos tamén que a protección do patrimonio cultural pode ser compaxinada co desenvolvemento de infraestruturas que favorezan a mobilidade.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que a Xunta de Galicia opta por actuar de xeito unilateral, desatendendo os informes negativos dos seus propios funcionarios e as advertencias da Fiscalía Europea e Icomos, evidenciando unha clara falta de respecto e diálogo coa cidadanía e os concellos implicados?
2. Cal é o motivo polo cal a Xunta de Galicia anunciou a suspensión do tramo do carril bici que se desenvolvería entre Milladoiro e a estación intermodal de Santiago, bloqueando un proxecto que contiña solucións viables, só por cuestións de vinganza política?
3. Como vai a Xunta de Galicia a restaurar o dano producido ao entorno natural coas actuacións xa realizadas, de xeito que non se prexudique ao proxecto realizado polo Concello de Santiago e se restaure ao estado anterior o entorno natural afectado por talas e apertura de vías?

Santiago de Compostela, a 27 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 27/05/2025 17:44:19**

**Carlos López Font na data 27/05/2025 17:44:28**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:53:12
Nº Rexistro: 26413
Data envio: 27/05/2025 17:53:12.851

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Daniel Castro García**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza manteña a oferta do Mestrado en Matemáticas na USC no curso 2025-2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días soubemos que a Xunta de Galiza tomou a decisión de acabar co Mestrado en Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela e fíxoo ademais sen ningún tipo de diálogo cos afectados e afectadas e dun xeito absolutamente escurantista, mostrando de novo a súa inexistente comunicación co sector investigador galego.

Esta decisión tería unhas consecuencias moi negativas para a nosa universidade pública, xa que forza á USC a suspender a preinscrición, o que acerna totalmente a posibilidade de realizar unha carreira investigadora en matemáticas puras no noso país.

Esta nefasta decisión tómase ademais nun contexto evidente de privatización do sector universitario do noso país e corta de raíz o camiño cara o doutoramento, fai desaparecer a investigación neste eido e forza aos nosos e as nosas investigadoras a facer como moitas outras e ter que emigrar cara outras latitudes onde se ofrecen unhas mellores condicións.

A maiores, hai outras consecuencias a nivel investigador como que os grupos de contrastada calidade investigadora, beneficiarios de proxectos e axudas galegas, estatais e europeas, perden a súa canteira natural, poñendo ademais en xaque a un dos nosos centros máis importantes como é o CITMAga. Todo isto sucede mentres a propia Xunta de Galiza



Asinado o día 27/05/2025 ás 17:51
Por Daniel Castro García

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:53:12
Nº Rexistro: 26413
Data envío: 27/05/2025 17:53:12.851

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

se gaba da proxección internacional da nosa investigación e da reputación das matemáticas en Galiza.

Mentres o goberno galego fala de economía do coñecemento pecha ao mesmo tempo o único posgrao que forma especialistas de alto nivel en álxebra, análise, topoloxía ou xeometría.

Este país non pode permitirse seguir perdendo máis investigadores de alto nivel, nin oferta universitaria pública e ante o pouco tempo restante para evitar este peche, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza retirar a oferta do mestrado en matemáticas na USC no vindeiro curso?

- Cales son as razóns que levan ao goberno galego a suprimir este mestrado?

- Está disposta a Xunta de Galiza a manter a oferta deste mestrado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 27/05/2025 17:51:16**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 17:53:12
Nº Rexistro: 26413
Data envio: 27/05/2025 17:53:12.851

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 17:53:13**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 18:26:44
Nº Rexistro: 26420
Data envio: 27/05/2025 18:26:44.310

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres**, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o megaproxecto eólico promovido pola empresa Driza Green Partners e que afecta a 19 concellos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Driza Green Partners está tramitando en Galiza un megaproxecto eólico integrado por cinco grandes parques eólicos, con 73 aeroxeradores en total, 290 MW de potencia instalada, distribuídos por 19 concellos de Pontevedra, Ourense e Lugo (incluídas as subestacións e as infraestruturas de evacuación): San Cristovo de Cea, Vilamarín, Piñor, O Carballiño, O Irixo, Boborás, Beariz, Leiro, San Amaro, Cenlle, Ribadavia e Castrelo de Miño (Ourense), Forcarei, Cerdedo-Cotobade, A Estrada, Silleda e Rodeiro (Pontevedra), Chantada e Carballedo (Lugo)

Nestes momentos estase a tramitar a Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental, documentos sometidos a procedemento de información pública, dos seguintes proxectos:

-Parque Eólico Agratrina, de 56,24 MW, nos concellos de San Cristovo de Cea, Rodeiro, Chantada e Carballedo.

- Parque Eólico Agromaces, de 60,67 MW, Chantada, Carballedo y San Cristovo de Cea

-Parque Eólico Sistesas, de 55,92 MW, Forcarei, Cerdedo-Cotobade y Beariz



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Parque Eólico Ventoburgo, de 59,85 MW, Forcarei, Cerdedo-Cotobade y A Estrada

-Parque Eólico Xestiloi, de 58,31 MW, Silleda y Forcarei.

Co anuncio e tramitación destes proxectos estamos diante dunha nova fase de espolio e depredación dos recursos naturais de Galiza, coa tramitación por parte do goberno central de macroproxectos que se solapan con outros tramitados polo goberno galego; que causan un forte impacto en zonas habitadas, en actividades económicas, no solo, na paisaxe, nos recursos hídricos e na biodiversidade.

Esta especie de rapañota da que participan grandes empresas enerxéticas e empresas de nova creación con unha forte compoñente especulativa é consecuencia dunha normativa sectorial que propicia a tramitación simultánea e acumulada de proxectos, cun enfoque claramente extractivo e depredador, e que contradí as previsións da planificación enerxética.

Aínda que a tramitación destes proxectos corresponde ao MITERD por tratarse de instalacións de máis de 50MW, o goberno galego non pode permanecer impasíbel diante desta nova tentativa de arrasar coa riqueza material e ambiental das comarcas afectadas, xa sometidas á tramitación de numerosos proxectos enerxéticos e nalgúns casos tamén afectadas por grandes proxectos de explotación mineira.

A obsolescencia da planificación sectorial eólica, a falta de planificación e ordenación territorial, a aprobación de numerosos cambios legais que favorecen aos promotores enerxéticos, a desprotección do medio natural crean o clima propicio para a proliferación de proxectos de industrialización abusiva do territorio.

Outro elemento a ter en conta é a fraxilidade das medidas de protección dos recursos hídricos e da biodiversidade, como por exemplo a paralización por parte da



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xunta do PP da ampliación da Rede Natura 2000, a falta de garantías legais para as zonas ben conservadas en estudo e para as zonas húmidas, ou a falta de desenvolvemento dos instrumentos e das medidas previstas na *Estratexia de Infraestrutura Verde e para a Conectividade e a Restauración Ecolóxicas*.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a posición do goberno galego en relación co megaproxecto eólico promovido pola empresa Driza Green Partners e que afecta a 19 concellos galegos?

Está de acordo a Xunta coa normativa que favorece a tramitación deste tipo de megaproxectos?

Informou ou vai informar a Xunta negativamente este megaproxecto eólico?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 18:26:44
Nº Rexistro: 26420
Data envio: 27/05/2025 18:26:44.310

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres na data 27/05/2025 18:24:19**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:15:18
Nº Rexistro: 26428
Data envio: 28/05/2025 10:15:18.621

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre os orzamentos sen executar pola Consellaría de Mar no 2024 e o seu reinvestimento na recuperación e potenciamento do medio mariño e do sector do mar galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Grupo Parlamentario ten posto de manifesto en numerosas ocasións a falta de peso político da Consellaría de Mar, a súa escasa relevancia dentro do conxunto das políticas levadas a cabo polo Goberno galego e o abandono progresivo, e cada vez máis evidente, dun sector fundamental para a economía galega, primando, pola contra, multitude de accións propagandísticas que non van máis ala diso, dos anuncios, da publicidade e dos reclamos que a inmensa maioría das veces non se traducen en resultados palpábeis a prol do sector do mar.

Tamén temos evidenciado que os exiguos orzamentos da Consellaría, que apenas medran dun ano para outro, amosan precisamente esa falta de importancia que o Goberno mantén cara un sector que, pola contra, di continuamente defender.

Mais a proba máis palpábel da nula transcendencia das políticas pesqueiras da Xunta de Galiza é a falta de execución e a minoración de créditos, escandalosa nalgúns programas concretos, que se produce ano tras ano na Consellaría de Mar.

O Estado de Execución dos Orzamentos da Xunta de Galiza do exercicio 2024, a 31 de decembro, volve deixar moi patente unha xestión moi deficiente, que xa é crónica e que amosa falta de utilidade para reflotar o sector.



Asinado o día 28/05/2025 ás 10:12
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:15:18
Nº Rexistro: 26428
Data envio: 28/05/2025 10:15:18.621

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Así, vemos como os orzamentos iniciais da Consellaría de Mar para 2024 ascendían a 214.521.306 euros. As modificacións orzamentarias á baixa que se produciron durante o exercicio sumaron 97.701.306 euros e deixaron o orzamento inicial nun total de 116.820.000, dos que se executaron 91.608.000, un 78,4%, e deixáronse sen executar 25.212.000 euros.

En definitiva, os 214,5 millóns de euros do orzamento inicial da Consellaría de Mar para 2024 quedaron reducidos a 91,6 realmente executados, o 42,7% do 100% inicial.

Tanto dende o punto de vista da alarmante situación do sector do mar galego, nomeadamente do marisqueiro, como dende o punto de vista da xestión orzamentaria dos recursos públicos, estamos diante dunha práctica política que non podemos cualificar máis que de irresponsábel e mesmo imprudente polas consecuencias que dela se derivan en detrimento do sector do mar, entre outras a perda de traballadores e traballadoras nese mesmo ano 2024, no que Galiza rexistrou o maior descenso da súa historia e que afectou a todos os sectores da frota sen excepción.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da reiterada falta de execución orzamentaria da Consellaría de Mar?

. Que valoración lle merece a contínua desviación de partidas orzamentarias desa Consellaría a outras seccións?

. Que valoración fai da minoración de créditos e da falta de execución orzamentaria desa Consellaría no exercicio 2024?

. Que valoración fai da incidencia da diminución contínua deses recursos, ano tras ano, no desenvolvemento e potenciamento do sector do mar galego?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

. Vai reinvestir os 91.608.000 euros euros non executados pola Consellaría de Mar no 2024

. A que partidas e programas se van destinar os 91.608.000 euros non executados pola Consellaría de Mar no 2024? Considera que deben destinarse a atender os múltiples problemas que apreman ao sector do mar galego?

. Que medidas vai tomar para eliminar a práctica de desviar partidas correspondentes aos orzamentos anuais da Consellaría de Mar a outras seccións?

. Que accións vai desenvolver para que o orzamento íntegro desa Consellaría se execute anualmente e repercuta na recuperación e potenciamento que tanto necesita o medio mariño e o sector do mar galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:15:18
Nº Rexistro: 26428
Data envio: 28/05/2025 10:15:18.621

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 28/05/2025 10:12:37**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:15:18
Nº Rexistro: 26428
Data envio: 28/05/2025 10:15:18.621

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 10:15:19

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:56:34
Nº Rexistro: 26435
Data envio: 28/05/2025 10:56:34.571

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a necesidade de equiparación dos coeficientes redutores da frota palangreira e arrastreira conxeladora galega coa dos buques conxeladores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos principais obxectivos do Bloque Nacionalista Galego no ámbito do mar é a dignificación das condicións laborais dos traballadores e traballadoras do sector e a mellora da súa protección social debido ás duras condicións da actividade.

Nesa liña, temos presentado distintas iniciativas no Parlamento galego para mellorar e acrecentar os coeficientes redutores a traballadores e traballadoras do mar, precisamente pola penosidade dunha actividade que repercute directamente na saúde de quen a desenvolve.

Tamén, no Congreso dos Deputados, na tramitación da Lei 5/2023, do 17 de marzo, de pesca sostíbel e investigación pesqueira, o Grupo parlamentario do BNG ten contribuído á mellora dos coeficientes redutores de distintos colectivos pesqueiros, de marisqueo e profesionais do mar en xeral.

Os coeficientes recollidos finalmente na Lei, nalgúns casos aínda insuficientes, van dende o 0,15 ao 0,40. Nomeadamente, en actividades a bordo de buques da mariña mercante, de 0,40 a 0,20; en tarefas a bordo de embarcacións de pesca, de 0,40 a 0,15; estibadores porturarios, 0,30; marisqueo, recollida de percebes e recollida de algas, 0,15; redeiras, 0,10 e actividades de mergulladores, 0,15.

Asinado o día 28/05/2025 ás 10:53
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Malia isto, na actualidade a Administración do Estado, nomeadamente a Secretaría Xeral de Pesca, non o está a interpretar en favor do sector en todos os casos. Así, os barcos que están rexistrados como palangreiros ou arrastreiros conxeladores e que faenan en augas internacionais, non están a ser considerados buques conxeladores xustamente á hora de aplicar os coeficientes redutores da idade de xubilación do 0,40, o que constitúe claramente unha discriminación coa frota correspondente.

Na última Comisión Sectorial de Política Social e Seguridade da Frota, levada a cabo o pasado 14 de maio, demandouse precisamente a modificación da Circular 4/2023, do 15 de decembro, da Secretaría Xeral de Pesca, que volvía a retirarlles o máximo aos mariñeiros palangreiros de superficie e arrastreiros, ao non consideralos conxeladores.

Este prexuízo afecta negativamente a máis de 1.500 mariñeiros de 149 barcos galegos, 117 palangreiros e 32 arrastreiros conxeladores. Uns traballadores do mar que están sometidos a condicións de penosidade e perigosidade, que levan a cabo a súa actividade en augas lonxanas, conxelan a bordo, fan longas xornadas con condicións metereolóxicas adversas e están embarcados durante longas tempadas. Polo tanto, non se entende esta discriminación para unhas frotas pesqueiras que cumpren cos criterios requeridos e que, no caso galego, resulta estratéxica e representa o 70% da frota conxeladora do Estado.

Cómpre que o Goberno corrixa esta situación á maior brevidade, que se reuna cos afectados e que leve a cabo a modificación dos criterios contemplados na Circular 4/2023.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que accións desenvolveu e está a desenvolver diante da Administración estatal para que os buques palangreiros e arrastreiros conxeladores galegos que faenan en augas



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

internacionais teñan a mesma consideración que os conxeladores a efectos dos coeficientes redutores a aplicar á súa frota?

. Que valoración fai de que se veña tratando a esta frota de xeito distinto á dos buques conxeladores cando cumpren os mesmos requisitos?

. Vai solicitar do Goberno español a modificación dos criterios recollidos na Circular 4/2023 da Secretaría Xeral de Pesca?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:56:34
Nº Rexistro: 26435
Data envio: 28/05/2025 10:56:34.571

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/05/2025 10:53:38

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 10:56:34
Nº Rexistro: 26435
Data envio: 28/05/2025 10:56:34.571

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 10:56:35

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 12:31:06
Nº Rexistro: 26444
Data envio: 28/05/2025 12:31:06.661

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego,** deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a oficialidade do galego na Unión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estase a debater a posibilidade de que a lingua galega, xunto co catalán e o euskera, se fagan linguas oficiais da Unión Europea. Esta oficialidade sería de enorme importancia para o futuro do noso idioma, tanto desde o punto de vista dos dereitos lingüísticos da cidadanía como para o seu uso nas diferentes institucións, xa que son moitas as instancias nas que só está permitido usar unha lingua oficial da Unión Europea que tamén sexa oficial do estado correspondente.

Ademais da evidente apertura de posibilidades laborais para todo tipo de profesionais lingüísticos, a posíbel oficialidade da lingua galega implicaría outras vantaxes para moi diversos sectores profesionais e culturais.

A posibilidade de que o galego sexa oficial en Europa tería moi relevantes implicacións para o futuro da lingua galega, tanto pola nova perspectiva de legalidade da nosa lingua como polo respecto e fomento do noso idioma e cultura a todos os niveis.

Trátase dunhas negociacións lideradas polo Estado, que dependen de moitos factores, mais as mostras de apoio institucional e social a esta iniciativa son fundamentais para apoiar esta posibilidade e as propias negociacións.

Asinado o día 28/05/2025 ás 12:27
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 28/05/2025 ás 12:27
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

No contexto actual, no que a lingua galega se atopa nunha grave situación de emerxencia, este recoñecemento oficial podería representar un punto de inflexión no que se refire ao prestixio social e ao avance de usos do noso idioma, polo que se fai necesario un consenso no Parlamento Galego neste sentido.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a opinión do goberno galego en relación coa posibilidade de que a lingua galega sexa oficial na Unión Europea?

- O goberno galego levou ou ten previsto levar a cabo algunha acción ou negociación encamiñada a favorecer a posíbel oficialidade da lingua galega na Unión Europea?

- O goberno galego está en contacto cos diferentes sectores que se verían afectados no caso de que a lingua galega fose declarada oficial da Unión Europea, co obxectivo de coñecer mellor estas implicacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 12:31:06
Nº Rexistro: 26444
Data envio: 28/05/2025 12:31:06.661

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 28/05/2025 12:27:16**

**Mercedes Queixas Zas na data 28/05/2025 12:27:24**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 12:31:06
Nº Rexistro: 26444
Data envio: 28/05/2025 12:31:06.661

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 12:31:07**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 13:51:35
Nº Rexistro: 26453
Data envío: 28/05/2025 13:51:35.301

Grupo
Parlamentario
Socialista

Asinado o día 28/05/2 13:42 Por Paloma Castro R

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta**, **Silvia Longueira Castro, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

Durante a crise financeira de 2008, o Estado adoptou unha serie de medidas extraordinarias e restritivas en materia de emprego público, entre elas o aumento da xornada laboral ordinaria ata as 37,5 horas semanais, como mecanismo para controlar o déficit e reducir o gasto estrutural das administracións.

Asinado o día 28/05/2025 ás 13:42 Por Silvia Longueira Castro

Non entanto, as condicións económicas que xustificaban aquelas medidas xa desapareceron. España abandonou o procedemento de déficit excesivo e presenta datos macroeconómicos de recuperación. A estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas tamén foi recoñecida reiteradamente polo Ministerio de Facenda.

Neste novo contexto, a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2023 eliminou as restricións legais que impedían ás administracións autonómicas e entidades públicas recuperar a xornada de 35 horas semanais, sempre e cando se respecten os criterios de estabilidade orzamentaria. O Acordo Marco para unha Administración do século XXI, asinado entre o Goberno de España e os sindicatos maioritarios (UGT e CCOO), afonda nesta liña, permitindo que a recuperación da xornada se produza mediante negociación colectiva nos ámbitos competentes.

Asinado o día 28/05/2025 ás 13:42 Por Carmen Rodríguez Dacosta

Esta posibilidade xa foi exercida por numerosos gobernos autonómicos e tamén por entidades do sector público estatal.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG
28071 Madrid

Tamén en Galicia existen precedentes recentes, como o acordo para o Sergas alcanzado en abril de 2023 ou o pacto no ámbito de Política Social, que recollen a redución progresiva da xornada ata as 35 horas semanais.

No caso da Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG), o Comité Intercentros solicitou formalmente, o 13 de outubro de 2023, á Dirección de Recursos Humanos a recuperación dos dereitos suspendidos pola Lei 1/2012, do 29 de febreiro, entre eles a xornada laboral de 35 horas, que está prevista como norma xeral no artigo 33.1 do convenio colectivo vixente. A citada lei, aprobada en plena crise, tiña carácter temporal, e os motivos que a xustificaban xa non existen.

Por todo o anterior, dado que non existen obstáculos legais nin orzamentarios para que se proceda á recuperación inmediata da xornada de 35 horas, previa negociación cos representantes do persoal, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Dirección da CRTVG, abrir unha mesa de negociación co Comité Intercentros para recuperar a xornada laboral de 35 horas semanais para o seu persoal?

2. Considera a CRTVG que seguen vixentes as condicións excepcionais que deron lugar á aplicación da Lei 1/2012? En caso afirmativo, cales son esas condicións obxectivas que o xustifican a día de hoxe?

3. Por que motivo non se respondeu á solicitude formulada polo Comité Intercentros o 13 de outubro de 2023 sobre esta cuestión?

4. Ten previsto o Goberno galego ou a CRTVG incorporar esta medida ao convenio colectivo actualmente en negociación?

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 13:51:35
Nº Rexistro: 26453
Data envio: 28/05/2025 13:51:35.301

5. Vai seguir aplicando a CRTVG unha xornada laboral de 37,5 horas semanais cando outras entidades públicas galegas e doutros territorios xa avanzaron na recuperación das 35 horas conforme ao previsto na lexislación estatal?

Santiago de Compostela, a 28 de maio do 2025

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30
@PSdeG



28071 Madrid

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 13:51:35
Nº Rexistro: 26453
Data envio: 28/05/2025 13:51:35.301

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 28/05/2025 13:42:37
Silvia Longueira Castro na data 28/05/2025 13:42:45
Paloma Castro Rey na data 28/05/2025 13:42:56
Patricia Iglesias Rey na data 28/05/2025 13:43:08

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 13:51:35
Nº Rexistro: 26453
Data envio: 28/05/2025 13:51:35.301

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 13:51:35**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26459
Data envio: 28/05/2025 14:05:53.597

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O 31 de agosto do 2017 persoal do hospital, alcaldes/as e veciños rexeitaban xa naquel intre a reforma da Lei, pedindo que se retirara o anteproxecto de reforma a lei de Saúde, que entre outros cambios incluía a supresión da area sanitaria. Esta foi materializada o 14 de decembro do 2017.

Os cambios no mapa sanitario converterían a comarca nun distrito sanitario de Lugo tal e como se denunciaba por parte da Xunta de Persoal, coma así aconteceu. Provocando un deterioro na sanidade publica na comarca da mariña, apuntalando os recortes e menoscabando a calidade asistencial dos e das usuarias.

Con isto se obrigaba aos mariñáns a percorrer mais de 100 km para ser atendidos para cuestión que se poderían levar a cabo no hospital comarcal da mariña. Mermando os recursos sanitarios e humanos, e sen poder de decisión por parte do centro.

A día de hoxe se pon de manifesto a incapacidade para cubrir as necesidades da poboación da mariña polos recortes da Xunta de Galicia, tal e como denuncia a xunta de persoal pola falla fundamentalmente de recursos humanos.

Denuncian estar baixo mínimos e que isto repercute na saúde da xente. Ven como as consultas se retrasan están reducidas ou simplemente cerradas, se

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

incrementan as listas de espera, seguimentos que poderían realizarse de xeito ambulante acaban derivando en ingresos, derivacións a centros privados, déficit de especialistas.

Lonxe de buscar solucións aos problemas están a acusar de "transfondo político" as concentracións diante do hospital de Burela. Cando a realidade pon de manifesto que o único que perseguen e mellorar a sanidade publica e polo tanto a saúde das persoas.

A desigualdade dos recursos e dos servizos en función do centro hospitalario agudiza a desigualdade do acceso aso mesmos. O que xera diferencias polo lugar de residencia dos pacientes, facendo cidadáns de primeira e de segunda. Existe unha gran preocupación por parte dos sanitarios sobre a eficiencia dos recursos e a eficiencia sobre a atención sanitaria, e evidentemente isto pode diluír a atención personalizada.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Contempla a Xunta de Galicia recuperar a área sanitaria da Mariña co fin garantir unha atención de calidade a toda a poboación, con facultade plena de xestión dos recursos para acadar unha maior eficiencia e eficacia?

Santiago de Compostela, a 28 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Lara Méndez López na data 28/05/2025 14:03:45**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo
Parlamentario
Socialista

**Elena Espinosa Mangana na data 28/05/2025 14:03:53**

**Silvia Longueira Castro na data 28/05/2025 14:04:00**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 16:52:56
Nº Rexistro: 26472
Data envío: 28/05/2025 16:52:56.191

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana, Lara Méndez López e Carlos López Font**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

A construción da circunvalación de Carballo é unha obra considerada prioritaria e estratéxica, tanto pola Xunta de Galicia como polos propios veciños e veciñas e axentes económicos da comarca.

Carballo soporta un tráfico moi intenso, especialmente na estrada AC-552 e nos accesos ao polígono de Bértoa.

Moitos vehículos pesados e de paso cruzan polo centro da vila, provocando:

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Atascos e retencións frecuentes
- Ruído, contaminación e inseguridade viaria

A circunvalación permitiría desviar o tráfico de longo percorrido fóra do núcleo urbano, mellorando a mobilidade para residentes e visitantes, así como lograr maior competitividade empresarial na comarca.

Por outra banda, o polígono industrial de Bértoa é un dos máis dinámicos da provincia, con gran movemento de camións e mercadorías.

A nova vía facilitaría:

- Acceso directo dende a AG-55 ao polígono
- Redución de tempos de transporte
- Mellora na loxística das empresas

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Comprométese o Goberno galego a iniciar na presente anualidade a construción da circunvalación de Carballo?

Santiago de Compostela, a 28 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 28/05/2025 16:26:37**

**Paloma Castro Rey na data 28/05/2025 16:26:46**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Elena Espinosa Mangana na data 28/05/2025 16:26:54**

**Lara Méndez López na data 28/05/2025 16:27:02**

**Carlos López Font na data 28/05/2025 16:27:29**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito.**

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Dentro do eido de infraestruturas e mobilidade, unha das débedas de inversión pendentes é o reforzo do firme na estrada AC-419.

Obras en Malpica e Ponteceso cun investimento de case 950.000 euros para mellorar 11 quilómetros de vía, reforzando a seguridade viaria.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Comprométese o Goberno galego a iniciar na presente anualidade o reforzo do firme na estrada AC-419, nos concellos de Malpica e Ponteceso?

Santiago de Compostela, a 28 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 28/05/2025 16:35:40**

**Paloma Castro Rey na data 28/05/2025 16:35:49**

**Elena Espinosa Mangana na data 28/05/2025 16:35:57**

**Carlos López Font na data 28/05/2025 16:36:04**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
@PSdeG

Grupo Parlamentario Socialista

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro** e **Patricia Iglesias Rey**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito.**

A Xunta de Galicia establece criterios específicos para declarar unha titulación oficial de grao ou máster como "singular" dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Esta declaración permite excepcións aos requisitos mínimos de matrícula establecidos no Decreto 222/2011, modificado polo Decreto 161/2015 Unha titulación considérase singular se, polas súas características específicas, é indispensable para a oferta global do sistema universitario ou ten un especial interese estratéxico para a formación universitaria en Galicia.

Para os másteres universitarios establecéronse unha serie de requisitos que deben de cumprir para recoñecer a singularidade como son:

- Estar vinculado directamente cunha liña de investigación de acreditada excelencia a nivel internacional.
- Estar vinculado cos centros CIGUS recoñecidos pola Xunta de Galicia.
- Estar vinculado aos sectores considerados estratéxicos polo Goberno da Comunidade Autónoma.

A declaración de singularidade permite seguir impartindo os máster que durante tres cursos consecutivos non teñen a media de alumnado de novo ingreso por baixo dos de mínimos esixidos de 20 para másteres, segundo o Decreto 222/2011, aínda que os criterios de singularidade foron modificados e adaptados desde o ano de publicación do decreto.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No caso do Máster de Matemáticas que se imparte na USC hai que ter en conta que é o master de referencia para o acceso ao doutoramento nas áreas de coñecemento nucleares e básicas da titulación de Matemáticas, única no sistema universitario de Galicia tanto público como privado. É por tanto necesario que a sucesión grao-master-doutorado en Matemáticas poida seguir existindo na USC e por tanto en SUG.

Hai que ter en conta que, desde a promulgación do Decreto 222/2011 ata este momento o SUG modificou de maneira significativa a súa estrutura xa que no mesmo xurdiu unha universidade privada (UIE) que imparte tanto titulacións de grao como de mestrado.

A realidade é que a Xunta de Galicia está a establecer situacións diferentes na oferta de titulacións para as institucións publicas con respecto á privada: a universidade privada pon sobre a mesa titulacións que están xa no sistema universitario, como psicoloxía e dereito, sen negociación e acordo coas outras universidades do sistema e, sobre todo neste caso, sen control no número de alumnos de nova matricula, tal e como sucede con públicas.

O máster en matemáticas debe considerarse polas súas características específicas, indispensable para manter a oferta global do sistema universitario tendo un especial interese estratéxico para a formación universitaria en Galicia xa que é a vía natural de acceso á investigación en areas básicas das matemáticas, que están vinculadas a investigadores e liña de investigación de acreditada excelencia e referencia a nivel nacional e internacional. Ademais, aínda que non teñen a acreditación CIGUS debido á súa recente creación, o CITMAGA é un centro de investigación interuniversitario, que é a continuación do IMATI, centro de referencia internacional de transferencia nas áreas das matemáticas, e do Instituto Universitario de Matemáticas da USC.

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, e co fin de non introducir un agravio comparativo coas universidades privadas existentes actualmente no SUG é necesario de forma inmediata manter o máster en matemáticas e a medio prazo elaborar un novo decreto de titulacións do SUG, que xa produciu importantes problema en titulacións de campus periféricos (particularmente no campus de Lugo), e cuxa aplicación foi suspendida pola Xunta de Galicia no ano 2023 por razóns electoralísticas polas eleccións autonómicas de 2024.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como xustifica a Xunta de Galicia que se deixe de impartir o único máster en Matemáticas que existe no Sistema Universitario de Galicia?

2. Que criterios utiliza a Xunta de Galicia para a permanencia dos títulos oficiais que se imparten na Universidade Privada do SUG? Realiza o seguimento da matrícula neses títulos?

3. Que razóns ten a Xunta de Galicia para non modificar o decreto 222/2011 ante a distinta estrutura actual do SUG e o evidente distinta rapadoira e criterio que se aplican ás universidade publicas e privada?

Santiago de Compostela, a 28 de maio do 2025

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 28/05/2025 17:06:39**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Silvia Longueira Castro na data 28/05/2025 17:06:49**

**Patricia Iglesias Rey na data 28/05/2025 17:06:58**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 17:24:39
Nº Rexistro: 26494
Data envío: 28/05/2025 17:24:39.070

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á participación activa do Goberno galego na modernización e reconversión da planta de reciclaxe de Servia, no concello de Lousame.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A planta de reciclaxe de Servia, no municipio de Lousame, foi un referente galego e estatal na recuperación de residuos durante anos. Se atendemos aos datos oficiais do Ministerio de Transición Ecolóxica correspondentes ao ano 2018, a recuperación de quilogramos de material por cada habitante ao ano era de 51,1, cando en Sogama eran 13,1. En porcentaxes, nese exercicio, e segundo os mesmos datos oficiais do MITECO, a recuperación na planta de Lousame era de case 36% (non tan lonxe do obxectivo do 50% marcado pola normativa para este ano 2025), por só 3,16% da planta de Sogama, que prioriza o que desde o Goberno galego se cualifica como valorización, que na práctica non é outra cousa que a incineración.

Pois ben, por aquel entón, e cun modelo de referencia, o BNG insistiu en moitas ocasións na necesidade de abordar unha modernización do servizo, implicando ás diferentes administracións, incluída a Xunta de Galiza, para mellorar se cabe a xestión dos residuos na planta de Lousame, nun proceso que debería ter acabado nunha nova licitación.

Mais a realidade foi ben diferente, nin as sucesivas presidencias da Mancomunidade Serra do Barbanza tomaron en serio a necesidade de desenvolver o

Asinado o día 28/05/2025 ás 17:23
Por Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 17:24:39
Nº Rexistro: 26494
Data envio: 28/05/2025 17:24:39.070

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

proceso de modernización da planta e de licitación, nin a Xunta de Galiza amosou o máis mínimo interese en apoiar un modelo recoñecido a nivel estatal. O resultado é por todos coñecido, unha planta que cada vez fica máis obsoleta, unha recuperación de residuos que cada vez é máis difícil de levar adiante, e máis de 125 empregos, máis de 125 familias, agardando por solucións por parte dunhas administracións que nin están, nin se lles agarda.

Con todo, non vale a resignación, a situación debe mudar e o propio Comité de Empresa da planta de Servia é quen está a demostrar, como sempre, ter maior responsabilidade que as administracións. A representación do persoal desta planta require a constitución dunha Mesa de traballo, onde estean todas as partes interesadas, especialmente o propio Comité de Empresa, a Mancomunidade e a Xunta de Galiza. Con esta Mesa, os e as traballadoras da planta de Servia teñen a intención de que se estuden as posibilidades de modernización e reconversión da planta para que a reciclaxe descentralizada e os empregos teñan futuro.

A situación non é sinxela, a planta, froito da mala xestión da propia Mancomunidade Serra do Barbanza, mais tamén do abandono doutras administracións, nomeadamente a Xunta da Galiza, conta cunha importante débeda e unhas instalacións obsoletas. Con todo, é preciso que as administracións sexan conscientes da potencialidade deste centro de traballo para reconverterse e volver ser un modelo de referencia.

A súa situación estratéxica e o seu propio capital humano converten a planta de Servia nun complexo que debe ser aproveitado para ser dotado de novos servizos, a través de investimentos dos que tamén debe participar o Goberno galego, para así volver servir ao país e aos concellos no obxectivo dun modelo de reciclaxe de proximidade e que xera emprego nunha contorna que, ademais, xa atravesa unha difícil situación.



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 17:24:39
Nº Rexistro: 26494
Data envio: 28/05/2025 17:24:39.070

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En máis de 20 anos de funcionamento da planta e dun modelo pioneiro no país, a Xunta de Galiza só foi quen de achegar, no ano 2010, unha partida de 100.000 euros para adquirir os terreos necesarios que lle permitiran á Mancomunidade continuar coa actividade. Agás esa operación, coñecida como a ‘compra do polvorín’, o Goberno galego unicamente amosou desleixo e desconsideración coa planta de Lousame, sen achegar un só euro a través das súas contas para colaborar no bo funcionamento dun modelo que atendía á poboación de nove concellos.

Mais ese episodio do 2010 evidencia que, por máis que se negue unha e outra vez, que a Xunta de Galiza non só pode senón que debe actuar cando unha entidade destas características, prestadora dun servizo básico para os cidadáns e cidadás, pasa por momentos complicados, e agora é un deles no que os nove concellos que tratan os seus residuos na planta de Lousame e os seus veciños e veciñas agardan responsabilidade por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación pola que atravesa a planta de reciclaxe de Servia, situada no concello de Lousame?

. Considera que a situación actual pode reverterse procurando manter os postos de traballo?

. É coñecedor da proposta do Comité de Empresa para tratar de buscar a mellor alternativa para a viabilidade da planta e o mantemento dos postos de traballo da mesma?



CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Está disposta a Xunta de Galiza a atender a proposta do Comité de Empresa da planta e participar da Mesa de traballo que debe explorar as vías de modernización e reconversión da mesma?

. Está disposta a colaborar nun plan de investimentos que permita a súa actualización e reflotamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 17:24:39
Nº Rexistro: 26494
Data envio: 28/05/2025 17:24:39.070

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/05/2025 17:23:08

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 17:24:39
Nº Rexistro: 26494
Data envio: 28/05/2025 17:24:39.070

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 17:24:39**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# PREGUNTAS DA CIDADANÍA

| DATOS DA PERSOA FÍSICA/RAZÓNS SOCIAL DA PERSOA XURÍDICA | | | |
|---|---|---|---|
| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| MARTIN | ALVAREZ | GONZALEZ | |

| NOME DA VÍA | NUM | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|
| QUINTAIROS 11 AMOROCE CELANOVA | 11 | | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| 32800 | OURENSE | CELANOVA | AMOROCIÑA |

| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| 661926549 | martinalvarezgonzalez@yahoo.es |

**REPRESENTACIÓN DA PERSOA XURÍDICA** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF | TIPO DE REPRESENTACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

**DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Medio de notificación preferente

(●) **Electrónica** a través do enderezo da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada

( ) **Postal** (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)

| NOME DA VÍA | NUM | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|
| | | | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 28/05/2025 22:25:20

**Resumo sucinto da iniciativa:** AL DIRECTOR XERAL JOSE MARIA BARREIRO DIAZ SE LE TRASLADAN PREGUNTAS A CUENTA DE LA LA IRREGULARIDAD Y ABUSO DEL CARGO QUE DEJA VER LA ASOCIACION PROFESIONAL DE LETRADOS DE LA XUNTA DE GALICIA USANDO INSTALACIONES Y MEDIOS PARA ACTIVIDADES PRIVADAS SIN AUTORIZACION ALGUNA.

**MOTIVACIÓN (OPCIONAL):** LA CUESTION LA DESTAPAN DETERMINADOS FUNCIONARIOS QUE SEÑALAN EL COMPORTAMIENTO REPROCHABLE DE LA DIPUTADA PATRICIA IGLESIAS REY Y EL USO INDEBIDO DE LAS INSTALACIONES PUBLICAS DE SAN CAETANO
HILA CON LA SITUACION DE ANUENCIAN QUE DESTAPA LA INSTRUMENTALIZACION DE LA JUEZA PAULA GONZALEZ DEL JUZGADO DE XINZO DE LIMIA-OURENSE

**Documentación que se achega:**

- [X] Texto da pregunta
- [X] Certificación da inscrición no censo electoral das persoas físicas preguntantes
- [ ] Acreditación da representación legal

- [X] A persoa asinante declara que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

O **Parlamento de Galicia** é o **responsable** destes datos. A **finalidade** do tratamento é a de prestar un **servizo na Sede electrónica** da institución, **lexitimada** pola **normativa** aplicable. **Destinatarios**: non existen cesións de datos. As/os solicitantes poderán exercer os seus **dereitos** previstos na lei, mediante un formulario a través da páxina Web: http://www.parlamentodegalicia.gal/Portada/ProteccionDatos na que dispoñen de **información adicional.**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**ISLACIÓN APLICABLE**

ılamento do Parlamento de Galicia e normativa de desenvolvemento (art. 152 a 157)
'/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia (art. 17)

| SINATURA DA PERSOA FÍSICA OU REPRESENTANTE DA PERSOA XURÍDICA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| Lugar e data | | | | | | |
| Santiago de Compostela | , | 28 | de | Maio | de | 2025 |

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 28/05/2025 22:25:20

Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26500
Data envio: 28/05/2025 22:25:50.291

AL PARLAMENTO DE GALICIA

ANTECEDENTEDS:

EL director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, Jose María Barreiro Díaz compone una figura para dar cobertura a diferentes irregularidades que identifican funcionarios de la XUNTA DE GALICIA.

Tanto desde SIMPLIFICACION ADMINISTRATIVA como desde el DEPARTAMENTO DE QUEJAS como desde el CANAL DE INTEGRIDAD INSTTUCIONAL.

En suma, se convierte en OBJETO DE SATIRA al hacer "humor gráfico" desde el ROL QUE JUEGA y en símil con obras en el mercado que apuntan a corrupción.

Dibujos y otros actos toman revelación publica junto con CARICATURAS al texto de "O BARREIRO, COARENTA ANOS DE CORRUPCION" recordando la obra "O FANGO.... de don BALTASAR GARZON.

La ultima andanza la firma a razón de " A Asociación profesional de letrados de la Xunta de Galicia....

Reconociendo un ABUSO de los LETRADOS DE LA XUNTA DE GALICIA ".... é una asociación de natureza privada .....A Administración xeral da Xunta de Galicia non concedeu ninguna subvención pública á devandita asociación....2. A actividade da asociación desenvólvese esencialmente por vía telemática, polo que non existe ningún convenio para a ocupación de espazos...."

**PREGUNTAS PARLAMENTARIAS AL DIRECTOR XERAL DE SIMPLIFICACION ADMINISTRATIVA**

Por lo expuesto, oportuna PREGUNTAR a través de la MESA DEL PARLAMENTO GALLEGO lo siguiente:

-Cómo es posible que la XUNTA DE GALICIA se preste para dejar operar a una mercantil usando espacio y recursos de la administración gallega, sin autorización alguna.

-Cómo es posible que la diputada -socialista- PATRICIA IGLESIAS REY jugando con información que sabe por el cargo de letrada, embarace esta situacion que es propia de "jetas".

-Por qué PATRICIA IGLESIAR REY na da publicidad y transparencia a las ACTAS de REUNION de la ASOCIACION PROFESIONAL DE LETRADOS DE LA XUNTA. Dónde se reúnen.

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 28/05/2025 22:25:20

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/05/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 26500
Data envio: 28/05/2025 22:25:50.291

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

**RESPOSTA Á CIDADANÍA (2025/591712)**

O 2 de marzo de 2025 tivo entrada na Secretaría Xeral da Técnica e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública, unha solicitude a través do procedemento para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non conten cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (PR004A), que quedou rexistrada co número 2025/591712.

A persoa interesada solicita o seguinte:

*-CONVENIO entre la Asoc Profesional De Letrados De La Xunta de Galicia" con sede en SAN CAETANO, EDIFICIO ADTVO 15700, SANTIAGO DE COMPOSTELA, LA CORUÑA y CIF G15448673 y la ADMINISTRACIÓN GALLEGA para la ocupación de espacio en EDIFICIO ADMINISTRATIVO.*

*-JUNTA DIRECTIVA DE LA ENTIDAD*

*-GASTOS E INGRESOS AÑO 2021 2024 y retribuciones percibidas por los asociados por la realización de actividades, mismos años.*

*-SUBVENCIONES RECIBIDAS por el ENTE en los años 2021 2024*

*-MEMORIA DE ACTIVIDAD ECONOMICA -COMTIE ETICO XUNTA DE GALICIA- AÑOS 2021 2024*

No que se refire á suposta infradiagnose da que falan na segunda pregunta, cabe sinalar que a Enfermidade de Aujeszky é unha patoloxía que conta cun programa de control oficial desde fai máis de 30 anos en Galicia, en concreto xa o Real Decreto 245/1995, de 17 de febreiro, polo que se establece o programa coordinado de loita, control e erradicación desta enfermidade, establecía a obriga de realización de controis serolóxicos nos porcinos, como condición necesaria para a cualificación sanitaria e a realización de movementos de animais porcinos entre as explotacións.

Na data actual en Galicia lévanse a cabo os controis e probas sanitarias determinadas no vixente Real Decreto 360/2009, de 23 de maio, polo que se establecen as bases do programa de loita, control e erradicación da enfermidade de Aujeszky, que se realizan tanto en explotacións de tipo industrial como naquelas de tipo reducido e de acordo cos parámetros epidemiolóxicos indicados no citado real decreto, con tomas de mostras anuais ou cuadrimestrais segundo a cualificación sanitaria das explotacións fronte esta enfermidade (explotación indemne, na que se realiza un programa de vacinación ou oficialmente indemne, naquelas que non realizan programa vacinal).

Existe ademais en porcino doméstico, un programa específico anual de control da vacinación, co fin de detectar fallos nas pautas vacinais nas explotacións.

Non se considera polo tanto que exista unha situación de infradiagnóstico desta enfermidade no gando porcino en Galicia.

Respecto á posible situación de infradiagnóstico na poboación de xabarís, como se detalla na pregunta nº1, en Galicia lévanse a cabo os controis sanitarios asignados a Galicia no marco do Plan Nacional de Vixilancia Sanitaria na Fauna Silvestre, programa elaborado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) en todo o Estado e nos que Galicia cumpre anualmente os obxectivos de mostraxe que se lle son asignado, e nos que, como se detalla na pregunta nº1, estanse a realizar actuacións encamiñadas a incrementar o número de tomas de mostras nesta especie.

Finalmente, cómpre subliñar que co fin de minimizar os riscos sanitarios desta enfermidade no gando porcino doméstico en relación coa vía de transmisión a través dos xabarís silvestres, a Consellería do Medio Rural está a levar a cabo unha serie de medidas como son:

• Non posibilidade de exención da vacinación de Aujeszky naquelas explotacións porcinas nas que os animais teñan acceso ao exterior.

• Execución dun Plan de Control de Bioseguridade nas explotacións porcinas co fin de supervisar o cumprimento da normativa zoosanitaria en vigor e incrementar a

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

bioseguridade das explotacións e especialmente aquelas de tipo extensivo ou ben intensivo con saída dos animais ao exterior.

• Investigación de todos os casos reportados como sospeitosos de Enfermidade de Aujeszky en cans de caza: A este respecto, ante a comunicación dunha sospeita nun can, ademais das probas laboratoriais realizadas sobre o animal afectado, realízase unha vixilancia en todas as explotacións porcinas nun radio a partir da localización do can afectado, da que ata o momento non se constatou a afectación do gando porcino.

Para rematar, a xestión das poboacións naturais de xabaril, coas medidas integrais e orzamento para tal fin é competencia da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, tal e como recolle o artigo 13 do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que reflicte como unha función da dita dirección xeral "a ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2025 09:32:13
Nº Rexistro: 26422
Data envio: 28/05/2025 09:32:13.616

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 28/05/2025 9:32:12

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:17:51
Nº Rexistro: 26290
Data envío: 26/05/2025 11:17:51.184
Data 26/05/2025 11:17

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24006**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Julio Ernesto Abalde Alonso, dona Silvia Longueira Castro e dona María Elena Espinosa Mangana, sobre **"as previsións relativas á posta en servizo da residencia de maiores construída pola Fundación Amancio Ortega en Ferrol, así como á mellora das instalacións das residencias de Laraxe e de Caranza"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Igualdade recepcionou en decembro de 2024 as obras de reforma integral e mellora de instalacións e accesibilidade dos baños na Residencia de Maiores de Laraxe, incluídas dentro do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU" por un importe de 1,1M€.

Durante o ano 2025 acometerase a actualización e adaptación á normativa vixente dos dous ascensores da Residencia de Maiores de Laraxe de maneira progresiva. Dita actuación xa está iniciada coa adxudicación por un importe de 29.139,22€, para renovar o primeiro dos ascensores.

Por último, realizaranse reparacións de impermeabilización no edificio anexo da Residencia de Maiores de Laraxe.

Para a Residencia de Maiores de Caranza está en fase de adxudicación a licitación do servizo de redacción de proxecto básico e de execución, estudo de seguridade e saúde e servizo de obras para as obras de remodelación para a implantación do novo modelo residencial de maiores da Xunta de Galicia, incluído dentro do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU".

A licitación do servizo ten un importe total de licitación con IVE de 214.971,527€ e o seu prazo de execución previsto é de 18 meses.

A implantación dun novo modelo das Residencias de Maiores da Xunta de Galicia na Residencia de Maiores de Caranza conlevará unha intervención en todas as plantas, a ordenación exterior, a reforma da instalación eléctrica e instalación contraincendios, a reforma da envolvente térmica e cubertas, cun importe previsto de 5,2M€.

Con respecto á residencia de maiores que a Fundación Amancio Ortega constrúe na cidade de Ferrol, infórmase o seu estado xa está moi avanzado. Esta residencia, situada no barrio de O Bertón, contará con 120 prazas públicas".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/05/2025 11:17:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:17:51
Nº Rexistro: 26290
Data envio: 26/05/2025 11:17:51.184

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 11:17:50**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:16:25
Nº Rexistro: 26289
Data envio: 26/05/2025 11:16:25.764
Data 26/05/2025 11:16

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24094**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Óscar Insua Lema e don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a situación financeira dos concellos e a execución por parte do Goberno galego das partidas orzamentarias destinadas ao financiamento das entidades locais no exercicio correspondente a 2023"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Galicia foi unha Comunidade Autónoma pioneira cando, no ano 2011, garantiu por lei a participación mínima dos concellos a través do Fondo de Cooperación Local nos orzamentos da Xunta.

O Goberno galego leva anos reclamando reiteradamente ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento autonómico e local, que dea certeza dos recursos cos que pode contar cada administración e que teña en conta as particularidades dos concellos galegos na súa distribución, como os factores demográficos e de dispersión xeográfica.

Salientar que no ano 2025 o Fondo de Cooperación Local ascende a 168 millóns de euros, 10 millóns máis que no 2024.

A suma do Fondo de Cooperación Local e o resto das axudas que o Goberno galego destina ás entidades locais supera neste exercicio os 644 millóns, a cifra máis alta da nosa historia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/05/2025 11:16:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:16:25
Nº Rexistro: 26289
Data envío: 26/05/2025 11:16:25.764

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 11:16:25**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:16:18
Nº Rexistro: 26288
Data envío: 26/05/2025 11:16:18.076
Data 26/05/2025 11:16

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24423**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre **"a situación do sistema de gardas de rotación semanal dos profesionais médicos e forenses do IMELGA e a valoración e previsións que fai a Xunta de Galicia para a súa mellora de acordo coas demandas deste colectivo"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

"Precisamente porque o Goberno galego entende que os médicos forenses realizan unha actividade esencial na Administración de Xustiza é polo que incrementou, no ano 2017, o número de médicos por quenda de garda, en máis dunha subdirección. Coa posibilidade, ademais, de agruparse tres médicos forenses para facer as quendas de 12 horas día/noite con descanso as 12 horas seguintes, os 7 días consecutivo ou por territorios, agrupando varios partidos xudiciais.

A heteroxeneidade das Subdireccións motivou á Administración galega a facer un estudo sobre a situación e a carga de traballo deste colectivo, co fin de actualizar o Decreto de creación do Imelga do ano 2005 ao novo regulamento dos Institutos de Medicina Legal do ano 2023, cuxa tramitación xa se iniciou.

Indicar tamén que o único que trasladou a conveniencia de modificar o sistema de gardas foi o voceiro da Asociación de Médicos Forenses de Galicia, que está a tratar o asunto coa dirección do Imelga".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 26/05/2025 11:16:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/05/2025 11:16:18
Nº Rexistro: 26288
Data envio: 26/05/2025 11:16:18.076

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/05/2025 11:16:17

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26385
Data envio: 27/05/2025 14:22:31.029
Data 27/05/2025 14:22

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 24471**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a regulación, pautas e protocolos que rexerán os futuros CIM móbiles (Centros de Información á Muller), os medios publicos e privados implicados na súa xestión, os criterios de selección do seu persoal e a súa coordinación con outros CIM físicos, así como os criterios e estudos manexados pola Xunta de Galicia para o deseño xeral do servizo, a súa distribución territorial, frecuencias, localizacións e máis os actores consultados, especialmente a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) e o Observatorio Galego da Violencia de Xénero"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Con este novo servizo trátase de poder chegar a aqueles concellos que actualmente contan con este recurso, así como no ámbito universitario.

Para determinar as necesidades a satisfacer con este novo servizo partiuse da experiencia previa da actuación desenvolta por parte da Administración autonómica dende a aprobación do Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, e do posterior Decreto 130/2016, do 15 de setembro, tendo en conta os informes anuais que os máis de 80 CIM actualmente existentes remiten anualmente á Xunta de Galicia.

Ademais, tamén se terá en conta toda a información recibida na escoita activa da fase 1 do Plan integral de actuación para a renovación e impulso dos CIM de Galicia.

A colaboración e coordinación interinsitucional é fundamental para poder prestar unha axeitada atención ás vítimas de violencia de xénero, polo que os CIM móbiles estarán coordinados cos CIM físicos xa existentes así como cos centros de crise para atender todas aquelas necesidades que as vítimas precisen, priorizando sempre a súa vontade e o principio de proximidade, posto que a finalidade dos CIM móbiles é prestar atención directa ás vítimas no seu lugar de residencia evitando desprazamentos e duplicidade de trámites.

No tocante á regulación e ás pautas de funcionamento, os CIM móbiles estarán rexidos polo Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/05/2025 14:22:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26385
Data envio: 27/05/2025 14:22:31.029

Con carácter previo á súa posta en funcionamento, aprobarase unha carta de servizos así como un protocolo de funcionamento e coordinación con outros servizos de atención á vítimas de violencia de xénero, todo elo co obxecto de buscar unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero e sexual".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26385
Data envio: 27/05/2025 14:22:31.029

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 14:22:30**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25199**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona María Carmen Rodríguez Dacosta, dona María Elena Espinosa Mangana e dona Silvia Longueira Castro, sobre **"os datos da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2024 e as estratexias ou os plans que prevé desenvolver o Goberno galego nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"Galicia conta cunha estratexia consensuada por todos os axentes sociais, denominada Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, que se concreta, principalmente, nos plans anuais de actuación do ISSGA, que tamén contan coa participación activa e o consenso dos interlocutores sociais.

Dita estratexia, respecto aos novos escenarios derivados das transicións dixital, demográfica e ecolóxica, contempla medidas para xerar coñecemento técnico para a prevención dos novos riscos e avanzar cara unha protección eficaz a través dunha adecuada xestión dos riscos derivados da nova realidade laboral, incidindo especialmente na prevención dos riscos psicosociais e ergonómicos e abordando temáticas como a xestión da idade, o teletraballo, a desconexión dixital ou os riscos derivados dos cambios ambientais, entre outros.

En concreto, no plan de actuación do ISSGA 2025, recóllense, entre outras, as seguintes actuacións:

• Actuacións no marco do Laboratorio de riscos psicosociais, que foi creado no ano 2024 xunto coa Universidade de Santiago de Compostela como un espazo de traballo especializado na investigación, desenvolvemento e innovación sobre diferentes aspectos relativos á prevención de riscos laborais na procura de mellorar a saúde psicosocial das persoas traballadoras nas organizacións galegas.

• Difusión da Guía Camiñando, desde a prevención ao benestar laboral: riscos psicosociais e saúde no traballo.

• Campañas sobre medidas no teletraballo, uso seguro de dispositivos móbiles, dixitalización e xestión da idade.

• Impulso de programas de promoción da saúde nas pemes mediante a Guía de claves ISSGA: Saúde integral e benestar laboral, para incidir nun traballo que tenda ao benestar físico e emocional e que sexa a base para a creación de empresas seguras e saudables.

• Campaña sobre recomendacións preventivas contra a caída de altura na colocación e mantemento de paneis solares en cuberta.

• Campaña sobre traballo e calor para dar a coñecer os riscos e as medidas preventivas fronte ás elevadas temperaturas.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/05/2025 14:22:22

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26384
Data envio: 27/05/2025 14:22:25.029

A integración da perspectiva de xénero na prevencións dos ricos laborais é un principio fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e a protección da seguridade e saúde no traballo. Esta integración non só é un imperativo ético e legal, senón tamén unha estratexia efectiva para mellorar a seguridade e saúde laboral, debido á evidencia crecente de que os riscos laborais e as patoloxías causadas por eles afectan de maneira desigual aos homes e ás mulleres.

Entre as funcións do ISSGA, está a de promover a efectividade do principio de igualdade entre homes e mulleres, considerando as variables relacionadas co sexo na estatística, o estudo e a investigación dos ricos laborais, co obxecto de detectar e de previr as posibles situacións en que os danos derivados do traballo, poidan aparecer vinculados co sexo das persoas traballadoras. Tamén conta cunha Comisión para a integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais coa participación dos interlocutores sociais.

Destacar tamén todas aquelas campañas dirixidas á protección da maternidade no ámbito laboral e as actuacións prioritarias de información e formación en actividades altamente feminizadas, como poden ser as redeiras e mariscadoras, ás que se lles presta axuda continua para a correcta identificación das enfermidades profesionais relacionadas coa profesión, así como as coidadoras de persoas con dependencia, con formación teórico-práctica sobre técnicas de mobilización de pacientes e sobre a prevención dos riscos biolóxicos e psicosociais, entre outros.

A estratexia mencionada con anterioridade foi o resultado do traballo conxunto das organizacións sindicais e empresarial de Galicia que, presentado como documento inicial un borrador encargado ao ISSGA, foi obxecto das achegas e as melloras que deron cun marco estratéxico consensuado por todos os actores laborais de Galicia, considerándose non só unha estratexia da Xunta de Galicia, senón un documento de todas as organizacións con representatividade das persoas traballadoras e das empresas.

O Goberno galego xa ten dita estratexia como instrumento, a medio prazo, que ordena e contempla seis obxectivos estratéxicos, seis principios informadores que desenvolve a través de liñas de acción e medidas. Esta estratexia logrou un consenso unánime e estase a traballar conxuntamente para a súa execución, principalmente, a través dos plans anuais do ISSGA que tamén se someten a consideración dos axentes sociais.

En canto aos criterios de selección ou actividades produtivas para actuar por parte do ISSGA, destácanse os seguintes: o elevado risco, a alta sinistralidade, a importancia e tradición no noso tecido empresarial e a cantidade de xente ocupada.

Todos os sectores mencionados na iniciativa intégranse, polo tanto, no plan de actuación do ISSGA con campañas específicas. Débese lembrar que tamén hai campañas específicas por parte da Inspección de Traballo e Seguridade Social (ITSS) que, en moitos casos, se desenvolven conxuntamente co persoal técnico do ISSGA.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26384
Data envio: 27/05/2025 14:22:25.029

Algúns exemplos de campañas para este ano 2025 son os seguintes:

• Campaña para a redución dos accidentes por caída de altura en construción e industria.

• Prevención fronte ao esmagamento e cortes nas mans por maquinaria.

• Prevencións de riscos na escada.

• Prevención de riscos laborais no transporte.

• Usos do EPI no posto de traballo no sector forestal.

• Condicións de seguridade dos equipos de traballo, utilización de medios de salvamento e de equipos de protección individual.

Ademais, tal e como apunta, cómpre destacar o afán do Goberno galego levando esta materia ao seo do DSG, sendo un dos aspectos tratados nas xuntanzas deste organismo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 14:22:24**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 25618**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"a execución orzamentaria do ano 2024 e as melloras que prevé impulsar o Goberno galego na execución do actual exercicio e na planificación do ano 2026"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, que ten o seguinte contido:

"O mercado laboral galego continúa avanzando grazas ás políticas activas de emprego que están a ser eficaces para continuar xerando máis e mellor emprego de calidade, tendo como base o Diálogo Social cos principais axentes económicos, cunha asignación de 1 M€ para avanzar sobre o mesmo e máis de 2,2 M€ en axudas a organizacións sindicais e empresariais.

Se atendemos ao núcleo duro do círculo, situaríamos aos demandantes activos de emprego. A nosa aposta a futuro para este colectivo é potenciar a súa empregabilidade e, neste ámbito, son algunhas as medidas que, xunto ao seu orzamento, é importante destacar.

A modernización do SPEG, con preto de 1,6 M€, ademais da implantación da ferramenta EMi nas 54 oficinas de emprego de Galicia, cun orzamento doutro millón de euros, ademais das microformacións como vía para favorecer a empregabilidade das persoas, cun montante de 4,8 M€.

Deste xeito, volveuse reactivar a convocatoria de axudas pioneira destinada especificamente ao financiamento de accións formativas a demanda do tecido produtivo galego e dirixidas a persoas traballadoras ocupadas por valor de 4 M€. Tamén orzamentamos 2 M€ en concepto de Bonos Talento Empresa para a impartición de microcredenciais desde as empresas, dedicando máis de 42,5 M€ neste ano 2025 para a formación de persoas desempregadas e 8 M€ para materia de formación e inserción profesional.

Así mesmo, seguiremos mantendo a colaboración que establecemos cos principais clústeres galegos e asociacións para contribuír á materialización de formacións específicas e de curta duración, cun orzamento de 5 M€ dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para motivar accións formativas que favorezan a reciclaxe profesional e a formación en novas habilidades.

A raíz disto, comprometéronse preto de 6 M€ dentro do Plan de Transición Xusta da Coruña, á Cidade das TIC.

Deste xeito, en formación destínanse arredor de 72 M€ neste ano.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/05/2025 14:22:06

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26383
Data envío: 27/05/2025 14:22:13.123

En relación á colectividade galega do exterior, temos en marcha a Estratexia Galicia Retorna, dotada con 450 M€ para favorecer a volta de 30.000 persoas deica o ano 2026, ofrecéndolles contratacións en orixe e impulsando a súa inserción laboral a través do programa Retorna Cualifica Emprego, mediante o cal prevemos atraer unhas 220 persoas cun orzamento de máis de 2,4 M€.

Neste contexto, dáse pé a un novo programa de axudas á vivenda, no marco do Retorna Cualifica Emprego, aparellado a un orzamento de 2 M€ para a rehabilitación de vivendas, co fin último de favorecer o arraigamento das persoas emigrantes retornadas no territorio galego.

Ademais, lanzouse unha nova edición do Programa Arraigo para a Formación, impulsando a súa capacitación a través de microformacións para cubrir vacantes, cun orzamento de 900.000€.

Deste modo, blindamos un paquete de ferramentas para a captación de talento fóra de Galicia dotado con máis de 3,3 M€.

Así mesmo, seguiremos traballando a prol do colectivo de autónomos e en favor do emprendemento dun xeito ordenado, unificando as axudas do colectivo para reducir a burocracia. Por iso, fíxose un conglomerado de achegas existentes e específicas para este colectivo de persoas autónomas, que superará os 40 M€:

- Programa de promoción do emprego autónomo e cota cero.
- Bono autónomo.
- Programa Nova Oportunidade.
- Bono Remuda xeracional de negocios.
- Axudas para a conciliación das persoas autónomas.

Así e todo, enmárcanse na Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027, que seguirá consagrándose como rexedora das políticas públicas de apoio ao traballo autónomo durante os próximos anos. No seu seo, ata 1 M€ será para novas actuacións, sumando os 1,35 M€ investidos en apoiar ás persoas autónomas na contratación de traballadores por conta allea.

Tamén 350.000€ para fomentar o asociacionismo de persoas autónomas e 250.000€ máis en programas de mentoría para contribuír á sustentabilidade social empresarial e á mellora da competitividade das persoas autónoma de Galicia.

Ademais, a Estratexia Mocidade Activa conta con 20 M€ para mellorar a situación vital das persoas mozas galegas e a súa empregabilidade a través de programas de fomento da contratación:

- Programa Primeira Experiencia Profesional.
- Galicia Emprega Moz@s.

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

• Programa Investigo.

• Programa Cooperas.

• Programa de apoio ao emprendemento a través do talento novo.

Por suposto, seguiremos incentivando a actividade emprendedora a través da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego, cunha dotación de 6,2 M€, ademais da posta en marcha dun Bono de emprendemento cun investimento de 700.000€.

Neste contexto, cómpre ter en conta as axudas ao emprendemento, cuxa convocatoria acadará os 6,8 M€; as achegas para fomentar iniciativas empresariais emprendedoras e innovadoras, dotada con 588.500€ e as axudas para impulsar iniciativas empresariais xeradoras de emprego, con 500.000€.

Isto é, falamos de máis de 14,5 M€ en concepto de favorecer, por todas as canles posibles, a actividade emprendedora.

Cómpre destacar a activación do Centro de Orientación ao Emprendemento, comportando 700.000€ para financiar a actividade normal desta nova entidade. Ao abeiro da Rede de Polos tamén continuamos co compromiso co rural, tendo en conta o proxecto piloto Fixar, cun orzamento de 120.000€.

En conxunto, as iniciativas activas en favor do desenvolvemento rural no ámbito rural comportarán máis de 80 M€.

Un total de 44,8 M€ serán dirixidos para todas as actuacións encamiñadas a favorecer o eido da Economía Social e do cooperativismo na nosa comunidade, o que supón un 2,8% máis que no exercicio anterior.

Así mesmo, continuaremos avanzando no fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres no eido laboral e no impulso á presenza feminina en sectores profesionais tradicionalmente masculinizados:

• Axudas á contratación de mulleres en ocupacións tradicionalmente masculinizadas.

• Achegas destinadas a empresas para favorecer a conciliación en materia de igualdade laboral.

• Plataforma virtual Iqual Campus.

• Medidas contra a fenda salarial.

En canto ao sector comercial, configurouse o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030 e tamén se abordan retos como a transformación dixital, a innovación, a remuda xeracional e a modernización do sector comercial e artesanal desde unha perspectiva conxunta:

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

• Axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal.

• As actuacións para o desenvolvemento de plans formativos para o sector comercial galego.

Ademais, o Mapa do Comercio de Galicia, unha ferramenta que contemplará a todo o sector comercial, terá un orzamento dun millón de euros. Tamén impulsaremos as prazas de abastos, fomentando a súa certificación como Mercados Excelentes, a través dun orzamento de 6,8 M€.

Neste importe inclúese o millón de euros destinado na posta en servizo da Praza de Abastos n.º 1 de Ourense, ademais de 800.000€ para a creación dunha nova Praza de Abastos en Ponteareas.

A maiores, hai comportados 300.000€ para potenciar os recintos feirais en colaboración e coordinación cos axentes implicados e co tecido empresarial.

Incrementaremos esforzos na dinamización comercial co desenvolvemento de proxectos piloto de dinamización, Vilas Vivas, cun orzamento de 1,2 M€, ademais de seguir apoiando ao comercio local co Bono Activa Comercio, dotado con 5 M€.

No eido do sector artesanal, a Fundación Pública Artesanía de Galicia conta con 1,2 M€ para desenvolver a súa actuación. Asemade, investiremos 265.000€ para continuar fomentando as axudas para o fomento da comercialización da artesanía.

Por último e no eido da emigración, a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026 procura funcionar como mecanismo para a inserción daqueles galegos que volven á nosa comunidade. No marco do Retorna Cualifica Emprego, un millón de euros irán destinados á rehabilitación de vivendas, ademais de destacar as axudas para o fomento do autoemprego e a súa actividade emprendedora dos emigrantes retornados, cun millón de euros.

As achegas extraordinarias ao retorno increméntanse nun 15 %, chegando ata os 2,3 M€; as Bolsas BEME alcanzan os 2,75 M€; o esforzo inversor en materia das actuacións derivadas da Lei de galeguidade cun 3,2 M€; 4 Me para as axudas económicas individuais e de emerxencia social para residentes no exterior. Por suposto, continuamos mantendo as axudas destinadas a todas as entidades galegas no exterior, con case 2,6 M€, sen esquecernos dos 660.000€ destinados a axudas para a conservación do seu patrimonio e a adquisición de equipamentos.

Para rematar, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia conta un total de 7,8 M€ -medrando un 3% máis-, tendo en conta o orzamento comportado para as axudas en materia de prevención de riscos laborais, que supera os 2,9 M€.

Así mesmo, destínanse ata 7,4 M€ ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia e 1,4 M€ ás accións do Consello Galego de Relacións Laborais".

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26383
Data envio: 27/05/2025 14:22:13.123

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 26383
Data envio: 27/05/2025 14:22:13.123

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/05/2025 14:22:11**

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-MKaiATSeu-1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/